


Letras Galegas

maria marino carou

2007

UNIDADE DIDÁCTICA EDUCACIÓN SECUNDARIA



XUNTA DE GALICIA

Letras Galegas

Maria Marino Carou

2007

UNIDADE DIDÁCTICA EDUCACIÓN SECUNDARIA

EDITA
XUNTA DE GALICIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

TEXTOS
Marga do Val
Isabel Suárez Fernández

ILUSTRACIÓN DA PORTADA
IES de Poio (Pontevedra)

REALIZA
Difux, SL

DEPÓSITO LEGAL C-1314-2007

©2007 Xunta de Galicia



Índice

5	PRÓLOGO
7	INTRODUCCIÓN
9	CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO
11.	ACHEGA Á SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DE PRINCIPIOS DE SÉCULO A TRAVÉS DA HISTORIA SOCIAL DA LINGUA
13	ANÁLISE EMPÍRICA DA SITUACIÓN DA LINGUA GALEGA DE PRINCIPIOS DE SÉCULO AOS NOSOS DÍAS
19	A IDENTIDADE DE MARÍA MARIÑO
21	PERFIL BIOGRÁFICO
25	MARÍA MARIÑO: A FLOR DAS RAPARIGAS EN SOMBRA
28	MARÍA MARIÑO DESDE A PALABRA SILENCIADA
31	A CRÍTICA E MARÍA MARIÑO
34	MARÍA MARIÑO NO RONSEL DAS ESCRITORAS GALEGAS
37	OS OFICIOS DE MARÍA MARIÑO
37	MARÍA MARIÑO E O OFICIO DE COSTUREIRA
42	MARÍA MARIÑO E O OFICIO DE ESCRITORA
47	AS OBRAS DE MARÍA MARIÑO
49	A LINGUA POÉTICA DE MARÍA MARIÑO
51	POETAS AO REDOR DE MARÍA MARIÑO
53	ANA ROMANÍ
54	CARLOS SOLLA





maría mariño carou

56	ENMA COUCEIRO
57	MARICA CAMPO
58	MARTÍN VEIGA
59	PAULINO VÁZQUEZ
60	XABIER CORDAL
61	XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ CÁCCAMO
62	YOLANDA CASTAÑO
63	MARÍA MARIÑO NAS “LETRAS DE FÓRA”: HEIDI KÜHN-BODE
69	POEMAS CON MARÍA MARIÑO
71	POETAS QUE REIVINDICARON A MARÍA MARIÑO
72	POETAS DA XERACIÓN DO 36, COMPAÑEIRAS DE MARÍA MARIÑO
74	POETAS CON QUEN CONVERSAMOS
77	POETAS QUE XURDIRON NA CONVERSA
78	DOUTRAS LITERATURAS
80	NOVOS POEMAS
83	ANTOLOXÍA DE MARÍA MARIÑO
85	PALABRA NO TEMPO
92	VERBA QUE COMENZA
101	BIOGRAFÍA CRONOLÓXICA DE MARÍA MARIÑO
121	BIBLIOGRAFÍA
125	ACTIVIDADES XERAIS



Prólogo

Desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística, saudamos esta nova ocasión para nos dirixir aos centros de ensino e proporcionarlles materiais que poidan non só axudar a difundir a obra de María Mariño, a escritora de lúcidos e suxestivos poemas polos que a Real Academia Galega decide dedicarlle o Día das Letras Galegas do ano 2007, senón fundamentalmente contribuír a unha reflexión colectiva sobre a situación da lingua galega entre a xente máis nova e, dun xeito moi particular, entre as nenas e as rapazas, para estas abriren as fiestras ao particular mundo que as nosas poetas, a nosa literatura e o noso idioma lles ofrecen.

O ano 2007 é o ano en que un novo decreto para a promoción do galego no ensino pretende estender os usos da nosa lingua e convertela no idioma propio, no dos xogos e das relacións afectivas, no da escola e no da casa, no do tempo de lecer e o do traballo, no da lectura e o da escritura. Debe tamén ser, desde a nosa perspectiva, o ano dun renovado compromiso co galego, dun gran pacto social que nos vincule como pobo e que lles dea solidez e coherencia ás propostas que desde as administracións se articulan e que teñen no seu cerne o mundo do ensino, un espazo privilexiado para a transmisión xeracional do idioma ao que debemos dotar das ferramentas necesarias para se constituír no referente central do proceso de recuperación de usos para a lingua galega.

Agardamos que esta proposta, que se acrecenta a outras que esta secretaría impulsou nos últimos meses (o inicio dun proceso de dinamización dos equipos de normalización lingüística no que investiremos importantes esforzos e recursos económicos e materiais ou a convocatoria de premios que estimulen unha maior implicación da comunidade escolar na normalización lingüística do galego), cunha importante mudanza de contidos, e de orientación, sexa do voso agrado e coadruce a crear ese necesario clima de viveza, de intensidade, de creatividade e de paixón arredor de todo aquilo que poida xerar complicitades e esforzos na (re)construción do noso principal sinal de identidade.

Por último, agradecemos o esforzo das dúas autoras, Isabel Suárez Fernández e Marga do Val, en contribuír a este cambio de perspectiva co que queremos iniciar unha singradura en que todas e todos debemos participar e cuxo ronsel, a través das palabras da nosa poeta, serve para mellor iluminarmos o camiño desta viaxe sen retorno cara a un fundamente arelado reencontro lingüístico colectivo.

Compostela, abril de 2007
Marisol López Martínez

Introdución

María Mariño Carou é a escritora á que a Real Academia Galega decidiu, no ano 2006, dedicarlle o Día das Letras Galegas 2007, cando se cumpre o centenario do seu nacemento. A escritora nacida en Noia representa, desde unha perspectiva de xénero, a loita por fuxir do determinismo social ao que estaría obrigada por ser muller. María Mariño, a estraña, que nos chega envolta na néboa que integrou na súa poética, non sería tan estraña nin tan rara se coñecésemos a historia de tantas e tantas mulleres que contribuíron co seu labor ao desenvolvemento do mundo. Tampouco sería tan estraña se na época que lle tocou vivir á muller puidese gozar de maior independencia e, desde logo, se a súa orixe non fose humilde. María Mariño Carou, a modista en Noia, a lectora da biblioteca do pazo de Goiás, a emigrante a Euskadi que fai andar a máquina de coser, a que se entrega ao ensino das primeiras letras nun parvulario en Escarabote, a muller do mestre, a nai que ve os seus anhelos fanados coa perda do fillo, a mestra nas enfermidades do seu home, a amiga de Uxío Novoneyra, a escritora, a poeta. María Mariño, que lle dá voltas á lingua, que a retorce, a dinamiteira da fala. María Mariño e a perda do mar, ese veleiro que naufragou nos montes do Courel, a que pasou a marola. A poeta, que é filla e sente o amor na tunda da nai, que descobre o mundo dos furados, que percorre a paisaxe como unha pingueira da chuva, que se funde na terra. Cantas mulleres hai na vida de María Mariño, cantas en todos os seus eus, nese eu multiplicado, que loita para ser. Ela é no papel, na súa escrita. A viaxe rematou. Vemos a súa fotografía co sorriso nos beizos e oxalá que sexamos capaces de entrar pola porta do seu rostro e caer na obra, na casa que construíu, na palabra lúcida.

Entrar pola porta e non quedarmos nos datos biográficos, só na imaxe, entrar e deixarnos levar polos poemas, para aceptar que a historia das mulleres é a historia. Por iso, o obxectivo destas páxinas que seguen é mostrar a María Mariño no mundo de hoxe e intentar comprender o que lle tocou vivir como muller, como galega e como escritora, quizais tres vértices que poden conformar o triángulo dunha tripla marxinación.

Primeiro, ofrecemos a realidade sociolingüística do século pasado, para detérmolos nunha visión máis demorada na relación entre lingua e xénero, para continuar coa identidade de María Mariño. Queríamos oír voces, desexabamos esta polifonía que nos leve á descuberta de María Mariño con opinións diferentes, persoas que entraron pola porta no interior da casa da súa obra. Queríamos que a voz destas persoas nos fosen enchendo de vida o retrato robot que coñecemos. Partimos dun perfil biográfico realizado por Xerardo Agrafoxo. Logo, ofrecemos un material inédito que consiste en entrevistas co propio Xerardo Agrafoxo, con Manuel Forcadela, María Xosé Queizán, Carmen Blanco e Pilar García Negro. Esta polifonía de voces non só nos conecta con María Mariño, invítanos a unha reflexión poliédrica. Detémonos no oficio de costureira e no de escritora desde a mesma perspectiva de xénero que focaliza todo o traballo que vos propoñemos. Despois de ofrecer os datos máis relevantes da súa obra, dámoslles voz a poetas de hoxe que nos contestan unha serie de preguntas e que nos transmiten o seu diálogo poético coa obra da autora, ben desde a lectura, ben desde a creación: Ana Romaní, Carlos Solla, Emma Couceiro, Marica Campo, Martín Veiga, Paulino Vázquez, Xabier Cordal, Xosé María Álvarez Cáccamo e Yolanda Castaño. Finalmente, nunha conversa coa escritora Heidi Kühn-Bode, dámoslle entrada á reflexión sobre a tradución, nunha pequena homenaxe á *Revista Nós* e á súa sección “Letras de Fóra”, Heidi

Kühn léganos o primeiro poema de María Mariño traducido ao alemán. Séguelle a este punto, “Poemas ao redor de María Mariño”, poemas escollidos por que neles hai unha alusión á poeta, por estaren escritos por escritoras da súa xeración, por poetas que a comprenderon ou por poetas que saíron nas conversas, aínda que pertencen a literaturas estranxeiras; neste caso, ofrecemos os poemas na lingua orixinal e na súa versión en galego e, finalmente, poemas dos nosos interlocutores e interlocutoras. Segue unha antoloxía de María Mariño, acompañada como en cada punto por múltiples actividades que, neste caso, dirixen a lectura e provocan a reflexión literaria e lingüística. Unha cronoloxía é o punto final no que se conxugan os temas que consideramos máis importantes: aspectos biográficos de María Mariño, acontecementos históricos, historia da muller e referencias literarias, que lle poden fornecer ao alumnado novos datos que, sobre todo, contribúan á visibilidade da muller.

Un punto de actividades para diferentes departamentos nas que, a través das TIC e da autoaprendizaxe, se poida contribuír a que ese triángulo da tripla marxinação —ser muller, ser galega e ser escritora— deixe de existir.

Agardamos que este material sexa de utilidade e que na bibliografía final sobre María Mariño o alumnado de secundaria poida ir engadindo máis obras e máis estudos sobre esta poeta vangardista.

Agradecemos de maneira moi especial a axuda de todas as persoas que quixeron colaborar coas súas respostas, xa que sen elas sería imposible coser este traxe. Tamén lle damos as grazas á Biblioteca Virtual Galega que nos permitiu utilizar imaxes de autoras e autores, a todos os escritores e escritoras que nos ofreceron a súa fotografía e aos fotógrafos e fotógrafas que lles fixeron os retratos, a Milucho Romero polas fotografías do Courel, a Ana Romaní e a Visitación Vila García que, por querer honrar a súa veciña e amiga, gardaron para a historia de Galicia un anaco de historia dunha muller nas fotografías.

Agradecemoslle ao alumnado de 1.º de ESO, do Instituto San Paio de Tui que, despois de estudar poemas de María Mariño, e dirixidos polo seu profesor de debuxo, o pintor Xulio García Rivas, nos entregaron ilustracións coas que acompañamos o traballo, que teñen como obxectivo invitarvos a seguir debuxando máis poemas.

Agradecemoslles a todas as persoas, institucións e publicacións que reivindicaron a obra de María Mariño e que conseguiron que o Día das Letras 2007 nos obrigue a moitas descubertas.

Convidámosvos a que coñezades Noia e o Courel, ou a que os visitedes de novo, e que os poemas de María Mariño vos presenten en Noia os de Avilés de Taramancos, os de Ana Romaní, os de Martín Veiga e que, despois, subades ao Pía Paxaro e, desde alí, descubrades o cumio dos poemas da poeta e que ela vos leve da man polas historias de Fole, a musicalidade poética de Eduardo Moreiras e os eidos de Novoneyra.

Isabel Suárez Fernández

Marga do Val

O CONTEXTO
SOCIOLINGÜÍSTICO:
DE 1900 ATA HOXE

Letras Galegas
Maria Marino Carou
2007

1.1. Achega á situación sociolingüística de principios de século a través da historia social da lingua

Durante a época en que viviu María Mariño, a estrutura social de Galicia experimentou cambios moi importantes que influirían de maneira decisiva na nosa futura situación sociolingüística. A principios do século XX, a gran maioría da poboación era galegofalante monolingüe (preto do 90%, segundo a RAG, 1995), asentábase no hábitat rural e traballaba no sector primario que, no interior, consistía en explotacións agrícolas familiares e, na costa, no aproveitamento dos recursos da pesca.

CADRO 1. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN GALEGA

ANO	CIDADE	VILA	ALDEA	POBOACIÓN TOTAL
1900	6,6%	4,7%	88,7%	1.980.515
1910	7,0%	4,8%	88,2%	2.063.589
1920	7,8%	5,7%	86,5%	2.124.244
1930	8,9%	6,7%	84,4%	2.230.281
1940	10,4%	7,7%	81,9%	2.495.860

Fonte: Bermejo 1980:223; Barreiro 1984: IV, 23, Monteagudo, 1999: 328

A introdución das primeiras industrias nas cidades e vilas (nos sectores conserveiro, que empregaba fundamentalmente man de obra feminina, no da construción naval, na minería e na electricidade), xunto coa aparición dos servizos de ocio ligados ao turismo de baños (Sanxenxo, A Toxa, Mondariz, etc.), ocasionaron un crecemento lento, pero continuo, da poboación asentada nos hábitats urbano e vilego (entre 1900 e 1940, a proporción de habitantes en vilas e cidades pasou do 11,3% ao 18,10%), o que deu comezo á urbanización da sociedade galega.

Nese contexto de migración campo-cidade de campesiños convertidos en obreiros e criados, o rexeitamento do galego foi empregado como un elemento de distinción que fortalecía as distancias sociais e reforzaba o status de burguesía urbana nativa. Isto explica a rapidez coa que se consolidou o proceso de substitución lingüística:

los que como yo estamos al fin de la vida recordamos bien que en nuestra juventud el dominio del habla gallega era total en Galicia. No se la arrojaba de los suburbios de las poblaciones al interior del campo (Murguía, 1907).

As impresións do viaxeiro Georges Borrow reforzan a idea de que antes da metade do século XIX, o galego aínda era a lingua 'ambiental' do medio urbano galego (Monteagudo, 1999: 231).

Neste sentido, o propio Murguía cuantificou en cincuenta anos o prazo no que as clases urbanas acomodadas cambiaran de lingua (Monteagudo, 1999:335). Como sinalou Ninyoles en relación coa substitución do catalán en Valencia:

Foi un proceso de selección e regulación no que un grupo ben definido tentaba reforzar a súa posición dirixente, de privilexio, adoptando un sistema 'sagrado' peculiar e distanciándose, deste modo, das restantes camadas sociais. Todo isto consistiu na apropiación dunha lingua que, precisamente en tanto que estraña, resultaba útil a aquel propósito (Ninyoles, 2005: 135).

O cambio de lingua pasou a ser o instrumento imprescindible para medrar no urbano emerxente. A ideoloxía lingüística construída polas clases dominantes lexitimou a discriminación e naturalizou a substitución lingüística:

Hablar en castellano ha llegado a ser entre nosotros no ya condición de buen tono y una señal inequívoca de distinción, sino una regla de elemental urbanidad: resígnase a no pertenecer al gremio de las personas decentes quien no le presta acatamiento (García Blanco, 1912).

No contradiscurso dos galeguistas reflectiuse a preocupación por esa situación, polo efecto de imitación que provocaba o rexeitamento e pola maior tendencia que amosaban as mulleres a imitar os usos lingüísticos de prestixio (Sanmartín, 2002):

[o galego] xa non se usa senón entre as xentes obreiras (García Blanco, 1912).

Os homes de cartos da nosa terra ó facérense cultos, trocaban a y-alma propia por unha alma allea, a que lles donaba o castelán, afondándose o abismo xenerador do divorcio entre os verdadeiros galegos, os incultos, e os que créndose galegos deixaban de selo pra seren homes sen patria avergoñados da súa natureza, a que acababan por disimulare, recoñecéndose eisí inferiores e cativos (Vilar Ponte, 1918).

D'un modo particulare, entre as donas (nas que toda cousa sin peso e mail-a cursilería teñen achego) e custión de non resistir a mais pequena oposición a este prexuício. ¿Non son inconciliabres a fealdade e a fermosura, a tosquedade e a sinxeleza, a sosainidade e a gracia? ¿Non deixarían de ser bonitas, feituquiñas, graciosas a dona distinta, a pálida señoriña artesana, moza obreira, se d'elas se sospeitase que falaban en galego? E pra facere entender que o non usan ien que ridículo se poñen, en que mexericadas caen a miudo! Estrano é que non bafen o snobismo, nin rebaixe os atractivos e gracias das nosas fermosas mulleres a grande imperfeición con que adoitan falar o castelán, e que os lixen co'esas doces cadenzas, esas espresivas infleisiós, esas finas tonalidades que dan â lingua musical de Rosalía Castro carácter tan oposto â recia e monótona da lingua oficial (García Blanco, 1917).

A teoría sociolingüística achega sobradas evidencias da maior tendencia das mulleres a utilizar formas da lingua estándar e a adoptar os patróns lingüísticos de prestixio. Ao teren un status social máis débil que os homes, teñen máis presión polos elementos simbólicos de prestixio (a aparencia física, a corrección lingüística, e, en xeral, os comportamentos normativos). Esta tendencia é especialmente acusada entre as mulleres pequeno burguesas:

A intensidade particular da inseguridade e a ansiedade en materia lingüística (como en materia de cosmética ou de estética) entre as mulleres da pequena burguesía hai que comprendela tamén dentro da mesma lóxica:

condenadas pola división do traballo entre os sexos a esperar o ascenso social das súas capacidades de produción e de consumo simbólicos, estas mulleres tenden aínda máis a inverter na adquisición de competencias lexítimas (traducido de Bourdieu, 1985:57).

O descoñecemento destas pautas sociolóxicas provocou a incompreensión e, mesmo, a crítica manifesta do comportamento lingüístico das mulleres por parte dalgúns galeguistas. Como exemplo, este texto do escritor García Barros, que descubrimos a través da lectura de Sanmartín (2002:101):

Vexamos antes porque non-o adoitan: En primeiro lugar porque imposto o castelán e tendo que utelizarse oficialmente, a muller, sempre da banda do que impera, cree has-tra de bo tono o adoitado. En segundo, que vexetando n'un ambiente castelanizado, anque sinta agarimo pol-a fala nativa, ve nas suas relacións poucos exemplos que imitar, e síntese domeñada por íse parvo medo ó redículo. En terceiro porque sendo o linguaxe do pobo rural e da crase obreira, as mulleres das crases de mais arriba, ou que se cré pertencente a elas, sinte o prurito de non confundirse, o que se fegura conseguir producíndose en castelán. Isto derradeiro sucede maormente, nas familias procedentes dos antigos pazos ou casas señoriales en baixa e na respetable crase de novos ricos que padecemos (García Barros 1930, citado por Sanmartín, 2002:101).

Nesas críticas non se reparaba en que eran sobre todo os homes quen construían o modelo lingüístico de prestixio:

Na Cruña amigo saludaban a meu pai e deçíanme:
-Niño, ¿cuántos años tienes?
-Téñolle cinco.
-¡Y habla gallego! Ja, ja, ja... quien se lo educa a V...?
(Mirás, 1864).

Nese mesmo testemuño, aclárase que foi o pai quen decidiu mandalo á escola a Santiago porque “nin falar sabía”.

A preocupación lingüística tamén formou parte das preocupacións das galegas letradas, algunhas delas comprometidas co galeguismo, como Mercedes Vieito Bouzas, integrada no mundo cultural da Habana, correspondente da Real Academia Galega, e que fai unha defensa da lingua e da identidade de Galicia nun artigo titulado “Dende a emigración” e publicado en *A Nosa terra* (1918). Mensaxes dirixidas para evitar o cambio de lingua atopamos a de Mari Luz Morales que, aínda que residía en Cataluña, pertencía ao Partido Galeguista. Ela recriminou este cambio de lingua na muller galega, nun artigo publicado no xornal *El Sol* de Madrid, do que era colaboradora. Esta mesma escritora defendeu en 1930 a necesidade do ensino en catalán, en galego e en vasco, por motivos pedagóxicos, defensa a do ensino en galego que fixera no seu tempo Frei Sarmiento. Ramona de la Peña Salvador, que tamén foi membro correspondente da Real Academia Galega, defende o uso do galego e a necesidade dunha literatura en galego. A profesora Aurora Marco, no seu libro *As precursoras* (1993), recolleu un artigo de Ramona de La Peña, publicado en *Almanaque Gallego* en 1900, co título “Pregoeiro”, do que recolleemos uns fragmentos:

Nos pobos de Galicia temos costumes tan vellas, que ninguén sabe cando comezaron e menos aínda cando acabarán. Falo dos que se atopan o centro, pois os que se alcontran á beira do mar, ni teñen costumes nin farrapo de gaita: deixáronas fuxir pouquiño a pouco, i astra precuran semellar ás alleas, inda que non vallan un pito. Unha proba do que digo é que a xente que *figura*, inda que algunha non sexa máis que pola roupa, non quere falar gallego, nin que o falen os seus fillos; coma se as línguas non fosen todas boas, e sobre todo a nosa, tan doce e tan meiga que sólo ten de rival á italiana. Máis valera que os que se avergonzan de fala-la axudasen a erguela, pois se en gallego se escribisen obras importantes, non faltaría quen se apurase a traducilas, e todo o mundo a aprendería, como sucede coas línguas que teñen unha literatura que brila máis que as outras; no meu entender, o único medio de dar valor a unha língoa é escribindo moito e ben nela (de la Peña, 1900).

As ditaduras de Primo de Rivera (1923-1931) e do xeneral Franco (1939-1975) consolidaron a ideoloxía do monolingüismo en castelán, malia os esforzos dos galeguistas por revitalizar a nosa lingua. A substitución lingüística, incipiente a principios de século, avanzaría con gran rapidez nas décadas seguintes.

1.2. Análise empírica da situación da lingua galega de principios de século aos nosos días

Os datos sociolingüísticos amosan que arredor do 80% dos nados entre 1900 e 1910 eran monolingües en galego (Seminario de Sociolingüística da RAG, 1995). É nos decenios posteriores (sobre todo, entre os anos 20 e finais dos 40) cando irrompe de maneira progresiva o uso do castelán, primeiro nas vilas e cidades e, máis adiante, no conxunto de Galicia.

Nos primeiros momentos, tivo lugar unha maior presenza do bilingüismo, que máis tarde se tornaría nun incremento progresivo dos castelanfalantes monolingües (véx. fig. 1).


Sabías...

Que a caída máis brusca no uso monolingüe do galego se produciu na xeración nada entre 1924 e 1947?

Que entre 1930 e 1950, as grandes cidades galegas incrementaron moito a súa poboación e que algunhas, como A Coruña ou Vigo, a duplicaron?

Que nese período, as ditaduras de Primo de Rivera (1923-1930) e de Franco (1939-1975) fomentaron ideoloxías contrarias á diversidade lingüística?

FIGURA 1. LINGUA HABITUAL EN GALICIA DESDE 1897 ATA 1974



Fonte: Seminario de Sociolingüística da RAG, 1995

Os factores que influíron no retroceso do monolingüismo en galego, como a castelanización das cidades e das vilas, a tendencia a educar en castelán os nenos ou o cambio de lingua lixeiramente maior entre as mulleres deron lugar a importantes variacións na distribución do idioma. A situación actual da lingua segundo variables sociais, como a idade e o xénero, reflicte hoxe en día eses avatares.


Sabías...

Que as mulleres tenden a usar menos o galego que os homes?

Que o cambio de lingua en favor da prestixiada é máis frecuente nas mulleres?

Que este patrón se denomina “modelo sociolingüístico de xénero” e que se explica pola maior presión social que reciben as mulleres para asumir as normas e valores lingüísticos dominantes?

FIGURA 2. PORCENTAXE DE PERSOAS QUE FALAN SEMPRE EN GALEGO SEGUNDO O XÉNERO E A IDADE



Fonte: elaboración propia con datos do IGE, 2004

Tendencias da figura 2

- Retroceso do uso monolingüe do galego conforme descende a idade: mentres nos maiores de 65 anos preto do 80% fala sempre galego, no grupo de 5 a 9 anos a proporción mingua á metade.
- No grupo de 20 a 24 anos, hai un cambio de tendencia moi salientable: fala máis galego ca o grupo de 25 a 29 anos.
- Uso menor do galego entre as mulleres: esta tendencia mantense en todos os grupos de idade, pero é especialmente acusada no tramo intermedio.
- Entre os máis novos, o uso segundo o xénero tende a igualarse.
- A recuperación de falantes que se dá no tramo de 20 a 24 anos é máis acusada entre as mulleres.


Sabías...

Que a principios do século XX, a maior parte da poboación non sabía escribir en lingua galega?

Que o galego non se comezou a estudar formalmente na escola ata finais do século XX?

Que os datos reflicten estas circunstancias, pois o coñecemento da escrita incrementase conforme descende a idade?

FIGURA 3. PERSOAS CAPACES DE ESCRIBIR EN GALEGO SEGUNDO A IDADE



Fonte: elaboración propia con datos do IGE, 2003

Tendencias da figura 3

- Extensión da capacidade para escribir conforme descende a idade: entre os maiores de 65 anos, menos do 40% pode escribir en galego; mentres que, no grupo de 10 a 14, a porcentaxe aproxíma-se ao 100%.
- Menor coñecemento da escrita por parte das mulleres.
- O menor coñecemento da escrita nas mulleres tende a corrixirse conforme descende a idade. De feito, no tramo de 15 a 24 anos a capacidade para

escribir en galego é lixeiramente superior entre as mulleres.

Os datos empíricos reflicten que as diferenzas no uso e no coñecemento do galego por mor do xénero e da idade empezan a corrixirse. Cómpre lembrar, no entanto, as dificultades que persisten no eido dos estereotipos e das actitudes lingüísticas. Neste sentido, un estudo recente sobre as actitudes da mocidade galega constatou a persistencia de prexuízos cara ao galego baseados na súa suposta menor utilidade ou atractivo. As rapazas galegofalantes amosaron un comportamento máis condicionado polos estereotipos que relacionan xénero e lingua coa dos seus compañeiros:

Ao mellor falas galego e vas a unha tenda a comprar algo e dislles: mira, ¿tienes la talla diez? E que non entendo porque se fai así, pero bueno. Pero eu penso que a medida que se vai avanzando, o galego vai mellor... (Seminario de Sociolingüística da RAG, p. 125).

... nós estabamos alí as dúas falando unha coa outra, e se viña un rapaz así guapetón, falaba [eu] castelán (Seminario de Sociolingüística da RAG, p. 125).

A presión para abandonar o galego recóllese na literatura que se escribe hoxe en día. Nos seguintes versos de Chus Pato, reflíctese o desgarrado producido pola presión do cambio de lingua:

Extirpan o galego de nós
mesmo se a vida ten que ser arrincada en
[proceso
a lingua ese estigma que aínda nos delata
uso corrupto da linguaxe.

Chus Pato, *Nínive*: 1997

Actividades

1. Fai un comentario da figura 1 baseándote nos teus coñecementos do contexto histórico e sociolingüístico. Cando se produce a maior caída do uso monolingüe do galego? Que réximes políticos existían naquela altura? Cal era a ideoloxía lingüística dominan-

te? Cales foron os principais factores que influíron no retroceso do galego? Cres que a popularización dos medios de comunicación como a radio influíron negativamente no uso do galego? E o servizo militar obrigatorio?

2. Cara a onde se dirixían as ondas migratorias de galegos ata o ano 20? E despois desa data? Que consecuencias tivo a emigración na consideración da utilidade da lingua? Indaga no número de habitantes que tiñan as cidades galegas entre 1930 e 1950. Cales medraron máis e por que? Que consecuencias sociolingüísticas tivo ese crecemento? Cres que hoxe en día se manteñen as mesmas tendencias demográficas? Que consecuencias sociolingüísticas pode ter a actual situación demográfica de Galicia?
3. Elabora unha pequena enquisa sociolingüística. Pregunta polo seu nivel de coñecemento do galego a diferentes persoas da túa familia. Inclúe os seguintes aspectos: entender, falar, ler e escribir (pídelles que se autoavalíen nesas destrezas, nunha escala do 1 ao 4). Unha vez teñas os resultados, xúntaos cos do resto da clase e calculade as medias das diferentes destrezas. Danse diferenzas por idade? E segundo o xénero? A que se deben?
4. Debatede na clase arredor dos estereotipos e prexuízos lingüísticos. Que estereotipos se asocian co castelán? E co galego? Afectan de forma igual a homes e mulleres? Apuntade casos que coñezades que rompan eses estereotipos.

Referencias bibliográficas e recursos recomendados:

Bourdieu, Pierre (1985): *Qué significa hablar? Economía de los intercambios lingüísticos*. Madrid: Akal.

De Gabriel, Narciso (2006): *Ler e escribir en Galicia*. A Coruña: Universidade da Coruña.

García Barros (1930): "Falemos na nosa fala", en *Día de Galicia de 1930*: 1-8 (A Estrada: Tip. La Artística).

García Blanco M. G. (1912): *Consideraciones sobre la decadencia y la rehabilitación de la lengua gallega*, (Lugo: Imprenta El Norte de Galicia).

——— (1917): "Consideración sobre a fala galega", en *A Nosa Terra* (30-IV-1917) 17:6.

Instituto Galego de Estatística (IGE) (2003): *Censo de poboación e vivendas 2001. Información provisional*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Disponible en www.ige.eu/ga/demograficas/censos.

Máiz Bar, Bernardo (no prelo): "Xénero e linguaxe". Comunicación presentada no IV Congreso Astur Galego de Socioloxía, o 21 de marzo de 2007.

Mapa Sociolingüístico de Galicia 92, aplicación de consulta na rede en www.rag.org.

Marco, A. (1993): *As precursoras*. A Coruña: La Voz de Galicia Editorial.

- Mirás, F. (1864): *Compendio de Gramática gallega-castellana*. Madrid:Akal (1978), facsímile.
- Montegudo Romero, Henrique (1999): *Historia social da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Montegudo Romero, Henrique e Lorenzo Suárez Anxo (dirs.), (2005): *A sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística de Galicia (1002-2003)*. Consello da Cultura Galega. Dispoñible na rede en www.consellodacultura.org/seccions/lingua/index.htm.
- Murguía, Manuel (1907); "Discurso", B.R.A.G. 2: 96-110. Parcialmente reproducido en M. [Martínez] Murguía, *política y sociedad en Galicia*, Madrid, Akal, 1974.
- Ninyoles, Rafael L. (2005): *Idioma e poder social*. Bertamirans: Laiovento.
- Peña Salvador, Ramona de la (1900): "Pregoeiro", en *Almanaque Gallego*, citado por Aurora Marco (1993), *As precursoras*. A Coruña: La Voz de Galicia Editorial: 128.
- Sanmartín Rei, Goretti (2002): *Lendo nas marxes. Lingua e compromiso nos paratextos (1863-1936)*. A Coruña: Espiral Maior.
- Seminario de Sociolingüística, RAG (1995). *Usos lingüísticos en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Seminario de Sociolingüística, RAG (2003). *O galego segundo a mocidade*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Vilar Ponte, A. (1918): "Adiante! O segundo aniversario da fundazón das Irmandades", *A Nosa Terra* 56 (30/V/1918):1.

A IDENTIDADE DE MARÍA MARIÑO

Letras Galegas
maría mariño carou
2007

2.1. Perfil biográfico

MARÍA MARIÑO (Noia, 1907 - Parada do Courel, 1967).

Naceu o 8 de xuño de 1907. Era filla do zapateiro Xosé Mariño Pais e da costureira Filomena Carou Lado. Os vinte primeiros anos da súa vida transcorreron no recinto histórico noiés. Durante a súa mocidade na vila de Noia, tal como se reflicte nalgún dos seus poemas posteriores, dedicouse a traballar polas casas de costureira.

Segundo algúns investigadores, que publicaron algún traballo sobre María Mariño, nas rúas de Noia chamábanlle Maruxa a *Fiscala* porque, tanto ela como as súas irmás, traballaban de costureiras na casa dun fiscal do xulgado comarcal pero, segundo os testemuños da súa familia e dos veciños consultados, todo apunta a que este curioso alcume se debía a que o seu pai ocupara o posto de fiscal no xulgado municipal existente na vila.

Despois, por mor das dificultades económicas que atravesaba o seu fogar, marchou coa familia ata o lugar de Escarabote (Boiro), onde vivía unha tía — Consuelo Carou— que herdara o pazo das Torres de Goiáns. Foi nesta mansión, dotada cunha xenerosa biblioteca, onde realizou as súas primeiras lecturas.

Logo trasladouse ata a casa da súa irmá Concha, na vila biscaíña de Berango, onde a sorprendeu a ofensiva das tropas franquistas para controlar as minas de ferro vascas. Durante a súa estada neste arrabalde de Bilbao, desempeñou outra vez o oficio de costureira. As súas sobriñas afirman que era unha magnífica profesional e os seus traballos eran moi solicitados entre a burguesía daquel lugar. Mesmo contan unha anécdota da escritora traballando cunha máquina de coser, mentres os avións bombardeaban as posicións inimigas, durante a terrible ofensiva contra a costa cantábrica, mentres a familia se refuxiaba no soto dunha igrexa veciña. Cando aínda non rematara a contenda bélica, regresou ao peirao da costa arousá,



María Mariño Carou



Rúa Cega de Noia



Igrexa de San Martiño de Noia, onde foi bautizada María Mariño



Casas baratas nas minas de San Fins



Casa escola de Parada do Courel
Fotografía: Ana Romani



Enterro de María Mariño.
Fotografía do arquivo de Visitación
Vila García

onde montou un pequeno parvulario e coñeceu o mestre santiagués, Roberto Pose Carballido, con quen casou o 31 de maio de 1939.

Seguindo as pegadas do seu home, os seus destinos como mestre, viviu durante a posguerra nos concellos de Arzúa e Elantxobe (Biscaia). No verán de 1946, regresou grávida a Galicia. Aproveitando que o seu irmán Emilio traballaba de mecánico nas minas de San Fins (Lousame), desprazouse ata este lugar para parir, pero o neno —Roberto Pose Mariño— soamente viviu uns días. Esta traxedia acompañaríaa coma unha sombra inevitable ata os seguintes destinos na comarca do Courel, onde tamén a sorprenderá outro drama familiar, a morte da súa nai en Romeor.

No ano 1947, mentres sufría unha forte crise nerviosa, chegou á aldea de Parada, onde coñeceu o poeta Uxío Novoneyra. Esta circunstancia provocará, ademais dunha intensa relación amorosa co autor d'*Os eidos*, o xurdimento dunha das voces máis sorprendentes da lírica galega.

Será no 1963 cando publique, cun fermoso limiar de Otero Pedrayo, o libro *Palabra no tempo*.

Despois, coa morte xa espreitando as súas pegadas, escribiría os poemas que compoñerían *Verba que comenza* (1990), onde agroma cunha arrepiante claridade, ademais das súas crises emocionais, un profundo desacougo existencial. As dúas obras destacan pola orixinalidade no tratamento do tempo, a presenza obsesiva da morte e a inqueda ante algo vagamente presentido.

María Mariño faleceu de leucemia o 19 de maio de 1967. Ao día seguinte, foi enterrada no cemiterio de Seoane do Courel. As imaxes que se tiraron daquela lutuosa xornada amosan a homenaxe dos veciños á muller que soubo gabar cun estilo propio a sensualidade das súas paisaxes.

Malia que morreu hai corenta anos, cando neste 2007 se celebre o seu centenario e o Día das Letras Galegas, a súa voz intimista e conmovedora rexurdirá coma un facho incandescente.

Perfil biográfico por Xerardo Agrafoxo, autor de *Biografía de María Mariño*, Editorial Galaxia, Vigo, 2007

CONVERSAMOS CO BIÓGRAFO DE MARÍA MARIÑO



Xerardo Agrafoxo

Por que sentiu vostede a necesidade persoal de iniciar un estudo sobre a vida e a obra de María Mariño?

Intereseime pola vida de María Mariño despois de publicar un traballo sobre ela na revista *Casa da Gramática*. Na pequena investigación realizada, decateime de que a maior parte dos datos publicados non estaban contrastados, outros eran falsos e algúns foran silenciados.

Tamén me animou o feito de que fose de Noia e de que se dese dela unha imaxe de muller sen vida propia e sen espírito, cando algunhas persoas xa me contaran que era unha persoa con moito carácter. Unha muller diferente naquela época de comezos do século XX.

Que aspectos descubriu na súa investigación que máis o sorprenderon?

Chamoume a atención o feito de que lle morrera o seu fillo nunhas minas situadas preto da súa casa,

cando sempre se afirmara que o neno falecera en Euskadi. Os seus amores con Uxío Novoneyra foi unha sorpresa que descubrín a través das persoas que lle escoitaron as súas confesións máis delicadas. Sempre me chamou a atención o feito de que estivese vinte anos nunha aldea moi afastada do mar que ela tanto amaba. No libro descóbrese que o Courel se converteu nos últimos anos nun exilio interior. Tamén resulta interesante comprobar que era unha muller con moito temperamento, que viaxara soa ata Euskadi, onde protagonizou algún acontecemento insólito, ou que rexeitara os pretendentes independentemente da súa condición. Unha muller rara e cuns desexos enormes de superarse, de ser unha moza diferente ao destino que lle deparara a súa orixe humilde.

Unha muller que desexa fuxir do papel que a sociedade lle outorga como muller... Podería, por favor, afondar neste aspecto?

Todas as testemuñas consultadas, é dicir, amigas da súa infancia en Noia que ignoraban a condición de María, a *Fiscal*, como poeta, apuntan a que sempre amosou un desexo de superarse, de chegar a ser algo diferente ao que lle tocaba pola súa condición de muller pertencente a unha familia vida a menos. Esta cuestión leva as súas compañeiras a afirmar que María Mariño tiña un complexo e sufría moito por manter na cabeza esta teima de moza solitaria e soñadora. Unha actitude que sempre xulgaron propia dunha muller rara, estraña e diferente. Persoas entrevistadas para a miña investigación no peirao de Escarabote din que aquela filla do zapateiro —nunca oíran falar da poeta María Mariño nin de Novoneyra— era unha muller diferente. Cando as mozas daquel lugar vestían de negro e traballaban no marisqueo, ela arranxábase moito, peiteábase dunha maneira diferente, pintaba os ollos e tiña “aires de cidade”.

Todas estas afirmacións contradín un pouco a imaxe de muller “normal”, que se converteu en escritora por fortuna e pola súa amizade con Novoneyra. Cre que María tiña vocación de escritora?

Os familiares entrevistados non lembran a María Mariño escribindo poemas antes de chegar ao Courel. Todo apunta a que a amizade con Uxío Novoneyra e as lecturas que lle proporcionaba o seu home axudaron a alimentar a súa teima pola poesía. É no Courel, e non antes, cando as testemuñas falan da súa paixón pola lectura. Non sabemos que tipo de lecturas tivo na biblioteca da torre de Goiáns, pero talvez estas visitas tamén influíron na posterior vocación literaria. Algún antigo alumno de Parada mesmo me dixo que sempre lembraría a María Mariño lendo libros baixo a sombra dos castiñeiros que existen detrás da casa escola. A sobriña que a visitou varias veces no Courel e algunha veciña afirman que, unha vez superadas as sucesivas crises nerviosas que levaba ás súas costas cando chegou a Parada, estaba acotío apuntando poemas nos cadernos. Unha teima que algúns converten na orixe da súa enfermidade terminal. Os mesmos familiares que a xulgan ás veces con dureza por esquecerse de escribirlles (“guardaba el cariño en el bolsillo”), rexeitar os pretendentes, ter un carácter moi forte ou agochar a súa auténtica idade, non dubidan en afirmar que era unha persoa moi lista e que, quizais, viu na poesía a maneira de conseguir satisfacer os seus sonhos da mocidade: os desexos de superarse.

Na súa biografía vostede fala dos “sufrimentos que soportou a escritora ata ver publicados os seus versos” e da procura por ela mesma de que a súa obra saíse á luz. Segundo isto, é María unha escritora consciente que procura que a súa obra vexa a luz?

Loitou moito para ver publicados os seus poemas. Viaxou a mantenta a Madrid, Ribadeo, A Coruña e Lugo. Entrevistouse con xornalistas, escritores e profesores. Entre o prólogo de Otero Pedrayo e a saída

á luz de *Palabra no tempo* pasaron tres anos. Foi unha teima constante. O marido sufría e os familiares tamén. Cando saíu o seu libro, fixo copias dun retrato para asinalar autógrafos aos veciños do Courel e aos coñecidos que a visitaban na casa de Parada. Sentíase satisfeita cando a paraban polas rúas da Coruña, nas terrazas dos cafés ou nos Cantóns, para indicarlle algunha cuestión sobre os seus poemas. Nun curto período de tempo exerceu a condición de poeta recoñecida entre determinadas persoas. Sentíase orgullosa e feliz. Nun momento da súa vida estivo disposta a deixar o Courel para exercer a condición de escritora nunha cidade. A enfermidade e o matrimonio racharon cos seus ideais.

Pode facer unha valoración sobre a súa obra?

A súa é unha obra moi orixinal dentro da poesía galega polo tratamento persoal que realiza da paisaxe courelá, a presenza obsesiva da morte nos seus poemas e a inquedanza angustiosa que sente ante algo vagamente presentido. Aspectos vinculados coa súa longa estadía no Courel e a presenza dun mal incurable, a leucemia, que a perseguiu coma unha sombra obsesiva nos últimos catro anos da súa vida na aldea de Parada.

Actividades

Despois de te deteres con atención no perfil biográfico de María Mariño, responde as seguintes preguntas:

1. Cal é o significado destas palabras:

- biografía
- autobiografía
- memorias
- literatura memorialística
- currículo

2. Elabora o teu currículo. Podes inventalo.
3. Achegámosche unha serie de títulos de obras. Cos datos que, nalgúns casos, che proporcionamos, procura información sobre a autoría destas e sobre o seu contido:

As décadas de T. L., Edicións do Castro, 1994.

Maruxa Mallo, Edicións A Nosa Terra, 1999.

Cárcere de Ventas, A Nosa Terra, 2005.

Tres tempos e a esperanza, A Nosa Terra, 2002.

Florbela Espanca, Guimarães Editores, 1984.

Residente privilégiée, Fayard, 1980.

A Room of One's Own, 1929.

Soltando lastre, Edicións do Castro, 2002.

Eduardo Blanco Amor, diante dun xuíz ausente, Edit. Nigra, 1993.

Mémoires d'Hadrien.

Mémoires d'une jeune fille rangée.

Stranger on a Train.

Memoria de la melancolía. Bos Aires: Losada SA, 1970.

Luz e Lupe, Edición de Autora, Impresión: Agencia Gráfica, 2005.

Memoria e días usados, Editorial Galaxia.
4. Busca as entradas que fan referencia a María Mariño na *Gran Enciclopedia Galega*, no *Diccionario de Mulleres* de Aurora Marco, no *Diccionario da literatura galega* (Tomo I, Editorial Galaxia, 1995) e nas seguintes páxinas de internet: <http://bvg.udc.es/index.jsp>, <http://www.culturagalega.org/>.
5. Na entrevista co biógrafo de María Mariño fálase da revista *A Casa da Gramática*, que é unha publicación do Instituto de Ensino Secundario Virxe do Mar de Noia. Con este dato, busca información sobre esta publicación. (Podes consultar a páxina <http://centros.edu.xunta.es/iesvixedo-mar/>). Con que premio literario que leva o nome dun escritor de Noia está relacionada esta publicación?
6. Busca información sobre outras revistas ou publicacións dos centros de ensino. Houbo ou hai algunha publicación no teu centro?
7. Que dificultades existen para que se publike unha revista nun centro de ensino?
8. Que outras obras publicou Xerardo Agrafoxo?

2.2. María Mariño: a flor das raparigas en sombra

Un documental ao redor de María Mariño



Manuel Forcadela

O escritor Manuel Forcadela é o responsable e autor dun documental sobre María Mariño no que, a través de poemas da escritora e de conversas con diferentes poetas, vai tecendo unha imaxe da autora. Conversamos con el.

Por que decidiu vostede facer unha película sobre María Mariño? Por que esta disposición e a escolla destas persoaxes ao redor da poeta?

María Mariño é un misterio que, entre todos, imos desvelando. Eu quería achegar o meu gran de area e facelo por outra vía (a imaxe), fóra dos meus camiños habituais (o ensaio, a crítica). Para iso, rodeei dalgúns amigos e amigas e propúxenlles que me axudasen a reconstruír a personaxe, mesmo que fose a través das palabras, da lectura dos seus poemas, vinculando todo isto coas escasas noticias de que tiñamos referencia, coas poucas imaxes que dela dispuñamos. E o resultado foi este documental no que eu creo, co empeño de todos, conseguimos erguer a personaxe de María Mariño, máis alá da mera recreación fantasmática. O espectador sae coa convicción de coñecer a María Mariño, aínda que sexa indirectamente, a través de persoas interpostas.



Fotograma da película *Galia*, de Carlos Velo

Por que é María Mariño a flor das raparigas en sombra?

Eu creo que a historia das mulleres, en particular, está chea de sombras e a historia da humanidade, en xeral, está chea de raparigas en sombra, mulleres que tiveron enormes méritos en todo tipo de actividades e que, porén, ficaron esquecidas, deitadas para sempre nos pozos do esquecemento. María Mariño podía ser unha delas, pero tivo unha fortuna distinta. Chegounos coa súa palabra, ergueu o seu discurso máis íntimo como unha especie de flor amorosa, aínda que dorida, e alí estivemos algúns para escoitala. O título, ademais, evoca unha célebre novela de Marcel Proust dentro do conxunto de *Á procura do tempo perdido*, unha novela que se titula xustamente *Á sombra das raparigas en flor*. Xogando coas palabras, pensei que lle acaía moi ben a María Mariño a cualificación de “flor das raparigas en sombra”. E de aí vén o título.

Como definiría a poética de María Mariño?

Resposta: María Mariño é unha poeta reflexiva, cun mundo interior sumamente complexo, que chega a fonduras singulares e inéditas. Non creo que vaia ser unha poeta popular, que poida converterse en lectura de moitas persoas. Pero, dentro dese carácter minoritario que vai preponderar no acollemento da súa obra, sospeito que é unha das poetas máis orixinais e singulares que teña dado a nosa tradición literaria.



Fotograma de *Sempre Xonxa*, de Chano Piñeiro

Que relación ve vostede como creador entre a súa linguaxe poética e o que desexa achegar desde a linguaxe cinematográfica? Segue vostede sendo poeta mentres monta as imaxes?

Eu creo que a verdadeira poesía está na nosa relación coas cousas e non sempre vén mediada a través da linguaxe falada. Pode haber poesía no simple xeito de mirar, na forma de comprender o mundo, na actitude xeral ante o que nos rodea. O labor do poeta debe estar presidido pola humildade e pola vontade de seguir aprendendo, afrontando novos retos, non conformándose co logrado. A min sempre me fascinou o mundo da imaxe. Son fotógrafo desde hai moitos anos e agora, coa revolución dixital, ante as facilidades que nos conceden as máquinas, considerei que era o momento de tentar abrirme camiño por eses territorios. Velaí están os primeiros intentos. Seguirei tentando mellorar para podervos ofrecer algo aínda máis valioso.

Actividades

1. Busca información sobre as seguintes obras literarias adaptadas ao cine. Procura a súa ficha técnica:

A lingua das bolboretas
O lapis do carpinteiro
Trece badaladas

2. En que obra da literatura galega se baseou o guión da película española *La Parranda*? Quen foi o autor dese guión?

3. Como se adaptou á linguaxe cinematográfica a obra *El bosque animado*, de W. Fernández Flórez?

4. Poden verse estas versións en galego?

5. Busca información sobre as series televisivas *Os Pazos de Ulloa* e *Os gozos e as sombras*. En que obras literarias están baseadas? Cando foron emitidas? En que franxa horaria?

6. En cantos capítulos se dividiu a serie? En que lugares se fixo a súa rodaxe? Quen protagonizou os papeis principais?

7. Que obras da autoría de Ramón de Valle Inclán foron levadas ao cine? Cando?

8. Nas listaxes que che ofrecemos a continuación, relaciona títulos de filmes con nomes. Pensa a razón da túa escolla:

- | | |
|--------------------------------|-------------------|
| • <i>Santa liberdade</i> | • Miguel Anxo |
| • <i>A lei da fronteira</i> | • Murado |
| • <i>O carro e o home</i> | • Carlos Velo |
| • <i>Galicia</i> | • Xaquín Lourenzo |
| • <i>A traxedia de Xirobio</i> | • Castelao |
| | • Margarita Ledo |

9. En que filme participou Castelao como actor?

10. Na conversa Manuel Forcadela fai unha referencia á obra de Proust, *Á procura do tempo perdido*. Busca información sobre esta obra. Está traducida ao galego? Foi adaptada ao cine?

11. Se tiveses que escribir un guión, como comezarías un filme sobre María Mariño? Como o rematarías?
12. Organizade un debate na aula ao redor do seguinte tema: o papel do cine no proceso de normalización lingüística.
13. Consulta a páxina <http://www.cgai.org>, do Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI).
14. Busca información sobre Manuel Forcadela como poeta. A que xeración ou grupo poético pode pertencer? De que xéneros literarios se ocupou na súa escrita? Achega os títulos das súas obras.

demostrou que eran e son moitas as escritoras, artistas, investigadoras e críticas galegas. Promoveu o movemento poético feminino que se consolidou nos anos 90, froito da conxunción das poetas noveis coas veteranas no espazo da revista, onde compartiron ideas, estilos e tendencias. Fomentou a conciencia da importancia das palabras das mulleres e das achegas inéditas e vangardistas coas que enriquecen o panorama literario e contribuíu á modificación do canon poético no conxunto da literatura galega. Conversamos coa escritora **María Xosé Queizán**, directora da revista



María Xosé Queizán

Sabías que...

Carolina Otero, máis coñecida como *A Bela Otero*, é a primeira actriz galega de cine?

O CGAI conta cun servizo de préstamo gratuito dotado dun fondo de títulos en formato VHS/DVD de todas aquelas producións audiovisuais das que a Xunta de Galicia ten dereitos de difusión ou daquelas películas recuperadas e restauradas polo propio CGAI?

2.3. María Mariño desde a palabra silenciada

Unha grande achega ao coñecemento da poeta de Noia e do Courel debeuse á revista *Festa da Palabra Silenciada* que, no ano 1997, lle dedicou á escritora o seu número 13. Esta publicación naceu en 1983 e, ao longo destes anos de existencia,

Vostede dirixe a revista *Festa da Palabra Silenciada*, podería facer unha pequena presentación desta revista deténdose nos obxectivos e na súa evolución ao longo do tempo?

É unha publicación galega de mulleres, editada por Feministas Independentes Galegas (FIGA), e xorde no ano 1983 para cumprir diversos obxectivos:

- Darlles visibilidade ás mulleres galegas, ao seu traballo e contribución social, ás facetas artísticas e creadoras, silenciadas nos medios de comunicación e na maioría das publicacións literarias e culturais do país daquela.
- Ser unha revista de cultura desde a perspectiva das galegas e en nome propio, pensada, dirixida, deseñada, elaborada exclusivamente por mulleres. Unha autonomía e independencia daquela necesarias. Desde o n.º 14, pensamos que xa estaba conseguido o valor da autonomía e dámoslles entrada ás colaboracións masculinas. Isto é posible, non só polo noso criterio, senón pola consideración social e democrática que o feminismo consegue e a diferente actitude masculina ao respecto. Observámolo con claridade

nos últimos anos nos que se forman colectivos masculinos pola igualdade e moitos homes defenden a causa feminista en nome propio.

- Difundir o pensamento feminista aplicado a múltiples aspectos do coñecemento e da cultura, así como á modalidade coñecida como crítica feminista.

Por que no ano 1997 a *Festa da Palabra Silenciada* n.º 13 lle dedicou un monográfico a María Mariño, unha poeta ao redor da que se tecían moitas dúbidas e da que non había moitos estudos?

Daquela había rumores de que os poemas de María Mariño eran dun recoñecido poeta. Eu estaba convencida non só de que era a autora, senón de que María Mariño era un paradigma de como pretenden ocultar o traballo artístico ou científico dalgunhas mulleres tras unha figura masculina. Isto xa o denunciara Rosalía. Cumpría saír ao paso precisamente coa dedicación dun monográfico que a consolidaba como poeta, que a estudaba e que a valoraba.

No ano 2006, a RAG decide que o Día das Letras Galegas do ano 2007 se lle dedique a María Mariño, cando se cumpre o centenario do seu nacemento e a *Festa da Palabra Silenciada* volve reeditar aquel monográfico n.º 13 con algunhas achegas novas. Que mudou no panorama cultural e social desde o monográfico n.º 13 a este novo n.º 21? Que aspectos novos contén a publicación máis actual?

O monográfico do n.º 13 da *Festa da Palabra Silenciada* pasou desapercibido. O actual, con sete magníficos traballos, dedicados a diversos aspectos da súa obra, un poema e unha antoloxía, está tendo unha boa acollida.

Un dos aspectos que máis sorprende na biografía de María Mariño é que nos atopásemos con dúas datas de nacemento, unha verdadeira que se descobre en 1982 cando un grupo de mozos da Asociación Catavento de Noia verifica no Rexistro civil a data do 8 de xuño de 1907 e, outra falsa, que figura en moitas recensións biográficas, o 25 de xullo de 1918. María casa co seu home o 31 de marzo do 1939, o home ten vinte e catro anos e ela 32. Ela falseou a súa idade, por que? Desde un punto de vista social e cultural, como lles afecta a idade ás mulleres e aos homes?

María Mariño debía ter prexuízos en relación coa idade e prefería ocultar que o marido era varios anos máis novo ca ela. Aínda é normal, non só na vida real, senón nas novelas ou nas películas, que teñen como obxectivo normalizar ese costume, que un home vello poida ter unha muller nova e incluso descendencia con ela. Comprobamos como é criticada a señora andaluza que hai pouco tivo xemelgos aos 68 anos. De ser un home, non causaría ningún comentario. A diferenza en relación coa idade na parella obedece á diferente valoración dos xéneros. O home vale pola súa persoa, a identidade, o prestixio, a posición social e económica...; a muller, polo aspecto físico, a xuventude, o corpo... A igualdade real acabará con estas diferenzas. Hoxe xa, en amplos ambientes, unha señora mostraría con fachenda ter un marido máis novo ca ela.

Como é a poeta María Mariño para vostede? Que lle achega ao panorama literario galego?

É unha poeta senlleira no panorama literario galego, ou doutro país calquera.

Experimenta o acto artístico consigo mesma. Diríase que non ten lectores nin lectoras implícitas. E, porén, a súa poesía fascínanos.

Crear é seleccionar. Ela selecciona os motivos: a conciencia da natureza unida á súa propia conciencia dentro dun marco espacial, o Courel, por onde boga como polo mar de Noia.

Non fai descrición da paisaxe, tan abundante na poesía galega, nin adopta unha postura contemplativa. María Mariño crea a propia natureza, faille o traxe. A natureza só achega o forro. Ela é a terra, a néboa, o vento, a neve, o sol. Ten acción, fai unha toma de poder, dentro do seu mundo poético. Crea tensión. Hai acción tamén no ritmo poético. Domina a natureza.

Domina a lingua e selecciónaa. A selección é a primeira forma de coñecemento. Rompe a norma lingüística e prodúcenos outra fascinación. Non é unha ruptura azarosa ou casual. É unha distorsión consciente e coherente. Existe simetría no rupturismo. A simetría supón un sentido estético previo. A transgresión da norma na lingua supón, por un lado, competencia lingüística, dominio, e, por outro, sérvelle para expresar vivencias, experiencias límite.

Non é, pois, unha poeta ignorante, iletrada ou espontánea. É unha poeta orixinal, consciente do que fai, que domina a escrita e os elementos cos que traballa.

ACTIVIDADES

1. Busca información sobre a obra de María Xosé Queizán. Que xéneros literarios cultivou? Podes achegar unha pequena bibliografía desta autora?
2. Recolle tamén algunha bibliografía sobre esta autora. Fíxate como se deben indicar correctamente as información bibliográficas.
3. Organizade un debate na aula ao redor do seguinte tema: debe haber unha idade biolóxica para ser nai?
4. Comenta o seguinte titular de prensa e analiza o papel da ciencia nas novas técnicas de reprodución humana: "Mentir para ser nai". Carmela Bousada, de 67 anos, admite que lle mentiu sobre a súa idade á clínica na que foi fecundada para ter xemelgos.
5. Analiza a prensa galega. Procura os nomes das columnistas que escriben. Quen son? Teñen sección fixa? Compara co número de columnistas e expón a túa opinión sobre o que descubras.
6. Sinala nomes de revistas feministas. En que ano se fundaron?
7. Consulta as seguintes páxinas: <http://www.andainamulleres.org/>; <http://www.feminismo.info>.
8. Procura información na rede sobre a repercusión internacional da *Festa da Palabra*; como exemplo, repara no cadro seguinte.

**CELEBRATING SILENCED WORDS:
THE "REIMAGINING" OF A
FEMINIST NATION IN
LATE-TWENTIETH-CENTURY GALICIA**

SHARON R. ROSEMAN

A palabra e a escrita foron desde sempre elementos de poder, úteis de marxinação.
[Words and writing have always been elements of power, instruments of marginalization]
—María Xosé Queizán, *Festa da Palabra Silenciada*, 1983
Compíte en todo/ alto tacón/ tacos e tabaco/
verba rival/ no fume/ da tertulia
[Compete in everything/ high heels/ curses and tobacco/
A word of challenge/ in the smoke/ of the meeting]
—Emma Luaces, "Leona," *Festa da Palabra Silenciada*, 1986

Barbara Harlow, and others, have underscored the relationship between political and cultural resistance—between the actions taken by groups who seek to alter conditions of political and economic domination and the cultural productions of those who support their causes.¹ Feminist movements have generated sophisticated artistic statements about women's hopes for social and cultural change as well as the critical development of comprehensive political understandings that challenge androcentric models of society.² In the case of individuals who are striving to achieve national autonomy, the plastic arts, poetry, fiction, film, song, drama, radio, and other media have a role in the construction of a nationalist discourse that is often indistinguishable from explicit attempts to formulate an ideology of nationalism.³

In this article, I investigate the ways in which a group of cultural producers—members of the group FIGA, *Feministas Indocumentadas*—members of the group FIGA, *Feministas Indocumentadas* 23, no. 1 (spring 1997). © 1997 by Feminist Studies, Inc.

43

A voz poética de María Mariño recibiu a atención da crítica no primeiro momento, cando publicou *Palabra no tempo* e, posteriormente, cando o seu libro, *Verba que comenza*, irrompeu e asombrou o panorama poético dos anos noventa. A primeira crítica que analizou a obra en profundidade de María Mariño foi Carmen Blanco, a quen lle dedicou un capítulo, "A figura e a obra de María Mariño Carou", no seu libro *Literatura galega de muller* (Edicións Xerais, 1991). Conversamos coa crítica e autora deste libro.

En 1991, publicouse a súa obra *Literatura galega de muller*. Xa pasaron algúns anos, cre que mudou significativamente a recepción da obra literaria de autoría feminina ou continuamos atadas, en moitos aspectos, a prexuízos do mundo patriarcal dominante?

Eu escribín *Literatura galega da muller* para reivindicar a boa literatura das mulleres contra todo tipo de prexuízos patriarcais, misóxinos, sexistas, clasistas, culturais, sectarios, etc. Tratei de ler a literatura de mulleres con ollos libres, para que brillasen, en todo o seu esplendor, a súa calidade literaria e as súas novas achegas de muller que a parcial mirada patriarcal non permitía ver. Así foi como redescubrín poetas daquela menosprezadas polos prexuízos patriarcais ou sectarios, como María Mariño ou Xohana Torres. Hoxe a situación mellorou un pouco para as mulleres, pois xa se van recoñecendo autoras como as citadas ou Luz Pozo Garza ou outras moitas máis novas. Pero segue existindo, como en todo tempo, unha minoría documentada, intelixente e sa que sabe onde está a boa creación, a que fai achegas novas e profundas, tanto de homes como de mulleres, fronte a unha maioría indocumentada e sen criterio fundamentado que fai valoracións prexuízosas ditadas polos intereses de poder. Hai que seguir loitando pola lectura libre e pola vida libre para poder gozar da arte literaria. No meu libro, *Sexo e lugar* (2006), loito polo pracer libre do sexo e do lugar, contra o poder patriarcal e contra o poder colonial, e nel exalto a voz subversiva de María Mariño.

2.4. A crítica e María Mariño



Carmen Blanco

Vostede foi a primeira persoa que interpretou, dunha maneira integral, a obra de María Mariño sen coñecela, que aspectos da súa imaxe mistificada creada atoldaron a súa obra literaria?

A recepción de María Mariño é un fenómeno moi complexo. Foi, en primeiro lugar, unha figura mitificada e de culto, construída polo seu mentor, o poeta Uxío Novoneyra, e os seus amigos, principalmente, Otero Pedrayo, Reimundo Patiño, Méndez Ferrín e Ánxel Fole, que exaltaron a súa alta valía poética. Mais, fronte a esta imaxe, creouse outra de resistencia que, amparada sobre todo nos prexuízos misóxinos, mais tamén en certas reticencias feministas, fixo dela un produto creativo, parcial ou total, do seu compañeiro courelao, o poeta Novoneyra, e estendeuse polo mundo literario a dúbida sobre a autoría da obra mariñá e a súa independencia creativa. Todo isto, ademais, potenciado polo prexuízo clasista, pois María Mariño era unha costureira de orixe humilde e sen educación formalizada e polas liortas de poder poético-político daquela que, coma hoxe, non deixaban ver con liberdade onde estaba a poesía.

Que influencias atopa na obra da poeta de Noia de Rosalía de Castro? Cre que a filiación coa obra da escritora de *Cantares Gallegos* puido ser negativa para a autora?

En María Mariño hai unha grande influencia de Rosalía de Castro que se percibe en motivos concretos como os do tecer, da sombra, da noite ou das campás. Mais, por enriba de todo, hai unha profundísima confluencia. As dúas coñecían vivencialmente a cultura popular tradicional galega e exáltana temática e formalmente na súa obra, a través do canto da festa, do traballo e da existencia cotiá da xente humilde; e a través dunha linguaxe poética antirretórica e rupturista que utiliza un código informalista, musical e cheo de popularismos, dialectalismos, coloquialismos e familiarismos, propios da fala real das mulleres e das clases populares.

Hai tamén, entre elas, outras importantes afinidades: as dúas contaron cun importantísimo mentor, o político Manuel Murguía e o poeta Novoneyra; as dúas afástanse do androcenismo patriarcal no pracer da disolución e da expansión mística e soñadora e na liberdade antisistema que as inspira, así como Rosalía, co seu feminismo, e María, coa voz subversiva da nena que fala. E, ademais, comparten a temática da saudade, da dor, do tempo, da morte, da natureza amparadora, da propia poesía e da apertura do concepto de suxeito feminino. Penso que a comunión de María Mariño con Rosalía foi moi positiva: soubo elixir unha boa mestra.

Que influencias observa do poeta Novoneyra? Cal cre que puido ser o papel que o poeta do Courel desenvolveu de xeito importante para a súa obra?

A influencia de Novoneyra en María Mariño é moi importante, xa que el foi o seu principal modelo e de quen aprendeu. Hai unha clara influencia d'Os *eidos* en *Palabra no tempo* e de *Elexías do Courel* en *Verba que comenza*, en todos os sentidos. Pero para min o máis importante é o que comparten: o mesmo en canto á terra do Courel, tema tamén compartido por Ánxel Fole e Eduardo Moreiras. Aínda que a voz dese canto courelao de Novoneyra e Mariño sexa moi diferente: é máis disolutiva do eu, táctil, palpable, fluída e intimista en María, así como masoquista, relixiosa e dominada polo poder do Señor, mentres que a voz de Uxío é máis esencialista, mítica, canónica, plena e verdadeiramente atea.

Despois de consultar o arquivo de Novoneyra sobre María Mariño e tendo en conta todo o que o poeta do Courel dixo, penso que a función de Novoneyra foi fundamental para a poesía de María Mariño. El foi o seu mestre e mentor, o seu asesor e o seu guía poético. El corrixiu os textos orixinais de María, aconsellando o código lingüístico galego, supresións, repeticións, precisións, etc. Uxío recoñeceu en María unha voz poética auténtica e orixinal, que el perfeccionou co seu bo sentido poético culto e co seu profundo rigor estético.

Como valora vostede a obra de María Mariño e a súa consciencia de escritora?

Polo que hoxe coñecemos dela, eu creo que María Mariño era unha poeta, unha verdadeira poeta, na súa obra e na súa vida. En consecuencia, María Mariño é unha voz poética persoal e auténtica cun misterioso mundo propio. Deste mundo mariño, o que a min máis me gusta é o seu canto subversivo de nena asombrada ante a marabilla do mundo, da terra do Courel e do mar de Noia e da Coruña, convertidos, pola súa imaxinación, nunha terra total e nun mar absoluto, á vez materiais e palpables e á vez inalcanzables, sempre ao lonxe, unha terra e un mar profundamente ambiguos, escuros e misteriosos. Gozo especialmente cando o seu eu se perde con todos os seus sentidos abertos na inmensidade desta natureza telúrica e mariña. Para min é magnífico o seu canto de amor á nai, o seu canto tenro da pobreza noíesa das súas orixes e da pobreza da aldea courelá, e tamén a súa metapoética do tecer da costureira que era.

Tal como demostra a omnipresenza do citado tema da propia poesía ou da propia palabra, que aparece xa no título dos seus poemarios, María Mariño era moi consciente da propia escritura, que igualaba e identificaba coa propia vida e que atopaba no misterio orixinario da videncia iluminativa da “vella voz” e da “voz da nena que fala”. Polo que respecta á súa asunción social do seu ser escritora, parece que María Mariño tiña unha forte autoafirmación creadora que, segundo os datos que temos, a levaba a vivir desde nena como poeta que sentía a poesía, a lerlles na súa etapa courelá os seus poemas ás persoas do seu mundo máis íntimo e do pequeno mundo cultural que coñecía e a querer publicar a súa obra.

Sábese da existencia de narrativa e poesía en castelán, ademais dos dous poemarios galegos da autoría de María Mariño, a que pode obedecer esta escolla lingüística?

Sabemos que a escolla da lingua galega se debe á influencia ideolóxica de Novoneyra, que lle poten-

ciaba a escrita nesta lingua, de maneira que a creación galega de María Mariño coincide coas estancias de Novoneyra en Parada do Courel. A escolla da lingua castelá por parte de María Mariño explícase, entre outras posibles causas, pola castelaniación e a diglosia dominante nos anos cincuenta e sesenta, só superada polas persoas conscientemente anticoloniais.

ACTIVIDADES

1. A partir dos anos oitenta, fundamentalmente, as investigadoras fornécenlle ao panorama cultural os seus estudos sobre obras literarias. Achega algún título dun libro de autoría feminina que tivese como obxectivo algún aspecto da obra de:

Eduardo Pondal
Lamas Carvajal
Otero Pedrayo
Castelao
Luís Pimentel
Álvaro Cunqueiro
Rafael Dieste
Ricardo Carvalho Calero
Antón Avilés de Taramancos
Novoneyra
Claudio Rodríguez Fer

2. É a partir dos anos oitenta cando investigadoras achegan ao ensaio novas visións desde o feminismo. Busca información sobre as seguintes obras e indica a súa autoría:

- *Ao redor da muller en dezaioito mundos.*
- *Imaxe do mundo en Eduardo Blanco Amor. A muller, o conflito social e os marxidados*
- *As terceiras mulleres*
- *A palabra das fillas de Eva*

- *Feminismo e coñecemento. Da experiencia das mulleres ao Cíborg*
3. Hoxe moitas editoriais teñen coleccións dedicadas á literatura de mulleres. Procura información sobre as coleccións *As literatas* (Edicións Xerais) e *As Letras das mulleres* (Editorial Sotelo Blanco), *Mulleres* (Edicións A Nosa Terra).
 4. Que autoras participan das seguintes obras:
 - *Narradoras* (Edicións Xerais)
 - *Contos Eróticos. Elas* (Edicións Xerais)
 - *Polifonías* (Espiral Maior)
 5. Achega títulos de obras das seguintes investigadoras:
 - Aurora Marco
 - Camiño Noia
 - Laura Tato
 - Teresa López
 - Carme Fernández Pérez-San Julián
 - Dolores Vilavedra
 - Helena González
 - Ana Acuña
 - Kathleen N. March
 6. Que obras de Eduardo Moreiras e de Ánxel Fole están ambientadas no Courel?
 7. Busca información sobre Uxío Novoneyra. A que xeración pertence como poeta? Indica as obras que escribiu e a data na que se foron publicando.
 8. Que contidos ofrece a revista *Unión Libre*?

9. Carmen Blanco creou o heterónimo de Emma Luaces. A quen quixo homenaxear utilizando este nome?
10. Fai unha ficha bibliográfica con todos os libros da autoría de Carmen Blanco.

2.5. María Mariño noonsel das escritoras galegas

Entrevista con María Pilar García Negro



María Pilar García Negro

María Mariño é a terceira muller á quen a RAG lle dedica o Día das Letras Galegas, celebración que inauguraba Rosalía de Castro e que, en 1987, se conmemorou con Francisca Herrera Garrido. Unha parte da crítica literaria do país converteu estas dúas escritoras en continuadoras da obra de Rosalía de Castro, que opinión lle merece este feito? pódese afirmar que todas as escritoras galegas son fillas da tinta de Rosalía de Castro?

No meu recente libro *María Mariño noonsel das escritoras galegas*, mesmamente comezo a breve análise do papel dela salientando a necesaria indivi-

dualización que merecen as escritoras da literatura galega. Rosalía de Castro, Francisca Herrera, María Mariño son conxéneras, connacionais e comparten o mesmo oficio: son escritoras. A partir destas evidencias, coido que non convén extremar as analoxías, influencias ou débedas; isto é, coido que non é procedente instaurarmos unha sorte de “dinastía” feminina, porque, en tanto individuos distintos e ideoloxicamente dispares, así como esteticamente, reclaman, tamén, unha análise individualizada.

Realmente, Rosalía de Castro non é homologable ou comparable con ninguén da súa sincronía ou de posteriores etapas da literatura galega, polo seu carácter fundacional e porque atinou, de forma insuperable, a unir patriotismo e feminismo dun xeito explosivo. En avaliación rápida, Francisca representaría máis a súa antítese cá súa continuación, por moito que a escritora coruñesa a considerase a súa mestra venerada. María Mariño, en fin, é autora dunha obra pequena, fortemente confesional e introspectiva, terapia posible ante cicatrices e feridas vitais profundas. Ora, nunha certa dimensión, todas as escritoras que viñeron despois de Rosalía son “rosalianas”, xustamente porque ela abriu o camiño e unha nova fonte de lexitimación social para as mulleres.

En 1986, a *Festa da Palabra Silenciada* dedicoulle un monográfico a Francisca Herrera Garrido e, en 1997, detívose en María Mariño; sen dúbida, esta revista contribuíu ao recoñecemento destas escritoras, cre que influíu na decisión da academia?

Sen dúbida, a publicación, en 1986, de *Festa da Palabra Silenciada*, dedicada monograficamente a Francisca Herrera Garrido, influíu positivamente no ánimo e na decisión dos académicos para lle dedicar, no ano seguinte, o Día das Letras Galegas. Talvez fose tamén a oportunidade da Real Academia Galega compensar o desprezo con que, no seu día (1945), a tratou, ao nomeala académica e non proceder ao seu ingreso formal na institución. O mesmo podemos dicir do número dedicado en 1987 a María Mariño, pola mesma revista. O papel, en fin,

do feminismo organizado, tanto asociativa como politicamente, xogou de certo a favor da visibilización das mulleres en todos os campos, incluído o literario.

Como valoraría a presenza da muller como escritora na literatura galega na época de María Mariño? Cre que os escritores desa época mostraron realmente unha nula ou escasa preocupación polo mundo das mulleres?

Penso que a irrupción de María Mariño na literatura galega nos primeiros anos sesenta do pasado século non foi desprezada en absoluto. O seu amigo Novoneyra consegue a edición de *Palabra no tempo*, na benemérita editorial Celta, de Lugo; Manuel María, Ánxel Fole, Borobó, Victoria Armesto... fanse eco desta obra e desta nova escritora; Ramón Otero Pedrayo prológa; Raimundo Patiño ilústraa... Outra cousa é a febleza e as dificultades de existencia, a aquela altura, da literatura galega no seu conxunto, tanto no dominio mediático coma no ensino ou na nula institucionalización que padecía.

A miúdo, lese a poesía de María Mariño desde, con e a través de Uxío Novoneyra. Que é o que atopa vostede na súa obra orixinal e que é o que pensa que se lle pode atribuír a unha influencia de Novoneyra?

A “sombra” de Novoneyra é tentación permanente na lectura de María Mariño. Hai, desde logo, motivos e recorrencias comúns; con toda probabilidade, non só “mecenado” deste autor, senón certo labor titorial. Mais isto non impide a potencia e a orixinalidade dunha voz como a dela, tan concentrada nun monólogo interior e nunha internalización da paisaxe courelá. Por tanto, unha voz autónoma e singularizada, por riba de influencias e recomendacións. Claro é que a lemos desde e despois de Novoneyra, intérprete lapidario da súa

terra natal, o que determina un fenómeno ben interesante verbo da recepción da obra literaria en xeral: como a literatura nunca é adánica, senón sempre conectada ao tempo real de posibilidades lectoras dun público.

Novoneyra cualificou a María Mariño de “dinamiteira da fala”, que opinión lle merece esta cualificación?, pode facer unha valoración da lingua poética de María Mariño?

María Mariño cumpre unha das regras de ouro da creación poética, como é a ruptura de formas habituais de comunicación da lingua denotativa, da lingua común. Isto é ben visible no tratamento sintáctico e no semántico e, por tanto, na entraña das formas lingüísticas. Creacións verbais (“lonxear”); substantivación de adverbios (“lonxe”, “onte”, “logo”...); descolocación das frases... A isto se refire, coidamos, a expresión de Novoneyra: exploración fecunda e afortunada dunha riqueza escondida na propia lingua, que dá lugar a unha “nova” lingua poética, avanzada, desde logo, da nova estética da segunda metade do século e conectada á vangarda da primeira metade do mesmo XX: hilozoísmo, animismo, panteísmo.

Como valora a recepción da obra de María Mariño?

No seu tempo, reitero o dito na resposta á pregunta 3. Con posterioridade, desapareceu practicamente ata 1990, fóra das lembranzas que dela fixo sempre Novoneyra, ano en que o Concello de Noia editou o seu *Verba que comenza*. En 1994, Victoria Sanxurxo Fernández dispón a edición da obra completa, na que inclúe poemas publicados na revista *Trabe de ouro*. E ata o presente, en que volve existir grazas a ser a dedicatoria do Día das Letras Galegas deste 2007. Sería ben que puidésemos ter un coñecemento continuado da literatura galega non dependente de certas efemérides institucionais-mercantís; isto é, que non fose flor dun día a

divulgación ou valorización dos escritores e escritoras de noso.

ACTIVIDADES

1. Valoración do Día das Letras Galegas. Organízade unha mesa redonda e aborda-de o papel desta celebración para dar a coñecer a obra dos escritores e escritoras galegos.
2. Investiga arredor da historia da Real Academia Galega. Podes atopar información na biografía cronolóxica de María Mariño que che achegamos nesta unidade. Tamén na páxina web da RAG: www.rag.org.
3. Cantas mulleres formaban parte dela nos seus inicios? Cales eran os seus nomes?
4. Cantas académicas numerarias integran actualmente a RAG? Atopa os seus discursos de ingreso nesa institución.
5. Investiga arredor da edición de 1992 de *Verba que comenza*. Quen ilustrou a obra? Coñeces algunha ilustradora galega?
6. Cando lle foi concedida a Medalla Castelao a Victoria Armesto? A que outras mulleres se lles concedeu este galardón? Por que lles foi concedido?
7. Onde comezou e onde rematou Borobó o seu labor xornalístico?

8. Victoria Sanjurjo editou a obra de María Mariño en galego reunida por vez primeira. Que achegou esta publicación ao coñecemento da escritora? Que é unha edición crítica?

9. Enlaza o nome das seguintes publicacións galegas coa data na que apareceron:

<i>Encrucillada</i>	1965
<i>A Saia</i>	1997
<i>Teima</i>	1974
<i>Grial</i>	1981
<i>A Nosa Terra</i>	1977
<i>Enclave</i>	1996
<i>Dorna</i>	1916
<i>Verba</i>	1976
<i>Tempos Novos</i>	1982

10. Busca información de investigacións relacionadas coa temática lingüística das seguintes autoras:

Pilar Vázquez Cuesta
Goretti San Martín Rei
Iolanda Galanes
Carme Hermida
Rosario Álvarez

11. Investiga no currículo de María Pilar García Negro as responsabilidades políticas que desempeñou.

12. Consulta a Biblioteca Virtual Galega e procura información sobre a obra de María Pilar García Negro.


2.6. Os oficios de María Mariño

2.6.1. María Mariño e o oficio de costureira

Antes de ser tecedora de palabras, María Mariño transformaba fíos e teas en roupa, foi costureira. Como acontecía nas familias que pertencían ao estrato social humilde, María, as súas irmás e irmáns non podían pretender ter estudos e, no mellor dos casos, cos coñecementos mínimos de escola —ler, escribir e facer contas—, había que poñerse a traballar. María, igual que as irmás, tiña o oficio de costureira, que era un dos máis representativos do abano de traballos que realizaban as mulleres na sociedade tradicional.

Daquela, ser costureira tiña unha certa consideración social, pois non implicaba a dureza doutros traballos a cambio de xornal, como os da terra, e favorecía o cultivo das relacións sociais (Lorenzo, 2002). Aínda non se producira a ruptura espacial que hoxe coñecemos entre ámbito doméstico e ámbito do traballo e, malia que existe diferenciación sexual do traballo, a casa era o espazo no que homes e mulleres desenvolvían conxuntamente a produción. Neste contexto, o termo “casa” fai referencia á vivenda e ás terras de labor que pertencían á familia; é dicir, o que se entende por ámbito doméstico.

Neste poema de Rosalía de Castro, a autora utilizando o recurso da ironía fornece datos para unha boa distribución de xénero do traballo da casa.



Lara Rodríguez Lorenzo. 1.º ESO. IES San Paio de Tui
Ceras. Papel. 21x29,5 cm

XAN

Xan vai coller leña ó monte
Xan vai a compoñer cestos,
Xan vai a poda-las viñas,
Xan vai apaña-lo esterco
e leva o fol ó muíño,
e traí o estrume ó cortello,
e vai á fonte por auga,
e vai á misa cos nenos,
e fai o leito co caldo.
Xan, en fin, é un Xan compreto,
desos qu' a cada muller
lle conviña un polo menos,
pero cando un busca un *Xan*,
casi sempre atopa un *Pedro*.

Pepa, a afertunada Pepa,
muller do Xan que sabemos,
mentras seu home traballa,
ela lava os pés no rego,
cátall' as pulgas ó gato,
peitea os longos cabelos,
bótalles millo ás galiñas,
marmura co irmán do crego,
mira s' hai ovos no niño,
bota un ollo ós mazanceiros,
e lambe a nata do leite,
e si pode bota un neto
ca comadre, qu' agachado
traillo en baixo do mantelo.
E cando Xan pola noite
chega cansado e famento,
ela x' o espera antr' as mantas,
e ó velo entrar dille quedo.

-Por Dios, non barulles moito,
que m' estou mesmo morrendo.
-¿Pois que tes, ña mulleriña?
-¿Que hei de ter? Deita eses nenos,
que esta madre roe en min
cal roe un can nun codelo,
i ó cabo ha de dar comigo
nos terrós do simiterio...
-Pois, ña Pepa, toma un trago
de resolio qu' aquí teño,
e durme ña mulleriña,
mentras os meniños deito.

De bágoas s' enchen os ollos
de Xan ó ver tales feitos;
mas non temás, qu' antre mil
n' hai máis qu' un anxo antr' os demos;
n' hai máis qu' un atormentado
antre mil que dan tormentos.

Rosalía de Castro, *Follas Novas*, 1868

Dentro do oficio de costureira, existía como unha gradación que tiña que ver coa formación e co poder adquisitivo. As costureiras que ían polas casas, como María Mariño, eran as que estaban no nivel máis baixo. Normalmente, tiñan menor formación e recursos que as modistas e xastras (estas dispuñan de taller) e confeccionaban a roupa dos labradores pobres, dos xornaleiros e dos obreiros da cidade, pois estes non podían pagar os prezos da roupa confeccionada. As familias ricas chamábanas para facer amaños a domicilio, polo menos dúas veces ao ano, cando se producía o cambio da calor para o frío, e viceversa; entón cumpría arranxar a roupa, adaptala ás medras da rapazada ou zurcir. Non era raro que a costureira parase na casa un día ou dous, para facer todo o traballo. Tamén estaba socialmente moi ben considerado que as familias con máis posibilidades económicas tivesen unha costureira, aínda que a roupa nova a mercasen en tendas ou llela encargasen ás modistas e xastras.

María Mariño viviu as transformacións económicas que se deron en Galicia na evolución do modelo de sociedade tradicional agraria a un modelo tardío de sociedade industrial (actualmente, terciaria ou

de servizos). Estes cambios supuxeron unha fonda transformación da xeografía dos espazos sociais; público e privado adquiriron novos significados e, ao trasladarse o centro da produción da casa á fábrica, trasladáronse tamén cara a fóra o valor dos produtos e o salario dos produtores. O salario (recompensa ao traballo) pasou a ser simbolizado pola produción desenvolvida no exterior da casa, dominio tradicional dos homes, e quedaba a produción doméstica negativamente connotada polos prexuízos cara ao feminino e marcada dentro do campo semántico das axudas (ao traballo principal, desenvolvido polos homes no exterior). Nesta época e, nalgúns sectores, aínda hoxe, comezou a estar moi mal visto que a muller gañase máis diñeiro ca o seu home, xa que el debía ser a principal fonte de ingresos para a familia.

O oficio de costureira simboliza mellor ca ningún outro a segregación na xeografía androcéntrica dos espazos sociais. Trátase dun oficio realizado tradicionalmente por mulleres no ámbito familiar e, como todo o referido a ese universo, quedou confinado na invisibilidade.

Este texto achega luz sobre o traballo “invisible” (neste caso, en prol do galeguismo) doutra ilustre costureira galega, María Miramontes:

E da costureiriña de quen tanto se ten reclamado a historia convén dicir moitas cousas. A primeira é que, se ben non é certo que subvencionase o libro galego, coa súa agulla si é certo que axudaba na imprenta e que participara sempre co seu home en negocios comúns. Tamén hai que dicir que María Miramontes non era unha sombra do seu home. Posuía formación política, unha ampla cultura e unha voz e opinión capaces de llas cantar ao propio Daniel Castelao. Desde o seu casamento, comparte co editor responsabilidades e beneficios, xa como comerciantes en teas, xa como libeiros editores, desde a fundación de Nós e independencia de Casal do seu socio Leandro Carré. Desde 1928, ata a morte salvaxe de Casal, a parella ofrece un dos exemplos máis interesantes de identificación de intereses político-sociais, ideais e traballo. Exemplo propio dunha época moito máis libre canto a pensamento e parellas do que foi a España e a Europa posbélica. Datos que convén lembrar para comprendermos a importancia da súa non excepcionalidade. María Miramontes ten unha historia de militancia e compromiso anterior á da súa vida matrimonial. A ilusión, compromiso e igualdade das dúas partes desta parella é quizais un dos trazos máis orixinais de entre as biografías dos galeguistas de preguerra, quizais só compara-

ble á dos seus amigos Bernardino Varela do Campo e Elvira Bao, tamén irmáns da fala e galeguistas (Vázquez Souza 1999: 476-477).

Durante os anos sesenta e setenta do século XX, co comezo da modernización da economía galega, moitas costureiras entraron a traballar nas fábricas das cidades e convertéronse en obreiras con dereitos regulados. Nos anos 80, unha reestruturación global do sector veu provocar unha volta do oficio ao doméstico e un retroceso da súa valoración social.

Os procedementos do traballo a domicilio que permite aforrar os gastos da contratación, de subcontratación, que lles traslada a terceiros a responsabilidade no cumprimento dos dereitos laborais, ou da remuneración por pezas no canto da remuneración por xornada de traballo, foron fórmulas da economía preindustrial que permitiron o despegue das grandes empresas galegas no mercado téxtil globalizado. A participación no sector das mulleres do rural, ata ese momento dedicadas principalmente á agricultura, permitiu contar cunha reserva abundosa de man de obra a baixo prezo, que foi a peza chave do éxito desas empresas.

A emerxencia de países exportadores de confección con prezos máis competitivos (o caso da China é o máis significativo) está a levar as grandes compañías a trasladar parte da produción (en particular, o cosido) a lugares do mundo onde a man de obra é máis barata que a galega (China, países da Europa do Leste, Magreb).

As multinacionais seguen actualmente unha tendencia de segmentación xeográfica que leva a manter en Galicia o deseño e a mercadotecnia das coleccións e a trasladar cara a fóra a produción das pezas. Pese a esa tendencia, a ocupación no sector téxtil segue a medrar. Logo dunha etapa inicial de produción baseada nas prácticas laborais abusivas, que deu lugar a campañas de protesta e espertou rexeitamento nas persoas consumidoras, a produción está a volver ao taller e aparecen estratexias de innovación no sector baseadas na mellora tecnolóxica e nas fórmulas empresariais que lle achegan valor ao traballo das costureiras (un exemplo son as cooperativas de mulleres asociadas ás firmas de calidade de Moda Galega).

ACTIVIDADES

1. Fai unha redacción que conteña as seguintes palabras do campo semántico do téxtil:

fiadeiro alfaiate alfinete xastrería tesoir
 pano fiaño modisto tea alferga modista

2. Define as seguintes palabras: modista, deseñadora, xastra, costureira. Procura a súa correspondente masculina. Fai unha reflexión sobre os xénero e os oficios. Cal é o feminino de soldado?

3. A literatura é unha boa fonte para entendermos a sociedade e a súa evolución; por iso, desde un óptica feminista son importantes os estudos que se centran na imaxe da muller. Podes buscar información sobre a comedia teatral *A costureira de aldea*? As cantigas de oficios e os refraneiros da literatura oral recollen o prestixio que tiña cada oficio na sociedade galega tradicional, comenta estas dúas cantigas que van a continuación:

Deus llo pague a miña nai por me facer cos-
 tureira,
 Vén a chuvia non me mollo,
 Vén o sol non me queima

* * *

Costureira non a quero,
 Non a queiras meu irmán,
 Que che ten as pernas tortas
 de andar arrastro no chan.

4. Investiga se na túa familia houbo ou hai algunha muller co oficio de costureira. Houbo ou hai alguén que traballe no mundo do téxtil? Quen sabe coser na túa casa?

Cres que esta actividade está máis relacionada co feminino?

5. Fai unha pequena investigación sobre as actividades que realizan as xornaleiras. Teñen a mesma consideración social que os xornaleiros? Procura cantigas e refráns que se refiran ás persoas que teñen este oficio.
6. Cres que as actividades que realizan as redeiras e a mariscadoras se consideran unha “axuda” á economía familiar?
7. Fai unha investigación sobre o traballo das mulleres nas fábricas galegas a principios do século XX. Que tipo de produtos elaboraban? Que influencia tiveron eses traballos na mellora da situación das mulleres?
8. Propoñémosche que procures información sobre a actividade desenvolvida pola man de obra feminina en La Artística de Vigo e na Fábrica de Tabacos da Coruña.
9. Busca en pintores galegos obras dedicadas ao oficio das costureiras. Tes exemplos na obra de Luís Seoane ou de Carlos Maside.
10. Acode á tenda onde mercas habitualmente a túa roupa e mira nas etiquetas onde se elaboran as pezas. Reflexiona sobre o teu achado. Como é a produción da roupa nese lugar? Quen constitúe a man de obra?
11. No seguinte poema de María Mariño, a escritora convértese na costureira da natureza. Procura o léxico que evoque o campo semántico da roupa. Amplía ese campo semántico con máis palabras.

Viste a Naturaleza vestido feito por min.
 Visto eu dela o mellor forro,
 visto eu dela o seu corpín.
 Teño nelas o meu socorro.
 Fuxe o meu peito de min

si ela non cómpre ó redor.
Lonxe dela non me fai o corpín,
non pode ca lousa o meu cor.

A aurora é miña i é dela.
O mediodía a liña rompeu.
Ten o serán da noite estrela.

Foise a tarde e non volveu,
foise. Ten a noite moito dela,
máis do que a Lúa verte.

María Mariño, *Palabra no tempo*, 1963

Pode explicar este texto a total unión do
suxeito lírico coa natureza? Razoa a res-
posta.

A que partes do día se van facendo refe-
rencia no texto? Engade outras palabras
do mesmo campo semántico.

12. O tecer simboliza a vida que se alonga no
tempo. O tecido é o pasado que xa se viviu,
destecer é desfacer o andado. Le os poe-
mas que che ofrecemos a continuación e
contesta as preguntas que seguen:

Tecín soia a miña tea,
sembrei soa o meu nabal,
soia vou por leña ao monte,
soia a vexo arder no lar.
Nin na fonte nin no prado,
así morra coa carrax,
el non ha de virn' a erguer,
el xa non me pousará.
¡Que tristeza! O vento soa,
canta o grilo ó seu compás...
Ferve o pote... mais, meu caldo,
soiña t' hei de cear.
Cala, rula, os teus arrulos
ganas de morrer me dan;
cala, grilo, que si cantas,
sinto negras soídas.
O meu homiño perdeuse,
ninguén sabe en onde vai...
Anduriña que pasache
con el as ondas do mar;
anduriña, voa, voa,
ven e dime en ond' está.

Rosalía de Castro, *Follas Novas*, 1868

I

A saudade de quen son é un peito sin borrar
o ditado vello feito de quen veo pra non parar.

II

Días e días tecín na tea do meu tear.
Hoxe a tea toda feita del n' a podo sacar.

María Mariño, *Palabra no tempo*, 1963

PENÉLOPE

DECLARA o oráculo:

“QUE á banda do solpor é mar de mortos,
incerta, última luz, non terás medo.

QUE ramos de loureiro erguen as rapazas.
QUE cor malva se decide o acio.

QUE acades disas patrias a vindima.
QUE amaine o vento, beberás o viño.
QUE sereas sen voz a vela embaten
QUE un sumario de xerfa polos cons.”

Así falou Penélope:

“Existe a maxia e pode ser de todos.
¿A que tanto novelo e tanta historia?

EU TAMÉN NAVEGAR

Xohana Torres, *Tempo de ría*, Espiral Maior, 1992

Penélope

Un paso adiante i outro atrás, Galiza,
i a tea dos teus sonos non se move.
A esperanza nos teus ollos se esperguiza.
Aran os bois e chove.

Un bruar de navíos moi lonxanos
che estrolla o sono mol como unha uva;
pro tí envólveste en sabas de mil anos
i en sonos volves a escoitar a chuva.

Traguerán os camiños algún día
a xente que levaron: Deus é o mesmo.
Suco vai, suco vén, Xesús-María!,
e toda cousa ha de pagar seu desmo.

Desorballando os prados coma sono
o tempo vai de Parga a Pastoriza.
Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.
Un paso adiante i outro atrás, Galiza!

Xosé María Díaz Castro, *Nimbos*, Edit.
Galaxia, 1961

13. Normalmente, fálase da influencia que a obra de Rosalía de Castro exerceu sobre a de María Mariño, sempre se relacionaron estes dous poemas da autora de Padrón e da autora de Noia. Cal é o tema do poema rosaliano? Cal é o tema do poema de María Mariño? Cres que María Mariño evoca o poema rosaliano? Como?
14. Quen é na literatura clásica Penélope?
15. Penélope representa a fidelidade, a muller que tece e destece a tea en soidade, para que o tecido non medre, para non rematar a obra. Relaciona estes poemas coa imaxe clásica de Penélope. Analiza as diferentes soidades e/ou saudades das que se fala nos textos.
16. Repara no poema de Xohana Torres. Por que declara o oráculo? Pode entenderse o verso final como unha rebelión contra a historia, contra o prescrito?
17. No poema de Xosé María Díaz Castro hai unha identificación de Galicia con Penélope, que pretende o poeta?

Coruña: Real Academia Galega. Podes consultalo na rede: <http://www.edu.xunta.es/diccionarios/index.html>.

Lorenzo, X. (2002): "Os oficios". *La Voz de Galicia*.

Muñoz, Abeledo, L. M. (2003): "As mulleres de La Artística. Un estudio sobre o traballo feminino na industrialización de Galicia". *Festa da Palabra Silenciada*, (18), p. 7-40.

Roseman, S. R. (2000): "Vendiendo la labor, vendiendo los conocimientos: un estudio antropológico de las modistas de taller y de las costureras ambulantes gallegas", *SEMATA*, 12, p. 361-383.

Taboadela Álvarez, O., Martínez Iglesias, M. e Castro Serantes, M. (2005): "Del escaparate a la trastienda: mujeres y trabajo invisible en la confección gallega", en Juan José Castillo (dir.) *El trabajo recobrado. Una evaluación del trabajo realmente existente en España*. Buenos Aires: Miño y Dávila.

Vilar Carril, M.^ª L., Tilve Costas, M.^ª X., Vázquez Rei, J., Abalo González, M. C., Vaamonde Balado, M. M. (2000): *Os oficios. Sombreireiras, zapateiros, selleiros e cesteiras*. Brión: Concello de Brión.

Vázquez Souza, E. (1999): "Unha cala admirativa na biografía de María Miramontes", en *A Trabe de Ouro*, 40:473-492.

Bibliografía e recursos recomendados:

García, Constantino e González, M. (2000): *Diccionario da Real Academia Galega*. A

2.6.2. María Mariño e o oficio de escritora

A obra de María Mariño é a verdade máis auténtica que dela posuímos, nada nos queda do seu ganderar; da roupa feita por ela, quedan os seus poemas que gardan o alento da escritora que se foi, como nos deixa dito no derradeiro poema, "A paso limpo".

Se lemos con profundidade a súa obra, sabemos que María Mariño tiña conciencia de escritora, só así se pode pensar, reelaborar, crear unha lingua poética, retorcer as palabras e a sintaxe, ata dotala de novos significados. Ela é a súa propia escrita.

Mais que é ser escritora? Esta é unha pregunta que, aparentemente, merece a mesma resposta que a de ser escritor. É unha pregunta que pode provocar respostas variadas: ser escritora, e tamén escritor, é vivir do oficio de escribir. Escribir é traballar co material das palabras, como o compositor de música traballa coas notas musicais; como o escultor traballa coa madeira, co mármore, coa pedra ou con outros materiais; como o pintor traballa coa acuarela, co lenzo ou sobre a madeira, por exemplo. Aínda que non todos os escritores, compositores musicais, escultores ou pintores poden vivir unicamente deste traballo e procuran outra actividade que lles axude economicamente. Tamén hai algún deles que prefiren non converterse en profesionais, aínda que iso é outro cantar no que agora non imos entrar, mais o que si é seguro é que a todos eles, creadores, lles gustaría poder ter todo o tempo do mundo que quixesen para crear. Mais todos estes escritores, compositores musicais, escultores ou pintores teñen visibilidade social e a sociedade recoñécelles o seu oficio.

As escritoras, as compositoras musicais, as escultoras e as pintoras non o tiveron e, en moitos casos, non o teñen nada fácil. Tampouco o tivo fácil e, en moitos casos, aínda non o ten fácil, calquera muller que se quixese dedicar a ser médica, avogada, fontaneira ou electricista. Era difícil, e en moitos casos aínda é, que a muller puidese ter unha profesión ou un oficio que non fose tradicional.

Un dos primeiros atrancos con que se atopan as mulleres na época de María Mariño era a falta de educación que lles permitise valerse por elas na vida, xa que non todas as persoas de orixe humilde tiñan acceso a un ensino mínimo e, moito menos, as mulleres. A educación, por outro lado, estaba ao servizo da mentalidade dominante e a muller que non tiña problemas económicos era educada para realizar as tarefas do fogar ou para poder dirixilo, pero non para ter unha profesión que a fixese independente economicamente. Era moi importante renovar a pedagogía e a formación das mestras que debían transmitir coñecementos, este foi un tema que lles preocupou a moitas peda-

gogas e que provocou grandes discusións no século XIX. Como nos indica a profesora Aurora Marco (2002), o debate da formación das mestras e da educación das mulleres tivo moita importancia no Congreso Pedagóxico de 1882; a pedagoga, nacida en Compostela, Concepción Sáiz, escribiría un artigo sobre este congreso que se publicaría en *La Escuela Moderna* en 1893, co título de “La mujer en el congreso pedagógico”, no que a autora recolle as propostas emanadas do congreso para as reformas necesarias que lle permitan á muller aspirar algún día “ao ditado de persoa”, algo que non vían con moi bos ollos algúns homes, tal e como nos indica:

Hombres ilustres hubo que contribuyendo noblemente al esclarecimiento de los puntos discutidos, hicieron sentir la necesidad de que se eduque a la mujer desarrollando íntegramente sus facultades físicas y espirituales. Estos, sin embargo fueron los menos; los más se declararon resueltos partidarios de que la mujer conserve los encantos con que la adorna la ignorancia. Alégranse en pro de esta afirmación todos los conocidos argumentos que arrancan de la tesis de que la mujer no tiene otra misión sino la de esposa y madre, presentando, para demostrar que su ineptitud orgánica la imposibilita para el trabajo, hondas consideraciones fisiológicas, que es lástima no se tengan en cuenta para prohibir las faenas de las planchadoras, lavanderas, layadoras y de otras muchas dedicadas a tareas no menos rudas que las enunciadas. Mas a estos conocidos argumentos no dejaron de agregarse otros novísimos, tal como el de afirmar que ‘una mujer que contribuya con los productos de su trabajo a sostener la familia, no será sumisa a su marido’, caso en que deben encontrarse todas las mujeres que aportan al matrimonio una dote cuantiosa.

Nos tempos que a María Mariño lle tocou vivir, a muller logrou algunhas conquistas en materia de educación, aumentou o número que accedeu ao ensino medio, ás escolas normais e, a principios de século, comezaron con menos atrancos a instrución universitaria. A mocidade da escritora é contemporánea cunha época esperanzadora para Galicia, a das Irmandades da Fala, da Xeración Nós, do Seminario de Estudos Galegos, das primeiras asociacións sindicais e obreiras. Nesta época, débatese o futuro da lingua galega, o futuro de Galicia como identidade e o da clase obreira. Malia que a historia case nunca nomea a muller, esta tamén participou en moitos debates da época e, se nos detemos nas publicacións daquela, como poden ser *A nosa Terra*, atopamos o nome de Corona González, que envía un artigo desde París en 1927 e que insiste na importancia da educación da muller.

PRA OS PAIS QUE TEIN FILLAS

As mulleres precisan da educación e da instrución máis que os homes. Educar unha muller é educar a Sociedade. Educar un home é educar nada máis un home...!

(...) Os pais que tein fillos e fillas só se ocupan da instrución dos fillos algunhas veces facendo grandes sacrificios, incluso empeñándose pra conquistar dar carreira a algún, que moitas veces non sae toda a vida de ESTUDAR PRA ESTUDANTE, e desa semente sae máis tarde a cantidade enorme que temos de señoritos que non sirven pra nada, si non pra gastar o que os pais xuntaron con tanto traballo, e vir terminar con o pouco que ás coitadas das irmáns lle ficou; vein pra Aldea érguese tarde, paseian, xúntanse con o secretario, farmacéutico, xuez e crego, par falar de política, querendo reformar o país en media hora (...).

A muller precisa saber gañar a vida se non for máis, polo menos tanto como o home. A muller pra abrirse camiño na vida pasa moitos máis camiños e desgostos —sen contar os traballos— que o home. É necesario insinarlle a traballar, pra ser independente, e facerlle entender que non é necesario o casamento, nen ser monxa pra ser feliz neste mundo. Só pode adequerir a independencia de carácter, e poderán casarse, ou non, sin ter medo a quedar solteiras pois non precisan de un que as manteña. A maior parte dos matrimonios desgraciados que ha, consiste na falla de instrución da muller, pois a que pensa un pouco (ha algunhas que non pensan nada) e lle aparece un rapaz que quer casar con ela, aínda que non lle agrade moito, e non sea o tipo soñado, ve que xa ten —supoñamos— 26 anos, que, o que os pais tein non lle chega pra vivir sen traballar non pode porque non lle insinaron a facer nada que sirva pra gañar a vida decentemente, e antes de ter que servir cásase co primeiro que lle apareza, pois o capital dos pais xunto son hortas e separado hortiñas, si estas hortas non están empeñadas xa, ó usuario da terra, que lle proporcionou o diñeiro para estudar o señorito do seu irmao. Si repartisen a instrución entre as fillas como nos fillos, ensinado as fillas a gañar a vida decentemente, ¿que duda cabe que unha muller que sabe traballar, que sabe gañar a vida sen necesidade de ningún, si lle aparece un rapaz que non é do seu agrado o manda a pasear e non ten o menor medo a quedar solteira? Só se casará con quen ela gusta de verdade, claro que iso non é unha proba para ser felices. Pois moitas veces os xenios non se dan ben, pero ha máis probabilidades de o ser, que cando se casan só por ter quen as manteña (...).

Se o feito de que a muller teña unha independencia económica pode facer cambalear a sociedade patriarcal establecida, que destina a muller ao mundo do privado e o home ao mundo social, ser

considerada escritora leva ademais implícitas outras armas, leva a admitir que a muller é un ser que pensa e razoa. Rosalía de Castro é a primeira autora da literatura galega con conciencia de escritora e recoñecida por toda a colectividade. Ela reflicte nos seus escritos a problemática da muller que decide facer da escrita a súa vida. En 1858, escribe *Lieders*, onde se declara insubmis a orde dominante e ás regras da arte; en 1865, escribe na súa etapa de madurez *Las Literatas*, unha epístola, “Carta a Eduarda”, que asina Nicanora, na que se poñen en evidencia todos os prexuízos sociais que fan que ser escritora sexa unha cruz e que convertan a quen o intente nunha muller “rara”, que provoca, por unha banda, a crítica dos homes que saben que a virtude da muller é facer que sobresaia a sabedoría do varón e, pola outra, a incompreensión das outras mulleres que non admiten que alguén cuestiona a súa vida. Ademais, Rosalía tamén reflexiona sobre a escrita, sabe que ás mulleres aínda non lles está permitido escribir o que senten e o que saben, como nos lembrará no prólogo de *La Hija del Mar* (1859), mais ela vaino facer, vai escribir do que sabe e do que sente, por iso se converte, desde o punto de vista social, nunha muller de-xenerada, fóra do seu xénero. Sábeo e, por iso, pode escribir este poema, co que comeza *Follas Novas* (1868):

Daquelas que cantas as pombas i as frores
 todos din que teñen alma de muller
 pois eu que n'as canto, Virxe da Paloma,
 ¿ai! ¿de que a terei?

Ademais de atreverse a escribir, que xa se cuestionaba por que o deber dunha muller é deixar a pluma e zurcir calcetíns, como lembra Nicanora, Rosalía de Castro atreveuse a escribir o que as mulleres aínda non podían, como Emilia Pardo Bazán ou Concepción Arenal. Outras só entretiñan o paso do seu tempo con poemas ou novelas que non fixesen ningún mal, seguidoras da boa moral e da relixión, sen críticas políticas nin reivindicacións de tipo social, seguían sendo anxos do fogar. A muller escritora non estaba ben vista e, aínda que fose inofensiva cos seus escritos, cos seus versos con rima e que se soubese que os podía enviar a certames literarios como os Xogos Florais, mellor era que os seus versos ficasen na casa e para a familia. Se a poesía aínda se toleraba, que a muller escribise narrativa era algo peor, nunha sociedade na que non estaba ben

vista a muller lectora de novela, xa que estas podían pervertela. Non é estraño que escribisen con pseudónimo e, nalgúns casos, que este fose un nome de home.

Segundo as testemuñas que recolle o biógrafo de María Mariño, Xerardo Agrafoxo, a futura escritora era na súa mocidade “rara” e non se conformaba co papel que como muller estaba destinado para ela socialmente. María Mariño foi costureira, crea un parvulario en Escarabote, casa e convértese na muller do mestre, ao que chega a axudar no seu traballo cando el está enfermo e, finalmente, é unha escritora que procura publicar a súa obra. Aínda hai moitas sombras na vida da noiesa, o que si se observa é a súa intención de dedicarse ao ensino, quizais ser mestra, xa que ser mestra nesa época representaba unha “superación” e tamén unha certa independencia. É na súa etapa de madurez cando comeza a escribir, é nesa etapa no silencio e afastamento do Courel onde crea a súa obra. Uxío Novoneyra é quen descobre a poeta que hai en María Mariño; é quen, a través dun diálogo constante, dunha profunda relación literaria, naci- da ao pé da letra e da escrita, se vai converter, sen dúbida, no primeiro interlocutor que comprenda os desexos da escritora. Uxío Novoneyra coidará da obra de María Mariño e coidará da súa imaxe como escritora, xa que el é quen a conecta co noso mundo, ao que chega só pola escrita.

Foi tamén a influencia de Uxío Novoneyra a que converteu a María Mariño en escritora en galego. Lembremos que falaba castelán na feira de Seoane, aínda que habitualmente usaba o galego “noiés” (segundo o testemuño do poeta Manuel María). Pintaba os beizos, ocultaba a idade, vestía de maneira distinguida e, como moitas mulleres da súa época, cambiaba de lingua para parecer máis refinada.

Dada a súa vontade de superación persoal, o cambio de lingua era entendido como un elemento necesario de refinamento.

Era una señora —dició Roberto—, para ella toda finura era poco. Una palabra, un grito, la hacía estremecer” (Agrafoxo, 2007: 125).



Paula Rodríguez Lorenzo. 1.º ESO A. IES San Paio, Tui.
Pastel - Papel. 21x29,7 cm

Ela podía ter escrito unicamente en castelán, hai unha obra sobre as súas vivencias da Guerra Civil nesta outra lingua que permanece inédita. As obras poéticas *Palabra no tempo* (1963) e *Verba que comenza* (1990) son as que a converten en escritora.

ACTIVIDADES

1. Cales son os argumentos en contra da educación das mulleres que se expoñen no texto de Concepción Sáiz?
2. Que argumentos emprega na defensa da educación das mulleres Corona González, no anaco de texto pertencente ao artigo “Pra os país que tein fillas”?
3. Procura información sobre a Institución Libre de Enseñanza.
4. Procura información sobre María Barbeito e Elvira Bao.

5. Cales foron as primeiras mulleres galegas que accederon á universidade?
6. Que obra literaria en galego escribiu Filomena Dato Muruais?
7. Desde a publicación de *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro, á publicación de *Palabra no tempo*, transcorreron cen anos. Coa axuda da cronoloxía final, localiza as principais obras de autoría feminina escritas neses cen anos. A que xénero pertencen?
8. A quen está dedicado o libro de *Cantares gallegos*? Por que?
9. Cal foi o verdadeiro nome de Fernán Caballero e de George Sand?
10. Que pseudónimos empregaron Mari Luz Morales, María Asunción Correa Calderón, Emilia Calé, Fanny Garrido?
11. Algúns homes tamén ocultaron a súa identidade baixo nomes femininos. Proba as túas habilidades para a investigación e, malia as dificultades, contesta o seguinte: Quen foron Blanca de Baldomir, Arminda Flora Serrano e Dosinda Areses? Como pistas, dicímosche que os seus nomes se corresponden con: un escritor dun libro de relatos do século XIX, un autor moi relacionado coas Irmandades da Fala e con Heriberto Bens.
12. Propoñemos que leades na aula *Las Literatas* e *Lieders*, de Rosalía de Castro. Facede un resumo das ideas fundamentais destes dous textos.
13. Despois de ler e analizar o texto anterior, imaxínade que sodes Eduarda e que, como Rosalía de Castro, Eduarda, contra o que dirán e contra todo, decide ser escritora e entón vai contestarlle a Nicanora. Escribide esa carta.
14. Despois de buscardes información sobre a obra literaria de Rosalía de Castro en castelán, propoñede na aula de lingua e literatura española a lectura de libros de Rosalía de Castro. Facede o mesmo coa obra de Emilia Pardo Bazán.
15. Consulta o seguinte artigo no que diferentes autoras abordan a escrita das mulleres na madurez: www.culturagalega.org/album/detalle_extra.php?id=284. Reflexionade sobre este tema.

Bibliografía

- ARMAS GARCÍA, Celia María, (2002): *As mulleres escritoras (1860-1870). O xenio de Rosalía*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- CASTRO R. (2006): *El caballero de las botas azules, Lieders, Las Literatas*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- GARCÍA NEGRO, P. (2006): "Estudo Introdutorio" en Castro Rosalía de: *El caballero de las botas azules, Lieders, Las Literatas*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco. pp. 13-144.
- González, Corona, (1927): "Pra os pais que tein fillas", en *A Nosa terra*, n.º 235.

MARCO, A. (2002): *Mulleres e educación en Galicia. Vidas de mestras (1850-1936)*, Sada: Edicións do Castro.

——— (1993): *As precursoras*, A Coruña: La Voz de Galicia.

2.7. As obras de María Mariño

María Mariño está incluída como poeta dentro da Xeración de 1936, con autores como Aquilino Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro, Carballo Calero, Eduardo Moreiras, Miguel González Garcés, Xosé María Álvarez Blázquez, Antón Tovar, Pura Vázquez, Luz Pozo Garza e María do Carme Kruckemberg.

É Méndez Ferrín, en 1984, en *De Pondal a Novoneyra*, como crítico, o que a sitúa no contexto literario galego e o que, desde a autoridade da súa investigación, a vai caracterizar como autora:

A soedade das terras do Courel e o trato con Novoneyra estimúlana a escribir. De moi limitada información literaria, asimila a obra de Novoneyra, a de Rosalía e vive con fondura a poesía popular. Reside no Courel ata a súa morte. Vítima da leucemia (...).

Palabra no tempo é unha obra revolucionaria. María Mariño forza na súa poética, ata máis aló da norma ou ata o límite da norma, o sistema do galego e contraría interiormente a súa estrutura. Neste sentido, poderíamos sinalar algunhas mostras da subversión lingüística practicada por María Mariño:

- A preposición *de* máis un adxectivo desenvolve unha función adverbial.
- O adxectivo máis insospeitado pode ser substantivado: “Nace en min un novo longo con mofo na raíz tecida”.

- Un adverbio pode funcionar como substantivo: “ergue nela o que non sei si vou o espero cando”.

Esta ruptura interior do idioma —que non exclúe una perfecta coherencia estrutural— e conseguinte dislocación e confusión das súas categorías, prodúcese en función da loita para comunicar a súa experiencia mística da aniquilación. Experiencia, polo que parece, inefable, como o son as semellantes que en poetas de diversas terras e tempos amosan, como único vreiro de comunicación, a interxección, a iloxicidade, o recurso a imposibles lingüísticos.

Na peculiar vivencia de María Mariño, o seu ser individual non se funde cun ser total, cunha sorte de Deus. Non se trata, pois, dunha unión á maneira dos místicos españois do século de ouro da súa literatura. É, pola contra, a materia o elemento total que sorbe o que sorbe o ser persoal de María Mariño e que o “come”, somete e aniquila.

Nesta lírica materialista non hai vivencias da intimidade senlleira, posesión e namoro de si mesma. Polo contrario, o poeta séntese posuído pola materia vivida dinamicamente. Entrégase e déixase levar por ela. Finalmente, o poeta xa non é un eu, senón que se desdobra e fala dela, porque o seu espírito está xa fóra, entrou no cosmos. Pódese ver alí confundida coas cousas.

A obra de María Mariño, raro e valiosísimo mundo escuro, foi case unanimemente desdeñada pola crítica (Ferrín, 1990: 95-96).

ACTIVIDADE

1. Cales son, segundo Méndez Ferrín, as características principais da escrita de María Mariño?
2. En que se diferencia da mística española?

3. Cales son as influencias literarias que se perciben na obra da autora de *Palabra no tempo*?
4. Por que Méndez Ferrín utiliza “o poeta” cando se refira a María Mariño? Razoa a resposta.



Portada de
Palabra no tempo

Palabra no tempo

Palabra no tempo é o único libro que lle permitiu a María Mariño sentirse escritora, vivir a experiencia da publicación en 1963 e da crítica. Foi publicado pola Editorial Celta de Lugo e iniciaba unha colección que levaba o nome de Tesos Cumes, cun prólogo de Otero Pedrayo, e é un gravado de Reimundo Patiño o que se converte en portada do libro. Sen dúbida, é Novoneyra quen procura estes dous colaboradores para a edición deste primeiro libro.

Son 70 os poemas da obra, segundo se nos indica no propio libro, escritos entre 1958 e 1963. O libro divídese en tres partes, unha primeira con 35 poemas, unha segunda que consta de 29 e a terceira con seis composicións. Na primeira parte, hai poemas que teñen título: “Miña nai”, “O meu tempo”, “A morte”, etc. Son composicións que nos levan á infancia e adolescencia da autora, aos lugares non que morou, e que nos transmiten como temas fundamentais a saudade pola infancia e a dor que produce a morte. Conxuga os poemas longos, ata de 35 versos, con outros máis breves.

Na segunda parte, os poemas son breves, algúns divididos en dúas partes numeradas que se achegan ao aforismo, xa que expresan pensamentos moi profundos en poucas palabras e froito da reflexión sobre a realidade.

Na última parte, recóllense os sonetos e mediante esta composición clásica transmite a relación coa natureza e a identificación entre obra e vida. A poeta sabe que crear é vivir.

Verba que comenza

Verba que comenza é un libro que chegou ao gran público moi tarde, 23 anos despois da morte da escritora. Os poemas foron escritos entre 1966 e 1967 e chegaron ás mans de Novoneyra, que se converteu no seu defensor e no padriño da publicación. É a Asociación Cultural Catavento de Noia á que pertencen, entre outras persoas, Xerardo Agrafoxo, Ana Romaní e Avilés de Taramancos, que inicia un proceso de reivindicación da escritora que levará a publicación en 1990 do libro homenaxe, *Verba que comenza*, polo Concello de Noia, cando era concelleiro de Cultura polo Bloque Nacionalista Galego o poeta Antón Avilés de Taramancos.




Monumento en homenaxe a Antón
Avilés de Taramancos, en Noia

O libro inclúe 27 poemas da obra *Verba que comenza*, un fermoso poema do propio Avilés de Taramancos dedicado a María Mariño, unha investigación sobre a autora de Carmen Blanco, o prólogo de Otero Pedrayo, da edición de *Palabra no tempo*, unha antoloxía de textos críticos, a repro-

dución dun manuscrito da autora e algunhas fotografías de Noia. O libro está ilustrado por Reimundo Patiño.

Teríamos que agardar a 1994 para comezar a descubrir a María Mariño cando se publique *María Mariño. Obra completa*, dentro da colección Letras Galegas, de Edicións Xerais de Galicia, coa edición anotada e cunha introdución de Victoria Sanjurjo Fernández. É entón cando a obra *Verba que comenza* se publica cos seus 33 poemas numerados. Esta edición contribuíu sen dúbida a que María Mariño se fixese familiar na poesía dos noventa, que influíse nas novas xeración poéticas e que, sobre todo, dialogase coas poetas máis novas, como Emma Couceiro ou María do Cebreiro.

En *Verba que comenza* abandona a poeta os metros clásicos e as composicións populares, para facerse dona do verso libre que nos ofrece nos 33 poemas numerados e sen título. O libro trata da relación da vida coa escrita, da deterioración física que a poeta desexa deixar no papel trillado; é un libro no que se fala con e da morte presentida, poemas poboados de voces que nos trasladan a unha atmosfera onírica, a da dor e a da agonía. A poeta segue en comunión coa natureza e a volta á terra, o remate é o regreso á orixe.



Portada de *Verba que comenza*

2.8. A lingua poética de María Mariño

María Mariño escribe nun momento no que aínda non hai unha norma para a escrita, e é así como debemos ler a súa obra e, cando falemos de desviación da norma, ter presente que o facemos desde unha perspectiva actual. O galego da poeta María Mariño que xorde na súa obra é un galego popular que ten características do galego de Noia e do galego do Courel, formas dialectais que ás veces coinciden; por exemplo, o cheísmo. Na obra atopamos solucións da lingua como “camín”, “cas”, ou o emprego pronominal “il”, ou de formas verbais como “vein”, propios do bloque oriental, fronte a formas como “mañán”, do galego do bloque occidental.

Na súa escrita atopamos hiperenxebrimos de uso normal no galego literario, como “brilar”, “primaveira”, etc., vulgarismos como “pirmeiro”. Hai castelanismos léxicos (tixeiras, pinar, campá), morfolóxicos (eres, iba, leer, sin, donde, a cume...) e gráficos (són).

A materia coa que traballa a escritora María Mariño é a lingua popular, con características dialectais que ela transforma na súa propia lingua poética como materia estética; un dos aspectos que máis valorou Méndez Ferrín e que fixo que Novoneyra a convertese en “dinamiteira da fala”.

POETAS AO REDOR DE
MARÍA MARIÑO

Letras Galegas
maría mariño carou
2007

Para situar a obra de María Mariño na actualidade e en diálogo contemporáneo coa poesía galega actual, contactamos cun grupo de poetas e fixémoslles as seguintes preguntas:

1. Como valora vostede a recepción da obra de María Mariño?
2. Que opinión lle merece a poética desta autora?
3. Dialoga a súa obra coa obra de María Mariño? Pode falarnos deste diálogo?
4. Ao seu xuízo, pode indicarnos cinco poemas que non deberían faltar nunha antoloxía sobre María Mariño?

Propoñémosche que procures información sobre os poetas e as poetas: sobre a xeración á que pertencen, sobre a súa obra. Non esquezas que podes consultar a páxina da AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega), a da Biblioteca Virtual Galega, a do Consello da Cultura Galega e a das editoriais.

3.1. Respostas de Ana Romaní



Ana Romaní

1. Resposta:

A recepción da obra de María Mariño é singular e, ao tempo, un periplo sorprendente. Que vaian case trinta anos de distancia entre a publicación do seu primeiro libro, *Palabra no tempo*, e a do segundo, *Verba que comenza*, non deixa de chamar a atención, tendo en conta especialmente os avais cos que se editara o primeiro (abría unha nova colección poética dirixida por Novoneyra, con limiar de Otero Pedrayo e ilustración de Reimundo Patiño). Esa cronoloxía tan distante na edición dos seus dous libros en galego sitúa a obra de María Mariño en contextos moi diferentes e abre un abano de lecturas moi suxestivo. Se nos axustamos a esa cronoloxía, María Mariño é, ao tempo, unha poeta que publica o seu primeiro libro apenas poucos anos despois de Xohana Torres, Luz Pozo, M.^a do Carme Kruckenberg ou Pura Vázquez, e unha poeta que publica nos noventa e que lemos ao tempo que comezamos a ler a Enma Couceiro, María do Cebreiro ou Olga Novo, por exemplo. Nese sentido, a edición da obra poética de María Mariño atravesará os últimos corenta anos da poesía galega do século XX e a súa obra soporta, na miña opinión, plenamente as posibles lecturas con parámetros e interpretacións moi distintas e distantes. Por outra banda, esa mesma recepción reflicte como mudan e conviven as lecturas e as liñas de tensión do sistema literario galego ao longo de catro décadas: desde a María Mariño da natureza, dos ritmos populares e da liñaxe rosaliana, á María Mariño da indagación na voz, da insuficiencia da lingua a da transgresión do idioma, a da identidade e do eu multiplicado.

Non menos suxestiva é a posibilidade de análise que a recepción da obra poética de María Mariño nos brinda, pero como persiste e vive unha obra literaria sen o sustento da autoría? ou como a figura do escritor ou escritora condiciona a lectura da súa obra? ou como se establece a relación obra-biografía? ou que decide o status de escritor-escritora?

2. Resposta:

É unha obra poética fascinante. Apunto algúns aspectos que me interesan especialmente e que xa sinala en algún artigo:

- Unha obra poética rara e transparente na súa indicibilidade.
- Hai nos poemas de *Verba que comenza* unha palabra que é, lonxe da lóxica e mais acó da revelación que ilumina o caos, a escuridade dunha identidade crebada, da imposibilidade e da necesidade de ser.
- A tensión dos poemas de María Mariño introdúcenos nun ámbito de forzas que tiran e puxan dos vértices dunha interioridade abismada e extrema.
- Hai algo de resistencia, de pulo vital nas carnes destes poemas, pulo que é alento de forza creativa, inusual, apaixonadamente erguido sobre o seu propio desconcerto.
- María Mariño non colle nos parámetros do convencional, tampouco niso. A súa personalidade literaria flúe e escapa de calquera contedor compacto, sólido, con ela as certezas non collen, e esa é unha das súas fascinacións. Estamos diante dunha autora que non nos vai dar respostas. A súa obra é unha procura, unha interrogación constante, os seus poemas non dan respostas, cuestiónanas, cuestiónannos.
- A súa obra poética non admite patróns, tampouco os precisa. Resístese ás medidas, aos pactos, ás pautas. Nós, lectores e lectoras, a quen ningunha voz destes poemas reclama, entramos e deixámonos perder en arquitectura tan fascinante.
- A escrita. A conciencia do poema, da palabra, da linguaxe, a súa rigorosa transgresión para ser. Necesidade e creación. Sen débedas.

- Rebelión e indagación da voz, do ser na palabra, pero os materiais cos que se elabora son distintos, son outros, porque ela está fóra, excéntrica. Non hai lugar para a compracencia, o proceso non admite áreas de descanso. É radical, ousado. Como escribir.

3. Resposta:

Non son moi consciente da existencia dese diálogo, pero é posible que exista, xa que María Mariño é unha poeta que me interesa moito e á que volvo sempre.

3.2. Respostas de Carlos Solla



Carlos Solla

1. Resposta:

Tras a Academia Galega ter acordado dedicar o ano 2007 á lembranza e honra de María Mariño Carou, preséntasenos a todos unha magnífica oportunidade para descubrir ou recuncar na peripecia vital da escritora noíesa-courelá. Os actos que adobiarán estes doce meses e os textos publicados ou pendentes de publicación verbo da vida e obra da poeta permitirán que o “gran público” —e, en particular, a comunidade discente— se achegue á súa

singular, orixinal percepción da existencia. María Mariño é, desgraciadamente, tan descoñecida para a maior parte dos galegos como calquera outro dos autores que a precederon na homenaxe —mesmo a Rosalía está suxeita á eiva do descoñecemento ou da lectura equivocada—. Neste sentido, camiñar a súa biografía da man de Xerardo Agrafoxo é experiencia indispensable.

É, desde logo, atractivísima a súa personalidade, forxada en tempo de silencio: muller adiantada á súa época, sensible, elegante, rebelde, autodidacta; muller celosa da súa liberdade, esixente consigo mesma, introvertida, gozadora do vicio solitario de quen se inviste tecelá de silencios —actitude raiana coa misantropía “selectiva”—; en definitiva, muller diferente, con todos os prexuízos sociais que iso supón e que aínda hoxe trae consigo.

A súa andaina vital non é menos atractiva: María Mariño, nena nada en berce humilde; María Mariño, nai frustrada; María Mariño, errante ata a estación definitiva na serra luguesa —“un noviciado de soedade e de silencio”, como dixera Otero Pedrayo—, unha sorte de exilio interior; María Mariño, poeta madura á sombra do admirado, ou quizais amado, Uxío Novoneyra; María Mariño doente, devorada polo mal estraño, vagaroso da leucemia; consumida ata a tona dos ósos pola morte inexorable, malia a pretensión de burlala nun trampitán de idades trocadas; María Mariño, enclaustrada no alén mundo do esgrevio Courel, esconxurou nos seus versos medos, frustracións e quizais secretos amores; febril costureira tecendo e destecendo a trama do seu destino.

2. Resposta:

Na artesa poética de María Mariño amásase desde o íntimo o óleo da palabra moída en muíño albeiro. Xa os metros inspirados na tradición de *Palabra no tempo*, xa o verso ceibo, liberado da pexa da rima en *Verba que comenza* upan compartindo o lévedo —estilo e temática— de Rosalía e Novoneyra, mais o miolo é resultado dun moi persoal enforar.

A poeta ispe a alma abraída fronte aos prodixios do universo latexante e adopta a actitude da amante submisa, mais internándose afouta nas retortas da vereza mística.

A infancia afastada, a xuventude perdida, a morte insubornable, os asoballadores “tesos cumes” do Courel, a fin presentida, galgan verso a verso coma cans adoecidos. A manda enlouquecida é concreción do devir temporal, materialización da temporalidade interna e externa, metáforas dun ser humano consciente da súa finitude, mais tamén, por mor do primixenio instinto de supervivencia, enfrontado face a face contra o fado.

O colosal anfiteatro da serra do Courel foi espectador e tremoia da obra vital de María Mariño. A hiperbólica montaña, deus ex-maquina, preñou nela a semente da escrita, aleitou a súa inspiración, paliou o estigma de nai malograda, velou os seus estertores e ofreceulle metro e medio de chan para, dende o illó do silencio, berrar alto a súa verdade.

3. Resposta:

A María Mariño primeira, a María Mariño moza, evócame a lenda dunha mouro costureira recollida en terra de Cerdedo a cal, volvendo da angueira cotiá coa Singer encol da mulida en día neboento ou noite escura, afogou na trémhora de Xestido, aló no alto do monte do Seixo. O chan movedío non devolveu o corpo, mais si a máquina de coser que seica só deixaba enfiar fío de ouro: “Días e días tecín na tea do meu tear./Hoxe a tea toda feita dél n’a podo sacar” (*Palabra no tempo*).

A presenza do mar noiés [“O meu fogar téño en tí” (*Palabra no tempo*)] na obra poética de María Mariño, intuída dende as cimeiras do Courel, móveme á solidariedade coa gaivota de terra interior, pois dela son os meus ollos cando, dende o outeiro do Coto, teito da provincia de Pontevedra, albisco o mar alto e tórnanme os azos —como xa salientara Sarmiento— ao inspirar a beatífica aura do mar. O mar é nume loado en *Xábregho*: “virou o mar/deixándonos o ceo por praia/a praia por aparello reprodutor”.

Identifícome coa poeta e co celme hilozoísta destilado da súa cosmogonía. Identifícome coa idea da natureza como bálsamo, menciña para a dor da existencia, doenza incurable: “boi boreal turrando/do abreinte, renxedoira.../vou/e o día béiceme”, en *Terras raras*. Identifícome coa determinación de non ficar pampo ante a danza dos elementos senón, a por de avanzar polo vieiro da perfección, acadar a graza de ser arte e parte no enredo do creado, na xogueta do principio e da fin: “son (en formol) o can dos enteiros/saraiba que dispuxera/os dentes/pedra de ara”, en *Mel de arañas*, aínda que, como a nosa poeta, amose a faciana arrepiada ao ventar o axexo da morte presentida: “oculta no celme/das feridas/fame escura/couza/badalada agoira/zugando cega/o brume/ollo bechoco”, en *Mel de Arañas*.

Recoñezo que adoptei a actitude do aprendiz de bruxo, argallando apócemas, solimáns e frankensteins, coa sagrada forma das palabras, xerando monstros, criaturas deformes, mesmo coa simple achega do trazo: “lampion-buxaina”, “inver-nós”, en *Mel de arañas*; “illa-marxa”, “pedra-xeo”, “atmosfera salvaxe”, en *Terras raras*.

Finalmente, fago meu o desazo da nai magoada: “a morte que transmito/recende a feto maduro/e un chorar/ultrasónico/como de andoriña”, en *Xábreggo*, e okupo asemade os versos da muller que non foi quen de vencer a morte, mais si de domear o esquecemento: “Hoxe, co vestido vello xa,/voume,/voume indo”, en *Verba que comenza*.

3.3. Respostas de Emma Couceiro



Emma Couceiro

1. Resposta:

As circunstancias vitais de María Mariño (o afastamento xeográfico no Courel e tamén a súa personalidade reservada e distante), así como as propiamente literarias (comezou a súa actividade poética no último tramo da súa vida e permaneceu case completamente á marxe dos círculos intelectuais da época), son as causas, sobradamente coñecidas e reiteradas, de que a súa proxección literaria fose moi demorada, mesmo dentro do propio sistema cultural galego. Vontades concretas (Novoneyra, Avilés de Taramancos...) que difundiron a súa obra publicada e deron a coñecer postumamente o seu último poemario, son as responsables do crecente interese nesta figura, que culmina na presente edición do Día das Letras Galegas. Coido que precisamente todo este proceso de posta en valor da obra de María Mariño, a necesidade de “reivindicala”, contén un risco ao que deberíamos de estar atentos, unha especie de “arma de dobre fío”, pois todas esas circunstancias antes expostas, as que en principio frearon a recepción e estudo da súa poesía, ao ser empregadas para fornecela, poden tipificar ou simplificar unha obra sostida por un alento poético caracterizado pola súa complexidade e singularidade. A necesidade de “encaixar” a súa singularidade literaria na nosa tradición pasa, ás veces, pola excesiva santificación da súa persoa (no sentido que lle dá a “santa”, con poesía, Isolda Santiago: “metade muller, metade imaxinería”) e tamén por unha “condescendencia” impropia da análise histórico-literaria, que deu en insistir excesivamente na raíz popular da súa palabra poética, máis que na nova transformación desta materia, na súa suposta escasa formación intelectual, máis que nun carácter autodidacta que integra dun xeito persoalísimo e libre aquilo que recibe e, finalmente, insistiu excesivamente na fundamental relación con Novoneyra, converténdoa case en pupila do poeta.

Considero que, unha vez reincorporada a obra de María Mariño e a súa figura á nosa tradición, unha vez reivindicada a súa calidade, é tempo de achegarse unicamente á súa poesía, que é o que unicamente nos cedeu, e entender todo o que esa obra poética significa, sen necesidade de fundamentala no que na súa traxectoria persoal hai de divergente ou anecdótico.

2. Resposta:

Valoro especialmente na poesía de María Mariño a vontade dunha escrita propia. Entendo o concepto “poética” como a actitude que o/a poeta mantén co texto poético, o tipo de relación que se establece entre, neste caso, a autora e o poema que está a producir (a conducir). En María Mariño esta relación é un idilio cargado de paixón, alleado e valente, moi valente. Vexo en María Mariño unha intensa, absorpta e esforzada razón de ser no poema. O suxeito poético enuncia (e enúnciase) como se non fose posible facelo e como se non fose posible deixar de facelo. Nesta contrariedade e neste mar de fondo sucede toda a “acción” poética. Ao tempo, María, a costureira, presenta, creo que dunha maneira exemplar no conxunto da nosa literatura, unha vontade de crear e reforzar progresivamente unha lingua poética propia, persoalísima e integrada polos diversos retallos que vai pespuntando, para coser ese vestido que ela quere pór. Esa maneira de ir atando e apertando a identidade do texto para convertelo nun proxecto persoal que, non obstante, transcende o lector ou lectora e que o conmove no máis íntimo desde o máis íntimo, é unha das manifestacións poéticas máis puras (no sentido de menos perturbadas por nada que lle resulte alleo ao texto, ao poema) e máis emocionais, ás que podemos achegarnos como lectores de poesía galega.

3. Resposta:

Este tipo de diálogos adoitan “detectalos” máis ben os estudosos das obras literarias. Porén, opino que non resulta doado para un autor ou autora percibir claramente as influencias. Desconfío amplamente dos diálogos deliberados (outra cousa son as homenaxes ou citacións). Porén, cando existe un posicionamento semellante ante o texto literario, e penso que este podería ser o caso, e razoable, incluso obvio, que no conxunto dos textos, como proxecto aberto, poidan darse paralelismos, conexións, etc. Dito isto, si anoto que sen existir diálogo deliberado e coñecendo apenas ou moi pouco a poesía de María Mariño, en máis dunha ocasión, outros apun-

taron coincidencias entre a poesía de María Mariño e a miña lingua poética, sinaladamente en *As entrañas horas* (1998), fundamentadas na busca da expresividade a través da agramaticalidade ou “anormalidade” léxica e sintáctica, como o propio título deste poemario exemplifica. A min, e como a ela, tamén me acusaron de “intimismo radical”, ou algo así. Supoño que porque concibo, como creo que M. Mariño practicaba, a radicalidade e a extorsión da linguaxe como ferramenta poética para buscar novos horizontes expresivos e porque entendo que nesa construción dunha lingua literaria propia e lexítima cabe o extremismo e tamén a histeria.

3.4. Respostas de Marica Campo



Marica Campo

1. Resposta:

Aínda que coñezo a autora e algún poema solto por referencias de Novoneyra e Manuel María, tardei anos en chegar ao coñecemento da súa obra completa. Se isto me aconteceu a min, habitual lectora de poesía galega, teño que supoñer que María Mariño é unha gran descoñecida para a maior parte dos galegos e galegas. A min emocionoume pola autenticidade que non atopa palabras e ten que espremer a lingua a por de retorcela e mesmo dislocala.

2. Resposta:

Curiosamente, dunha gran modernidade polo que ten de “dinamiteira da fala”, como a alcumara Novoneyra. Se a poesía é outra linguaxe, a obra de María Mariño é poesía. Unha poesía que vai ao substantivo e deixa no esquecemento todo o que non é esencial.

3. Resposta:

Non atopo ningunha concomitancia, agás a que poida existir entre o sentimento ante a morte, presente en case todos e todas as poetas.

3.5. Respostas de Martín Veiga



Martín Veiga
Fotografía: Carol Ryan

1. Resposta:

Ata tempos ben recentes e agás algunhas achegas críticas á súa obra, a poesía de María Mariño tivo

unha recepción irregular e anómala. Na miña opinión, as causas fundamentais desta situación hai-nas que procurar, en primeiro lugar, no seu illamento xeográfico courelao, que provocou o descoñecemento da autora e da súa obra nos círculos literarios da época. Ademais, isto quizais dificultase o desenvolvemento, pola súa banda, dunha clara toma de conciencia do seu status como escritora no seo da sociedade galega da época. De por parte, a súa dedicación á escrita foi serodia e soamente publicou un libro en vida. En segundo lugar, e desde unha perspectiva máis xeral, débese lembrar que a súa obra xurdiu durante a posguerra, cando o sistema literario galego se caracterizaba pola súa precariedade e aparecía fondamente determinado por carencias e limitacións de diverso carácter.

Ao falarmos da recepción da obra de María Mariño, cómpre facer referencia ao papel fundamental que na súa difusión exerceu Uxío Novoneyra, autor que propiciou a publicación da primeira obra da poeta, *Palabra no tempo*, en 1963, e que tamén impulsou o espallamento de *Verba que comenza*. Entre outras medidas, neste sentido, a súa mediación foi decisiva á hora de conseguir que a Concellaría de Cultura de Noia, da man de Antón Avilés de Taramancos, levase a cabo a primeira edición desta obra en 1990.

2. Resposta:

Trátase dunha poética ao límite. María Mariño escribe desde as marxes do sistema, tanto desde un punto de vista xeográfico coma lingüístico. A súa palabra aflora por necesidade interior e, xa que logo, nada hai de superfluo nos seus versos. A súa relación coa tradición é difícil de precisar, se ben a pegada de Rosalía de Castro semella por veces agromar na súa obra e resulta visible en particular no achegamento á materia popular e mais nas escollas métricas. Tamén se manifesta en ocasións a presenza da obra de Novoneyra. Certos achados suxiren ecos raros de Emily Dickinson. Emporiso, sobre todo en *Verba que comenza*, a

poesía de María Mariño excede a mera imitación de modelos e aséntase cunha voz propia e moi persoal. Os aspectos concretos que salientaría da súa poética son o tratamento da natureza como realidade esencial, a vivencia íntima do tempo e a dialéctica que se establece na súa obra entre presente e pasado, así como a potencia da súa expresión, que se enriquece mediante un emprego ousadísimo do idioma e unha exploración radical, desprexuízada e moderna dos bordos e recunchos da linguaxe.

3. Resposta:

Máis que dun diálogo, eu falaría quizais de chiscadelas intertextuais con intención de homenaxe. Nun meu poema titulado “A Torre de Callanan”, que se publicou no suplemento “Revista das Letras” que o diario *Galicia Hoxe* lle dedicou ao poeta Avilés de Taramancos en maio de 2003, reproducíase o verso “Onte era mañanciña, cristaleira, sol migado”, correspondente ao poema “O meu tempo”, de *Palabra no tempo*. Paréceme unha liña extraordinaria e misteriosa. No meu propio texto, o verso de María Mariño actúa como marco de división entre un tempo pasado que se mitifica e o presente máis real e palpable experimentado no xardín dunha taberna en Cork.

Como detalle anecdótico, a miña primeira obra publicada, un cartafol de poemas titulado *Tempo van de porcelana*, inaugurou en 1990 unha colección poética chamada *Verba que comenza*, en alusión ao título do libro de María Mariño e mais ao feito de ser unha colección deseñada para acoller primeiros libros de poetas de Noia. A iniciativa promoveuna Avilés de Taramancos no concello da vila noíesa e a colección acolleu un total de tres libros de poemas.

6. Respostas de Paulino Vázquez



Paulino Vázquez

1. Resposta:

Deberíamos preguntarnos a razón dunha recepción tan escasa. Só Ferrín, Novoneyra e Carballo Calero albiscaron a súa grandeza.

En xeral, en Galicia apláudese por de máis o esperado. María Mariño dá que pensar, non se deixa reducir a enunciado. Nela está a esencia do poético, que é empeñarse na poesía mesma. A poesía galega pasou malos momentos por culpa da servidume ao contexto. Fixémonos, igualmente, na grandeza de Luís Seoane. U-los seus textos musicados, cantados, recitados? Aquí déuselle moito culto ao previsible.

María Mariño é unha autora moi difícil. Dela non é doado tirar dogmas nin exaltar as masas. É unha escrita de recollemento, de ruptura interna do texto, de desgarró existencial. A súa obra nunca será mercadoría. Outros, cantando en contra da mercadoría, caeron nela. A voz de María Mariño é insubornable, insubstituíble, prístina. A voz máis

pura, con Manuel Antonio, das nosas letras. Nunca serán nosos, nunca serán de ninguén. Son “a rosa de ninguén”, da que falou Celan. Eu prefiro sentila así, inalcanzable.

2. Resposta:

Poética para pensar moito e falar pouco. Xa non podemos escribir desde marcos retóricos establecidos. O texto debe rachar, fender as medidas, esgazar o dato, esquecer a gramática. É unha poética valente e dolorosa. Máis profunda que a de Cunqueiro ou Aquilino. Moi semellante á de Rilke ou Celan. Desde logo, moi avanzada con relación ao seu tempo. Fixémonos nos títulos: ningunha concesión á inmediatez, ningunha facilidade ao visible. Unha voz moi lene, pero desgarradamente profunda. En aparencia preto de Rosalía, mais no fondo “lonxe de nós e dentro”. Falar da poética de María Mariño é procurar o sentido do poético da gran poesía do século XX. Visión radical da linguaxe, caída no abismo da verba como única arañeira da que pendemos, revelación. Acaso esa sexa a palabra que defina toda a súa obra: revelación. É o signo dos (poucos) grandes poetas que existen: que revelan. Un poeta grego escribiu: “dicir o dó, para que prevaleza o ben”. Acaso iso sexa todo.

3. Resposta:

Non dun xeito consciente, pero está claro que coincido nela en dicir cousas do tempo, ou en dicir tempo. A diferenza está en que ela é unha gran poeta e, eu, un poeta menor.

3.7. Respostas de Xabier Cordal



Xabier Cordal

1. Resposta:

A primeira recepción, que prefería crer nun heterónimo de Novoneyra, encaixa co proxecto de deconstrución de Rosalía como campesiña iletrada e nai santa. O resto, a María Mariño que fala, está en parte por facer.

2. Resposta:

É unha proposta de ruptura que precisaba máis tempo para concretarse e non o tivo; se cadra, a ausencia dese horizonte encaixe coa altura histórica na que escribe. De todas as maneiras, marca un camiño polo que transitan despois outras poetas, e que segue aberto na poesía galega (Xela Arias, Pilar Pallarés, Emma Couceiro...).

3. Resposta:

Non podo contestar a iso.

3.8. Respostas de Xosé María Álvarez Cáccamo



X. M. Álvarez Cáccamo
Fotografía: Víctor
Vaqueiro

1. Resposta:

De María Mariño ben pouco se sabía durante as décadas dos 60 e 70, alén do reducido círculo de escritores que a trataron no Courel. A lenda da súa improbable existencia como suposto produto de invención, o neboeiro que desdebuxaba a persoa, reducida a un nome sen corpo preciso, autora —talvez apócrifa, dicíase— dun único libro de reducida tiraxe e precaria distribución, *Palabra no tempo* (1963), son factores que dificultaron a recepción da súa escrita poética. Pero estas mesmas néboas e misterios facilitaron a creación dun estado de expectativa que se resolveu en crecente interese lector —sempre minoritario, que estamos a falar de poesía— ao longo da década dos 80 e, sobre todo, a partir da publicación da primeira edición de *Verba que comeza*, en 1990. Os poetas do meu grupo xeracional, o dos 80, achegámonos xa á

poeta de *Palabra no tempo* cando ninguén dubidaba da evidencia biográfica da súa autora e identificamos na rara singularidade da súa visión do mundo e, especialmente, na vibrante proposta do seu discurso poético algúns dos sinais de identidade literaria colectiva que andabamos a procurar, como alicerces do cambio de rumbo que se produciu entón.

O seu maxisterio, porén, deixou pegadas máis evidentes nos poetas que se estrearon ao longo da década dos 90, sobre todo na escrita poética das mulleres, e non tanto no que fai á expresión da perspectiva existencial ou aos contidos emotivos como a determinadas solucións discursivas: a quebra das estruturas sintácticas ou o frecuente recurso á elipse, entre outras fórmulas características da poeta noíesa.

2. Resposta:

A poética de María Mariño atraeme pola tensión da súa voz ferida e pola rareza da perspectiva existencial. É a súa unha ollada obsesiva cara ao interior dun mundo asombrado, mergullado literalmente na sombra, non ao xeito de Rosalía, moi consciente da dimensión humana da súa propia dor, senón como quen tenta expresar, en exercicio terapéutico, a xeografía dunha estraña paisaxe íntima que desborda os lindes da consciencia. De aí, desa inmersión espontánea —creo que non condicionada por presupostos de caste estética— nos territorios dunha intimidade desequilibrada, nace o efecto dunha escrita aparentemente abeirada aos códigos do onirismo surrealista ou ao misticismo materialista de que ten falado a crítica. O resultado verbal, a verbalización poética do desacougo e do asombro, pode ficar en esferas próximas ás que trazan os poetas entregados á procura da luz oculta na outra beira das aparencias, simbolistas ou surrealistas. Pero eu creo percibir unha diferenza substancial: hai unha razón de esixencia irreprimible, de causa suficiente, na aventura indagatoria de María Mariño. Ela entrega só (e nada menos!) o testemuño directo dun escuro e confuso universo íntimo, a transcripción espontánea do asombro: “Oio algo alá mui lonxe e nada del sei decir,/e sin esperar espero para ver si o vexo vir.”

3. Resposta:

Non son consciente da existencia de marcas expresivas na miña escrita que puidesen emparenzar coa poética de María Mariño, aínda que me sentín sempre moi atraído polo vigor eléctrico dos seus lóstregos discursivos: a ruptura do fío sintáctico, a condensación do pensamento en instantes de estouro lapidario, a percepción sinestésica, o silencio elíptico, a metábase. Son fórmulas dunha escrita que tenta achegarse á expresión do inefable —aceptemos a paradoxal proposta—, as máis acaídas aos códigos do misticismo, da poesía pura ou da estética do silencio, tendencias estéticas e cosmovisionarias que non son do meu natural. Teño tentado —e sei que vou continuar no empeño— a escrita de poemas de tensa concisión verbal, talvez como reto de autoesixencia fronte á miña querenza polo verso dilatado e de folgo ancho. Nese itinerario podo resultar moi ben acompañado pola música de María Mariño.

Non dialogo, en cambio, como poeta, aínda que me deixe seducir frecuentemente como lector, coa dorida perspectiva existencial de María Mariño. A miña dor nace máis da nostalgia íntima ou da ira política que da angustia.

3.9. Respostas de Yolanda Castaño



Yolanda Castaño

1. Resposta:

A recepción da obra de María Mariño fíxose aínda entre as brétemas do descoñecemento ou dos datos embazados, da aplicación de clixés e de certos prexuízos. Unha visión simplista de máis para un sistema de moi grosos trazos. A posta en valoración do seu legado abre un oco á vivencia un tanto anómala da autoría e, alén de agasallar respostas, propón aínda interesantes preguntas: que outras opcións e proxectos vitais de se enfrontar á escrita, que importancia se lle concede á propia proxección literaria e por onde pasan as necesidades ou non da profesionalización do oficio da poesía.

Un sistema literario tendente á simplificación preferiu relegar a súa valía, mesmo ata o punto de chegar a desconfiar da súa existencia ou da súa orixinalidade. Talvez o propio autoconcepto dela, ou unha pouco efectiva preocupación pola proxección da obra, tampouco fixeron gran cousa. Nada diso importa. Mais o que está claro é que a figura “misteriosa” de María Mariño, a escuridade da súa anécdota biográfica, un outro xeito de malditismo máis calado e menos frívolo, se cadra menos conflitivo e máis pasivo, aboian, para ben e para mal, á beira da recepción da súa literatura. Do como e de que xeito operan estes condicionantes biográficos nesta, pende tamén outra reflexión interesante. Quedemos, á fin, cos versos que a ela nos uniron. Coa recente recuperación do valor do seu legado, coa ceibe independencia e maxín con que a propia María se empeñara neles, coa súa capacidade de experimentación, coa súa creatividade libérrima.

2. Resposta:

Como xa adianto no final da anterior resposta, abráíame o risco e a autenticidade cos que a poeta se verte á escrita. Fascíname sobre todo o inusual compromiso que a autora manifesta coa propia poesía; alleo a outra circunstancia, o texto débese á creación poética, esculca na linguaxe como na

máis poderosa das materias primas. E logo séntese coa intimidade e a liberdade tal como para facer propio ese alfabeto, aplicarlle tensións e mesmo reconstruílo, material posto ao servizo da mesma creación, sen guías nin parámetros. Unha actitude ceibe, independente, limpa e comprometida. María Mariño profunda na raíz do poético en tanto que non racional, pois sabe que no lírico os mecanismos racionais se substitúen por outro algo. O suxerido entre sombras, o que agroma directo dende o cerne da voz —antes da norma—, o que é quen de comunicar pola vía emocional directa. Unha creación radical, moito máis que fortemente intuitiva: unha poesía que non significa, que é (velaí a gran poesía).

3. Resposta:

Aínda que non me considero eu a persoa axeitada para sinalar cuestións desta orde, direi que, se se fala de “diálogo”, estaría presupoñéndose unha actitude ata certo punto premeditada, da que carezo. Do que si se podería falar é de coincidencias ou de actitudes compartidas e, coma sempre, postos a buscar semellanzas, características comúns aparecerían.

A dislocación da gramaticalidade no texto, a deconstrución lingüística con necesidades expresivas, é un aspecto no que, humildemente, tamén teño traballado —con resultados moi diversos—, especialmente en “Vivimos no ciclo das Erofanías”. Sobre un moi mariñés “eu multiplicado” pivotan tamén os contidos de “O libro da egoísta”. Alén diso, gustárame pensar que tratei de achegarme á miña páxina procurando un compromiso co propio texto poético. Case a xeito de anécdota, consignar a experiencia concreta dun poema si construído ao fío dalgúns versos de María Mariño, con ocasión dun acto celebrado en Noia e promovido por algunhas das compañeiras poetisas da miña xeración, algunhas das verdadeiras defensoras máis recentes da figura de María.

3.10. María Mariño nas “Letras de fóra”

“Letras de fóra” foi o nome escollido para unha sección da revista *Nós*, nas que se achegaban textos, sobre todo poemas, doutras literaturas traducidos ao galego. Algúns poemas de María Mariño tamén foron traducidos a outras linguas e formaron parte de tres antoloxías: en 1976, na antoloxía bilingüe (galego-castelán) *Poesía gallega de postguerra (1939-1975)*, de González Garcés; en 1984, en *Antología de la poesía gallega contemporánea* (galego-castelán), de César Antonio Molina e, finalmente (2004), no volume titulado *Compañeira tristeza. As poetisas galegas do século XX* (galego-ruso). A tradución das poetisas galegas ao ruso está editada polo Centro de Estudos Galegos da Universidade de San Petersburgo, a responsable da edición e da escolla dos poemas e poetisas é Elena Zernova.

Heidi Kühn-Bode



Heidi Kühn-Bode
Fotografía de Xurxo Lobato

Vive desde hai anos en Galicia e está totalmente integrada na súa realidade, por exemplo é socia da Asociación Galega de Escritores (AELG).

Podes buscar información sobre o seu currículo no Servizo de Documentación da AELG, ao que podes acceder desde a páxina da asociación: <http://www.aelg.org>.

Un dos grandes amores de Heidi Kühn-Bode son as linguas e a expresión literaria. Gústalle escribir en todas as que coñece ben: alemán, galego, inglés e español. Preocúpalle a situación sociolingüística de moitas delas no planeta e tamén a do galego, lingua que hai anos fixo súa. Gústalle traducir e sabe que a versión de obras noutras linguas contribúe a darlle novos alentos á tradución. Conversamos con ela sobre estes temas.

Vostede leva anos vivindo en Galicia, integrada na sociedade galega e tamén na propia literatura galega, considérase vostede unha escritora alófona?

Son unha escritora galaico-alemá, teño unidas as dúas linguas e literaturas sen fendas e coseduras. A miña patria é a literatura e son todas as literaturas: a galega, a americana, a alemá, a española, a rusa, a inglesa... e as que existan.

Desde a súa perspectiva cales, son os principais problemas que sofre a lingua galega nestes momentos? Cales os que sofre a literatura en xeral e a literatura galega en particular?

A lingua galega non ten problemas. É limpa, viva, pura e conmovedora. É a xente a que a despreza e discrimina.

O curioso é que a xente que odia a lingua galega e que defende a lingua castelá, como se houbera linguas inferiores e superiores, son as mesmas persoas

que falan un castelán chapuceiro, invadido pola lingua galega. Ningunha lingua está por encima doutra.

Escoiteille dicir a un lingüista británico que a lingua zulú ten unha gramática máis complicada que o inglés. O alemán ten unha gramática difícil, mais non é complicada a pronuncia: dise como se escribe.

Tampouco falamos velozmente como locomotoras: falamos amodo, nos telexornais, na radio... En España, o tempo ten unha soa definición. Todo son présas. Non se respecta o ritmo da xente pequena nin da xente vella, non se pensa no tempo dos pais que necesitan estar cos pequenos. Hai demasiado ruído. O silencio é moi bonito. Nas bibliotecas hai silencio. É importante sentar e gozar do silencio. A lectura é silenciosa. É un auténtico agasallo. É moi bonito ler. Os países avanza coas súas literaturas. A literatura fai soñar e nela podemos atopar a esencia da vida, o perfume da aventura e a marcha espiritual da xente. Por que correr tan de présa? Por que facer tanto ruído? Non escoitar xamais os paxaros, a auga do mar, dos ríos e das fontes semella unha especie de perda de tempo! É moi importante sentar debaixo dunha árbore ou en calquera espazo silandeiro, sinxelamente para facer unha parada e pensar. Pensar é moi bonito. Hai cadernos ou libros moi pequenos para levar no peto, nos que podemos escribir poesía. Va que a poesía é a melodía da vida?

Que frase utilizaría vostede para unha campaña de potenciación da lectura?

O ENCANTO DO SILENCIO.

Ven á biblioteca.

Ilustración: unha paisaxe bucólica con moitas rapazas e rapaces con libros nas mans.

Que frase utilizaría vostede para concienciar as persoas sobre a importancia da normalización lingüística e do uso da lingua galega?

PON MÚSICA NA TÚA VIDA.

Fala en galego.

Ilustración: unha foto dun grupo grande de artistas galegos: escritoras e escritores, músicos e músicas, pintoras e pintores, cantantes..., con instrumentos, libros, pinturas...

realmente tivo unha intención moi clara no poema que se vai traducir, e que eu poida interpretala correctamente. Sempre é complicado traducir lírica; é o máis difícil. Eu, nun principio, unicamente quero traducir as poesías dos meus amigos; é o que máis me gusta. É un reto sempre moi belo. Eu teño unha vantaxe como tradutora. Son poeta.

Como escritora, que opina vostede sobre a poética de María Mariño? Que outras lecturas ou poetas evoca a través de María mariño?

Escribe poesías moi orixinais e emotivas. Recordo fortemente a Else-Lasker Schüller (1869-1945), escritora alemá, antecedente, representante e superadora do expresionismo literario, precisamente pola profundidade, paixón, enerxía espiritual e melancolía da súa literatura. Non vexo antecedente na literatura galega. É ela mesma, moi persoal, moi inspirada, vivísima, atemporal e vangardista.

Que aspectos lingüísticos salientaría nesta poeta?

Enfazaría a súa liberdade poética na elección dos elementos; emprega o que alberga na súa alma cunha convicción impertérrita. Asemade, utiliza formas dialectais naturalmente. A súa lírica está enraizada na natureza mesma; medran os seus versos como curiosos seres botánicos.

Vostede coñece moi ben a problemática das traducións, traduciu moitos poemas da literatura galega á lingua alemá. Ao seu xuízo, cales serían os principais problemas que se atoparía nunha versión ao alemán da obra de María Mariño? Que poema lle gustaría traducir?

Non vexo maiores dificultades para traducir os seus poemas ao alemán. Outro problema é se ela

Que pensa vostede que é o que debe procurar quen traduce poesía; neste caso, María Mariño?

Xa expresei claramente que eu unicamente quero traducir os poemas dos meus amigos: sinto a María Mariño coma unha amiga.

O grande escritor, científico e tradutor alemán afirma que a poesía non é arte. "Eu nego que a poesía sexa arte; tampouco é unha ciencia. Á arte e á ciencia chegamos a través do pensamento, á poesía non; aquela é inspiración; foi concibida na alma no seu primeiro despertar. Non debería chamarse arte nin ciencia, senón enxeño."

Estou certamente de acordo con el.

Goethe é tradutor, fixo tradución do persa, italiano, hebreo, latino, grego e francés ao alemán. É poeta e, como poeta, hai un momento no que comeza a percibir claramente a respiración do poeta que desexa traducir. Xorde unha comunicación tan íntima entre os dous poetas, tan sumamente lírica, forte, fina e real que, por moitos séculos que pasasen, o espazo temporal que separa os dous deixa de existir naquel momento máxico e supino no que o mundo deixa de dar voltas, pois ambos están escribindo o mesmo poema nado na alma do poeta.

ACTIVIDADES

1. Busca o significado da palabra alófono. Engade outras palabras da mesma familia léxica.
2. Que escritores e escritoras alófonos coñeces na literatura galega? É Federico García Lorca un poeta alófono na literatura galega?
3. Procura información sobre esta escritora alemá Else-Lasker Schüler (1869-1945).
4. Johann Wolfgang Goethe (1749-1832) é considerado como un escritor clásico da literatura en lingua alemá, unha das súas obras máis coñecidas é *Fausto*. Procura información sobre a versión en galego desta obra. Quen foi o seu tradutor? Que importante premio recibiu o tradutor?
5. Traballo en grupo. Buscade os catálogos de diferentes editoriais galegas e procura de información sobre as obras da literatura universal traducidas ao galego.
6. Escribe un texto no que expoñas a túa idea sobre o papel das traducións na normalización do idioma.
7. Nas aulas de lingua estranxeira, propón a tradución dalgún poema de María Mariño.

Sabías que...

En 1993, tivo lugar en Santiago de Compostela o Congreso de Poetas Alófonos en Lingua Galega?

Anne Marie Morris é unha poeta alófona que publicou unha obra co título de *A voz fuxitiva* (1965)?

María Mariño en alemán

Ofrecémosche un poema de María Mariño de *Verba que comenza* (Wie das Wort anfängt), traducido ao alemán por Heidi Kühn-Bode.

10

Linme hoxe toda por dentro.
 Linme!
 Como me está chegando!
 Como me apaña!
 Eu non sei,
 non sei si me chega ou vou por ela.
 Non o sei.
 Ouh, pra que me trouseches si hoxe me levas?
 Hoxe,
 hoxe, día de todos en un.
 Infinidá o tempo. Hoxe!
 Hoxe de quen todos somos na marea sin ondas,
 sin velas,
 sin barcos en coor vello.
 Hoxe, de quen?
 Hoxe: dirán uns.
 Hoxe: dirán outros mentras...
 mentras reparan no que non hai.
 En hoxe todos,
 todos damos do fin o paso del.

Meu amigo, onte!
Ti vas quedando,
quedas pregón que enmarca nas áas do tempo a
[voz
que ti mesmo diches sinxela e pulida, aquela.
Ti quedas como queda o aire
entre as cousas que son
como que da loita,
como queda a terra,
como queda a Forza
aquela en que ti vas a derradeira,
derradeira,
vas calado.
Calas mentras contas as presadas que de ós van
[caendo,
vas na verba,
verba que rixe,
verba enteira que é.
Vas e dis anque calas e non cingues
xeito novo.
Pro si:
de nós levas.

10

Ich hab mich heute richtig von innen gelesen.
Ich hab mich gelesen!
Wie das bei mir ankommt!
Wie das zu mir passt!
Ich weiss nicht,
ich weiss nicht ob es zu mir kommt
oder ob ich es holen muss.
Ich weiss es nicht.
Eh, warum hast du mich erst hergebracht,
wenn du mich jetzt wieder wegholst?
Heute,
heute, die Tage aller in einem.
Unendliche Zeit. Heute!
Das Heute, von dem wir alle wie ein Meer ohne
[Wellen sind,
ohne Segel,
ohne altfarbene Schiffe.

Heute, von wem?
Heute: sagen einige.
Heute: sagen andere während...
während sie merken dass es nichts gibt.
Im Heute alle,
alle tun wir vom Ende den Schritt dazu.
Mein Freund, gestern!
Du bleibst zurück
der Ausrufer der die Stimme in die Flügel der Zeit
einrahmt
die du selbst einfach und erlesen gesagt hast, jene.
Du bleibst dort wie die Luft
unter den Dingen die sind
wie der Kampf besteht
wie die Erde besteht
wie die Kraft besteht
jene, mit der du bis zum Ende gehst,
bis zum Ende,
bist du stumm.
Du schweigst während du die Schmutzpartikel
[zählst die von uns
abfallen,
bist im Wort,
im Wort das zählt,
das ganze Wort das ist.
Du gehst und sprichst obwohl du schweigst und
[keine
neue Form umhüllst.
Aber ja:
von uns nimmst du es weg.


POEMAS CON
MARÍA MARIÑO

Letras Galegas
Maria Mariño Carou
2007

A continuación, ofrecémosche para a súa lectura poemas de autores e autoras que se poden relacionar con María Mariño, ben pola temática, ben por seren escritos por poetas da súa xeración, ben por que nas conversas que che fomos transmitindo se aludiu aos seus autores ou autoras ou ben por que nalgúns deles hai referencias á poeta.

4.1. Poetas que reivindicaron a María Mariño

De Uxío Novoneyra



Uxío Novoneyra
Fotografía: Biblioteca Virtual Galega

ELEXÍA PREVIA A MARÍA MARIÑO

QUEDOU sin nome o cor escuro
a chamada xorda o muricego i a silveira,
os bichiños pequenos i a sua escura vida.
A fala galega xa non se moverá en cen anos:
as palabras seguirán ehí.
A tua cara de elexía volta cara a vida.
Ven a noite mesta de tanta perda e guíndase
contra min.
Estounte vendo ainda
i escriboche esta elexía. Onde
podería eu levar a forza contra o meu
o golpe-inorde que ven que chega,
deixando o teu corpo como unha voce.
Pecharal'os ollos cun vento do revés zoando
tódalas follas de costas na direución do luito.
Sombra mesta, grande mesta,
Péchate co mundo i esconde todo para non ver.

Pra que esto non medre así.
E verche sorrir dentro dun intre.
Non sabes que logo te irás sin despedir.
Baixa esa mao para pecharme o corazón.

- Podes buscar información sobre este poema no artigo da autoría de Carmen Blanco, editado polo Consello da Cultura Galega 2006, en <http://www.culturagalega.org/album/>.
- No poema de Uxío Novoneyra: (1979) "Vietnam canto", en *Poemas caligráficos*, convócase a poeta nun verso: "María Mariño, dinamiteira da fala".

De Avilés de Taramancos



Avilés de Taramancos
Fotografía: Biblioteca Virtual Galega

O VELEIRO MARÍA MARIÑO NAUFRAGA NOS MONTES DO COUREL

I
O vento da ría ouvea
na boca do lobo. Tan lixeiro!
Nas carballeiras de Parada
rompe a marea chea.
Era o teu labre tan salobre, María
era a túa man tan escuma brunida.
Aínda queda un velamio nos teus ollos.
Esa brancura única
que tremola no trascordo da infancia.
Xa daquela querías a estrela do Caurel
a máis outa!
Canta bocarriberira no curuto das aguías!

II

Ergues unha torre no tempo. Teces a brétema
Cantas desde o fondo fiandeira.
-Alguén rema na outra banda da memoria-
E a ferida atobase, abre o seu esplendor
na cerne do cántico.
O bater das ondas
aínda abanea o teu berce, María.

III

Así como reloce a rosa venturera
no alto muro do universo,
a tua voz
fluía na devesa sagrada
-unha pomba escura-
O vento.

No libro homenaxe, *Verba que comenza*, Concello
de Noia, 1990

De Manuel María



Manuel María
Fotografía: Biblioteca Virtual Galega

DIMENSIÓNS

Ollada a Terra Chá dende as alturas
é semellante a un mar en calma.
Pra medila só valen dúas mensuras:
ferrados de corazón, fanegas de alma!

Terra Cha, 1954

De Xosé Luís Méndez Ferrín



X. L. Méndez Ferrín
Fotografía: Biblioteca Virtual Galega

GALICIA

GALICIA, longa praia, estesa e negra,
soia e esquiva, con pesados corvos,
senlleiras píllaras, vento coriscante
e a morte e o baleiro en todo o longo.

Era na selva de Esm, 2005

4.2. Poetas da Xeración do 36, compañeiros de María Mariño

De María do Carme Kruckenberg



M. C. Kruckenberg
Fotografía: Biblioteca Virtual Galega

Ese permanente e tremelante
medo de non ser,
déixame sen acougo.

Lembranzas da beleza triste, 2003

De Luz Pozo Garza



Luz Pozo Garza
Fotografía: Biblioteca Virtual Galega

EU ERA UNHA MENIÑA

Que escoitaba na noite o fluír do silencio
nas paredes nas tempos
e no medo das sombras

E baixaba de día na ingravidez da idade
a praia dos domingos
cunhas sandalias novas de cor azul celeste
Iban chegando as ondas
e deixaban sargazos misteriosos
algas de vexiguiñas
Fíos de prata longos
Filamentos sensibles
E salitre nas mans e pola area
os desposos quizais dalgún naufraxio
na mar maior...

Eu entón non sabía o que morre de nós
e o que queda á deriva
Pero escoitaba as verbas da túa escrita
cando virabas cara ó mar da morte
O esquezo o puro olvido nas ondas da existencia
emblema dos naufraxios

Vida secreta de Rosalía, 1996

De Pura Vázquez



Pura Vázquez
Fotografía: Biblioteca Virtual Galega

SOÑANDO O FILLO

Onde estás ti,
que na noite te busco perdido?

Búscote en min e na noite
soave, íntimo!...

Non tremas, en min non vives,
ai, meu deserto recinto!
Miragre da carne miña,
fillo... fillo!

Ven, que teño unha laberca
i un agro inzado de lirios
i un arbore con tres niñadas
i unha rolada de pitos.

Heiche de tecer un berce
con xuncos do pé do río!
Coa lá da cordeira branca
i o meu mantelo de liño
estarás como unha rula
acochadiña no niño...

Non sei que facer cos días,
coa vida que vai fuxindo.
A terra é unha pecha noite
que sabe a sol de suplicios.

Sempre contigo a soñarte,
buscarte en paisaxes íntimos,
camiño que ha de levarme
lonxe no tempo... filliño!

De Xohana Torres



Xohana Torres
 Retrato: Biblioteca Virtual Galega

Patria, xeito de voo que conmove ao home.
 Sono incurable que tropeza na lúa.

Estacións ao mar, 1980

De Carlos Solla

a morte que transmito
 recende a feto maduro
 e un chorar
 ultrasónico
 como de andoriña.

Xábregos, 1999

De Emma Couceiro

E debo ser esta que se retorce
 debaixo do ceo desquiciado
 de estas entrañas horas.

As entrañas horas, 1998

De Manuel Forcadela

Alquimia

Algunha que outra vez, no instante de chegar
 Á fórmula que cifra o voo da eternidade,
 No intre en que os meus ollos comezan a enxergar
 Os fíos con que tece a inmortalidade,
 Alguén con manto negro de súpeto aparece,
 E a fórmula e os fíos... oh todo se esvaece...

Lámpada e medusa, 2002

4.3. Poetas con quen conversamos

De Ana Romaní

EN San Finx eran as minas a meta a raíz

Os amigos gravan cos pedais
 o asfalto

Somos metalúrxicos
 e os churros de Amador
 tiñan vetas de wolframio

por iso quería ser violinista

¿Como serán avoa os avós?

Arden, 1998

De María Xosé Queizán

Son
 son enigma
 símbolo do que non son
 e son
 voz obscura
 velo anuviado
 son tecido en silencio
 feitizo
 amor?
 no, estilo poético.
 Son metáfora e teño o poder da creación.

Metáfora da metáfora, 1991

De Marica Campo

QUÉROTE á miña beira con Pavese,
sei la terra e la morte, Rosalía
sexa tamén connosco cada día,
negra sombra de asombro que non cese.

Quérote ao meu pesar, mal que me pese
estás sempre aboando na poesía:
se te afogas a ti tal vez iría
tamén ela contigo e a perderse.

Pizarnik, Blanco Amor e mais Cernuda,
Manuel Antonio, Álvaro Cunqueiro,
a Dickinson, e Witman e Pessoa

e María Mariño e mais Cernuda,
con esa voz que tingues no loureiro
para pórllas en ti unha coroa.

Pedinche luz prestada, 2001

De Martín Veiga

A TORRE DE CALLANAN

No escuro alzo a miña torre no ar
Antón Avilés de Taramancos

Non moi requintada, ben sei, case en ruínas
desde o cruel coroado de espiños
as casas vermellas na badía, o alentar da turba
os outeiros distantes ateigados de teixos
as damas da noite enxergaban ávidas
a chegada a porto dos mariñeiros cansos
río arriba río adentro río Lee de noso
a cantarexar acaso vellas cancións da terra
tras cumprida travesía de recalada na illa
con escamas duras entre os dedos, ou salitre branco
nos cabelos irtos. Con fartura de xarda a bordo!

Onte era mañanciña, cristaleira, sol migado.

Hoxe un taberneiro vela o seu perfil adusto
entre os muros rexeos aniñou lerchán o corvo
as escadarías arderon en lareiras de inverno

xunto a xornais pasados, farrapos, varreduras
e dos suntuosos xardíns de antano, ornados de
[amarelles
con chafariz e paseos mornos ata o beiral das
[augas
fica unha fonte de pedra onde xogan cativos
un recanto ameno con carriza, con silencio verde
para un lecer vagarento na escasa escampadela.

Poema publicado na "Revista das Letras", de Galicia
Hoxe, maio 2003

De Paulino Vázquez

(Na tumba de María Mariño)

Visitamos a túa tumba no centro do inverno
a friaxe estremecía o corazón do teixo:
senras, as senras negras, e tras as senras, searas
as herdades abandonadas como ermas gándaras
da morte; cavorcos, doiras en mármore
as terras lentas queimadas por un lume vello
as agras, os outeiros nativos coroados de néboa
os profundos vales onde aínda se escoita a voz das
[aguías.

-bóvedas nos cómaros en silencio de morte
pequenas aldeas nas que alenta o fume milenario
nas pizarras azuis, laxas de lousa negra
adéntrannos no fondal do tempo; os adros da tristura
fechando como unha fouce a poalla aterecida
nos últimos alamos do lusco-fusco. Descemos
ás rexións da alma, ao corazón das tebras
(pousando o ocre do outono o seu líquen nos
[muros)

para escoitar o renxer das cancelas
e o rumor inmemorial da chuva
sobre a marga e a arxila que te cubre
latexando nas lápidas, esculpindo no tempo
a voz arcaica das raíces no teu sepulcro.

O tempo que respira, 2007

De Xabier Cordal

Tras do espello, a visión
 invertida: o boi fecha
 o sulco, a mao
 cobre a impresora con tea gris
 como se fose un cadáver.

Benvido sexa, entón, o pé lunar.
 El restaura o chan acristalado
 e a palabra que oculta.

De Xosé María Álvarez Cáccamo

CANDO ALCANZAS MOI TRISTE

o pozo albar da chuvia e adiviñas
 que vai estar chovendo en ti un orballo mesto
 durante moitas estacións de frío
 até o xelo que é pedra e logo cinza,

cando alcanzas moi triste
 a revelación das próximas xornadas neboentas
 porque estás no terrazo do cimo das idades
 e sentes fuxir abaixo cara ao mar
 o exército dos nenos que queren afogarse,
 afogarse de ti para esquecer o corpo que algún día
 [será deles,

cando alcanzas moi triste
 as palabras para alumear esta tristeza,
 entón sabes tamén
 que un poema é unha música que mata.

Cimo das idades tristes, 1988.

De Yolanda Castaño

Perfilando a verba túa nesta verde hora nosa
 -nin ninfa nin altazor-
 léome toda por dentro ollos a tentas.

Eu non sei.
 Abrín a gorxa prohibida ou pedía demasiado.
 Non sei se é que me chega ou son eu que vou por
 [ela.

É tan difícil.
 ¿Por qué debo dividirme se nacín multiplicada?

A sóas non abrasa.
 Recodo de carqueixa pero a sóas non abrasa.
 Anúnciase o remol, e todo daría deste mundo por
 [ese resto de esperanza.

Eu non sei.
 Non sei se son eu que vou tras dela.
 Non o sei.
 Tal vez pedía de máis ou rompimos as palabras.
 Calquera cousa, todo daría deste mundo si o que
 [teño ha de
 chegar que non me abrase.

É delicado.

Por iso, ¿quén manda nesta verde hora de hoxe?
 ¿quén manda, quén, quén, que non a atende?
 quen vai e di anque cala e non cingue xeito novo
 -nin ninfa nin altazor-
 recodo de carqueixa en que borrarte.

Eu fun a suma total daquel que foi medindo
 a pegada que calo pero que en por min nomeo.
 Abrín a gorxa prohibida ou desmerezo este sangue.
 ¿Por qué debo dividirme se nacín multiplicada?
 Son o que se lle antoxa cando me leo por dentro.
 Son o mesmo humor da nada perfilando a verde
 [hora.
 En min non vén nada dentro por moito que a
 [berros clame.
 E sinto cómo me acaban, sinto cómo me dan forza.

Eu non sei.
 Anúnciase o remol e en min non vén nada dentro.
 ¿Ouh para qué me trouxeches si é que me levas
 [agora?
 Abrín a gorxa prohibida ou pedía demasiado.
 Mais sinto cómo me acaban, sinto cómo me dan
 [forza.

4.4. Poetas que xurdiron na conversa

De Manuel Antonio



Manuel Antonio
Fotografía: Biblioteca Virtual Galega

O CARTAFOL DO VENTO

O vento perdéu as follas
d'o seu cartafol
-esas que os chubascos
mecnógrafos
tecolean n-o manual d'os mastros?

As gavotas non teñen quitasol
pero fan raudos equilibrios
pol-o aramio transparente
de total-as ortodrómicas d'o ceo

O pailebote sin velas
-Serán esas que o vento
levou n-o seu cartafol?
tamén fai equilibrios no ronsel

C'a boca aberta
-cai-lle a baba
está mirándó-nos o babión do sol

De catro a catro, 1928

De Pilar Pallarés



Pilar Pallarés
Fotografía: Biblioteca Virtual
Galega

Pede-lle ao día o sol morneando-che o rosto
o ulular do vento nas máis altas varandas

a beleza dos corpos ten ángulos que doen

corazón: fica inmóbil

Livro das devoracións, 1996.

De Xela Arias



Xela Arias
Fotografía: Biblioteca Virtual
Galega

AS FIGURAS DA SOIDADE

POÉTICA

UNHA copa, un fresco, o cine.
Un cigarro alabarado,
os pés na area.
Parece que perdura sabéreste así queda,
e asúme-la bendita expresión.
Mata-lo tempo.

O tempo...
ique se perda!,
maino, diante nosa.

Intempériome, 2003

4.5. Doutras literaturas

De Emily Dickinson



Emily Dickinson
 Retrato: Wikipedia

A word is dead, when it is said
 Some say-
 I say it just begins to live
 That day
 1862

Unha palabra é morta cando dita
 disque -
 eu digo que comeza a vivir xusto
 ese día.
 1862
 Tradución de M. Romero

De Rainer Maria Rilke



Rainer Maria Rilke
 Fotografía: Forum Gesellschaft

XXVII

Gibt es wirklich die Zeit, die zerstörende?
 Wann, auf dem ruhenden Berg, zerbricht sie die
 Burg?
 Dieses Herz, das unendlich den Göttern gehörende,
 wann vergewaltigt der Demiurg?

Sind wir wirklich so ängstlich Zerbrechliche,
 wie das Schicksal uns wahr machen will?
 Is die Kindheit, die tiefe, versprechliche,
 in den Wurzeln -später- still?

Ach, das Gespenst des Vergänglichen,
 durch den arglos Empfänglichen
 geht es, als war es ein Rauch.

Als die, die wir sind, als die Treibenden,
 gelten wir doch bei bleibenden
 Kräften als göttlicher Brauch.

Die Sonette an Orpheus, 1922

XXVII

Existe, realmente o tempo, o destrutor?
 Cando, no calmo outeiro, esborralla o castelo?
 Cando o demiurgo asoballa este corazón
 que aos deuses por sempre pertence?

Somos, de certo, tan temeramente fráxiles
 coma o destino quer facernos crer?
 E a nenez fonda, chea d promesas,
 está nas raíces -máis tarde- calada?

Ai! A pantasma do fuxidío
 pasa, coma un fume, a través
 de quen con sinxeleza acolle.

Tal coma somos, atafegados,
 cabo das forzas que duran, porén,
 servimos a un fito divino.

Os sonetos a Orfeu, 1922
Sonetos a Orfeu, La Voz de Galicia, 2005
 Tradución de Lois Tobío



Lois Tobío

De Alejandra Pizarnik



Alejandra Pizarnik
Fotografía: Letropolis

LA CARENCIA

Yo no sé de pájaros,
no conozco la historia del fuego.
Pero creo que mi soledad debería tener alas.

Las aventuras perdidas, 1958

De Paul Celan



Paul Celan
Fotografía: bibliele

MIT ALLEN GEDANKEN ging ich
hinaus aus der Welt: das warst du,
du meine Leise, du meine Offne, und-
du empfindest uns.

Wer
sagt, daß uns alles erstarb,
da uns das Aug brach?
Alles erwachte, alles hob an.

Groß kam eine Sonne geschwommen, hell
standen ihr Seele und Seele entgegen, Klar,
gebietend schwiegen sie ihr
ihre Bahn vor.

Leicht
tat sich dein Schoß auf, still
stieg ein Hauch in den Äther,
und was sich wölkte, wars nicht,
wars nicht Gestalt und von uns her,
wars nicht
so gut wie ein Name?

Die Niemandsrose, 1963

CON TODOS OS PENSAMENTOS
saín do mundo: alí estabas ti,
ti, o meu silencio, ti a miña abertura, e-
recibíchesnos.

Quen
di que nos morreu de todo
porque esnaquizou o ollo?
Todo espertou, todo se ergueu.

Nadando viña grande un sol, luminosa
estaba a súa alma e alma en contra, clara,
despóticos silenciáronlle a súa órbita.

Lixeiro
Abriuse o teu colo, silencioso
Subiu un suspiro por entre o éter
O que se anuboa, non foi,
Non foi un corpo e partindo de nós?
Non foi
Algo así como un nome?

*A rosa de ninguén, 2005 Edt. Galaxia. Tradución de
Catuxa López Pato*

4.6. Novos poemas

Agora ofrecémosche un poema nacido entre as aulas dun centro de ensino e a soidade posterior. Ás poetas e aos poetas invítannos a pensar e tamén a crear. Non son elas, nin eles quen nos obrigan a estudar a súa vida nin as circunstancias da súa escrita. As poetas e os poetas escribiron desde a páxina en branco e deixaron mensaxes, non pretenderon nada máis. Está ben detérmonos nas súas mensaxes. Está ben desexar ser poetas, está ben selo e dicilo. Aquí deixámosvos un poema novo, dun poeta novo, con futuro e o seu pensamento sobre a escrita recollida en *Palabras*. Reparede nesta mensaxe de Luís Pimentel: “A poesía é o gran milagre do mundo”.

Brais Martínez Basalo

1.º de ESO A. IES San Paio de Tui

María Mariño


Son a néboa que anda soia.

Son unha néboa
que divaga por un mundo
cheo de negro.
Son unha néboa
que lle doe moito o peito,
que ten que refuxiarse,
nun papel branco,
trillado.
Un papel que maltrato
un papel cheo de feridas,
que berra,
berra entre os fortes
desde onde as miñas verbas che magoan.

Das cousas que non se atopan,
tamén son

das ondas que soio va, van e van.
Das ondas que se erguen
sen sentido
para acabar morrer na costa,
que volven e que veñen
nun andar aloucado,
pois tamén de cando veñen e vein vindo,
delas tamén son.

Son o sol que quenta as queixas
e a dor desta folla,
a que fago dano, onde un lapis esmaga,
o puro branco deste papel trillado,
que aquí che deixo,
neste percuero das horas,
para intentar sedar a miña dor,
que sae do máis profundo,
un laio apagado,
un laio dunha néboa,
que é sono que rixe
mundo que verte tempo.



PALABRAS

O escribir son milleiros e centos de cousas nunha e eu tan só poderei dicir algunhas porque, para o resto, xa non habería palabras:

- O escribir é contar a imaxinación, as figuras e frases que xorden do interior.
- O escribir é pór nun papel o que non podo dicir en voz alta.
- O escribir é buscar e formar a voz máis fermosa do corazón.
- O escribir é sacar cousas do máis profundo da alma.



Ilustración de Brais Martínez Basalo. 1.º de ESO A.
IES San Paio de Tui
Lapisdecor. Papel. 29,7x21 cm

ACTIVIDADES

1. Propoñémosche que sitúes cada poeta no seu tempo, que busques información sobre as súas obras.
2. Repara na temática dos poemas e trata de relacionalos.
3. Busca información sobre:
Emily Dickinson, Rainer Maria Rilke,
Alejandra Pizarnik e Paul Zelan.

ANTOLOXÍA DE
MARÍA MARIÑO

Letras Galegas
maría mariño Carou
2007



O mundo dos furados. Carla Novás García
1.º ESO. IES San Paio de Tui
Ceras. Papel. 29,7x21 cm



Aires do Mar. Xulio García Rivas
Óleo. Lenzo. 46x165 cm

María Mariño nos poemas

Ofrecémosche agora unha selección de poemas dos dous libros publicados por María Mariño. Velaí, pois, a escritora coa súa propia voz, coa herdanza que nos deixou.

Esta selección de textos é consultada, xa que todas as persoas que participan nesta unidade escolleron previamente cinco poemas que, ao seu xuízo, nunca deberían ficar fóra. Moitos deles xa foron aparecendo nos puntos precedentes.

Nun principio, ao remate da cada poema, engadimos unhas suxestións para que te deteñas na lectura nalgúns aspectos característicos da autora, aínda que pensamos que debes ser ti, principalmente, quen dirixa a túa lectura.

De Palabra no tempo

Inda vou na meniña
aquela que fogueaba sin leito!

Son aquela!
Son aquela que no bosco
escutaba o himno dela!

Son aquela mañanciña,
entre orballo das rosas,

entre area de sendeiros,
onde atopaba a campana.

Caladiña eu chamaba
en berros que hoxe esquezo,
cando o navío de lonxe
o meu mar cheo atracaba.

Son aquela!
Son aquela tarde queda
que no serán se chamaba
miña aurora sin coores
chea dun farto rebusco
que en un xordo a min chegaba.

Son aquela!
Son aquela pena nubra
que de mofo entrenzaba
a lonxe voz do poeta,
cando aínda non sabía
que era para ela
o que aquela voz narraba.

Son aquela!
Son aquela sempre soia
que paseaba a ribeira
a ver si nela atopaba,
a ver si nela afogaba.

Eu non sei,
eu non sei son sinceira.
Eu sentía un lonxe triste,
eu sentía nel ledicia,
eu quería quedar soia,
eu quería compañía,
aquela que eu non sabía!

Hoxe o sol enxuga a néboa.
Os dous tecen amores.
Han de saber algo dela!

Actividades

1. Quen é esa neniña da que se fala no poema? Como nos transmite a poeta o pasado e o presente? Que relación existe entre o sol e a néboa coa neniña?
2. Que é unha anáfora? Procura as anáforas neste poema.
3. Repara na lingua do texto: “sinceira” é un hipergaleguismo.
4. “Soia” é unha variante de soa cun iode antihiático de moito uso literario, perfectamente aceptada.
5. “Escuitaba” é un dialectalismo.
6. Localiza os castelanismos que se atopan no texto.
7. Comenta o significado da expresión: “fogueaba sin leito” (v. 2).

MIÑA NAI

Canta morte eu vivín
polo alento ó revés do meu sentir!

Erguinme e fun cara arriba, non atopei que decir.
Ceguiña corrín cara abaixo.

Atopeiche, miña nai!
Atopeiche!

Na escaleiriña de pedra,
no recendo do pinar,
no banco de San Martín, co rosariño na man,
Á dereita, no Convento, atopeiche!
E logo, pasando a Ponte, camiño da Pedra Chan.

Atopeiche, miña nai!
Atopeiche!

Volvo de novo en min,
Volvo de novo a olvidar!


Arrecendo a túa chombra, que onte gardei sin lavar,
Arrecendo a túa mantilla e volvo de novo a olvidar!

Atopeiche!

Pousa está a túa manciña na tixeira que eu colguei
como medalla -ouro vello!- na cadea do teu ser.

Son ser das túas penas,
de ledicias e amores,
son cadea enfurruxada,
vertida das túas veas.

Si ma puderas limpar
e que brillara en contento,
eu berraría de a feito:
De miña nai son cadea,
i ela en min é o tempo!
Señor,
tí que sabes canto hai,
Señor,
si onte i hoxe son de Vós
cal dos tempos é teu pan?



A ponte do tempo.
1º A ESO. IES San Paio de Tui
Pastel. Papel. 21x29,7 cm

ACTIVIDADES

1. Neste poema faise referencia á igrexa de San Martiño, ao convento de San Francisco e á ponte da Traba de Noia, que época volve evocar a poeta.
2. A que dous suxeitos se dirixe no poema?
3. Que pode simbolizar no poema a “cadea enferruxada”?
4. Desde o punto de vista da norma lingüística, “brilara” non é correcto, por que?
5. As formas “pinar” e “tixeira” son castelanismos, cal sería a forma correcta?

O MEU TEMPO

Onte era mañanciña, cristaleira, sol migado.
Onte era anduriña.
Onte serán cantigaba.
Onte a pradeira aboiaba no retorno da meniña.

O espiñeiro onte era rosa, era en alto espaiado.
Nebra baixa era luceiro.
Era o riacho océano.

Sono eran os regueiros:
calexas del presentían.
Eran as calexas donas do que o sono non sabía.

Era a roseira formento da masa que non coceu.

Era o cume reino farto.
Era todo.
Era nada.
Sin nacer hoxe morreu.

Tiñan os aires zoar nas cunchas da pandereta.
A muiñeira medraba na néboa da polvoreda
que en punteiras espaiaba.
Soio huella quedou dela!

Comezaba o abrir do día
cando a noite o pechou.
Non se atopa pechadura, pechadura nin medida
prá chave que el deixou.
Quero saír a un camiño e non sei por onde andar.
O hoxe non sabe ir soio.
Onte lévao pola man.



Unha flor desde Beni Mellal para María Mariño.
Fátima Zahra Cherti. 1.º A ESO. IES San Paio de Tui
Ceras. Papel. 24,5x32 cm

ACTIVIDADES

1. Estamos diante dun poema onde a meditación do tempo é o tema fundamental. Divide en dous grupos o que representa, por unha banda, “Hoxe” e, pola outra, “Onte”. A que conclusións chegas?
2. Que simboliza o camiño no poema?
3. Comenta a expresión: “Era roseira formento da masa que non coceu”.
4. Ao longo da lectura desta antoloxía, debes reparar na creación de palabras que fai a poeta. Neste poema atópase a palabra “migado”, cal é a palabra base? Que se quere expresar con ese adxectivo?

Sempre hai verba que non di e bon alalá que non
[zoa.

Hai xiro longo en rebelo, mil medidas pra unha
[soia.

ACTIVIDADES

1. Busca o significado da palabra “aforismo”. Este poema pode ser un aforismo? Explica o que quere dicir.
2. A palabra “rebelo” é propia do Courel, emprégase aquí como oposición de longo, e quere dicir ‘curto’.
3. Repara nas contradicións semánticas que se desenvolven no poema.

Inverno vello sin anos
 o mundo dos furados déixate.
 Probiños por iles estar tan lonxe do noso sentir
 e non poder de ti falar.

ACTIVIDADES

1. “O mundo dos furados” é un achado poético de María Mariño que designa ese espazo que vive no interior da terra e que non podemos sentir.
2. Repara en como, ao utilizar o inverno, co que fala, logra transmitir esa desconexión co outro mundo.
3. A palabra “probiños” é un vulgarismo que consiste no cambio de posición dun fonema consonántico (metátese).
4. A forma “iles” é un dialectalismo morfolóxico do bloque oriental.

Días eran en medas, as noites todas cantoras.
 Chans cegaban ós teitos. Todo medraba fóra!

Eran os días pequenos, tempo grande a súa obra.
 Afogado todo en xordo, medra o meu chan agora.

ACTIVIDADES

1. O primeiro verso é outro dos grandes achados poéticos da autora, explica o seu significado.

2. Novamente hai unha contraposición entre o pasado e o presente. Comenta o verso final.
3. Que significado pode representar o verbo “medrar”? Repara nas oposicións de significados que representan no texto “fóra” e “o meu chan”.
4. Ten rima este poema?

NOITE CAURELÁ

1

Ládranlle á noite os cas i ela de ben cega o ucedo.
Tiñe os aires a noite. Nela síntese medo.
A noite téndese ó sono que a aurora espera cedo.

2

A noite foi un cantar dun fiel ben en voz-deserto.
Canto choio dil me veo polo eixe do seu verso!



O Courel. Amaro González Pousa
1.º ESO C. IES San Paio de Tui
Lapis de cor. Papel. 12x20,5 cm

ACTIVIDADES

1. Cal cres que é o verdadeiro tema do poema?

2. A que pode obedecer a división tipográfica en dúas partes diferenciadas?
3. Como é a rima do poema?
4. Como aparece personificada a noite?
5. Repara nos castelanismo “tiñe” e nos dialectalismos morfolóxicos “cas” e “dil”.
6. Unha das características da lingua da poeta é a creación de palabras novas ao unir dúas cun guión. Que quere dicir en voz-deserto?

NOIA

1

Campanas que tocases
todas do mesmo xeito,
unhas chegádesme á alma
e outras ó pensamento.

Pobos onde eu vivín!
Algúns eran máis feitos
e queríanme enganar,
mais eu nunca sentín
neles o meu fogar.

O meu fogar téño en ti:
no teu vivir e nas tres pontes
e das campanas os toques,
toques que eran pra min.
Fóra de ti cando as oio,
e sendo o mesmo tocar,
recólloas no pensamento,
xa non pasan máis alá.

2

Ribeiras de mar enxoiro!
Ribeiras de pleamar!
Quedas, vellas ribeiras,
agardan un mar i outro mar.

3

Os seráns nas Rías Baixas
 ollan con luz de aurora,
 ca súa mirada queda,
 silencio daquela hora...

ACTIVIDADES

1. Le o poema “Campanas de Bastabales” de Rosalía de Castro, cres que puido influír nesta composición? Razona a resposta.
2. “Campana” é un castelanismo. Que formas propiamente galegas designan este obxecto? Que simboliza realmente no poema?
3. Este é un dos poemas onde María Mariño tamén é poeta do mar e é a poeta de Noia. Que significado ten desde o poema este espazo?
4. Analiza a métrica do poema: conta as sílabas dos versos e repara na rima.
5. Por que está dividido tipograficamente deste xeito?

1

Son a chuvia, son a neve, son o vento da xeadá.
 Son alba daquel vivir,
 hoxe noite daquel sentir

Miro, miro e non vexo.
 Sinto, sinto e non teño.
 Oío lonxe e non entendo.

Hoxe,
 onte do meu contento!

2

Natureza soia, trai de ti unha compañía,
 trai algo que sea novo da voz vella que me fala!

ACTIVIDADES

1. Repara na identificación da poeta coa natureza.
2. Fíxate no estrañamento literario que consegue co emprego de termos semánticos antagónicos.
3. Quen pode ser a “voz vella”?
4. Localiza os castelanismos no poema.

Daquel cantar pensei que era un logo de alegría.
 Despois do meu sono longo, despois da terra movida,
 sentín daquela voz soia que era o nacer doutro día...

ACTIVIDADES

1. Cal cres que pode ser o tema do poema?
2. María Mariño xoga coas categorías gramaticais, transcategoriza vocábulos; neste caso, converte o adverbio “logo” en substantivo. Este fenómeno lingüístico recibe o nome de metábase.

1

O mundo dos furados canta un cantar que eu
[aprendín
Eles saben o que cantan i eu non sei a quen llo oín.

2

Os paxariños hoxe cantan ben con outro són
O día nace máis craro. Será deles o hoxe ou non?

ACTIVIDADES

1. Atopamos de novo o mundo dos furados que contrasta co mundo dos paxariños. Que cres que desexa expresar o poema?

2. Por que é “craro” unha forma incorrecta?

3. Por que acentuaría graficamente a palabra “són”?

Hoxe o silencio todo ten barullo de enxordar.
Ergueume nas súas voces, en donde penso quedar.

Dindelas vexo todo, todo o meu bon ollar.
Aquí sinto o que non teño aló no fondo do meu chan.

O meu chan volveuse cume. Eu non sei como esto foi.
Sin obreiros nin ferraxe, baixa nebra está no sol.

ACTIVIDADES

1. Comenta as contradicións de significado que se atopan no primeiro verso.

2. Volve aparecer o espazo designado “o meu chan”, que cres que significa?

3. Que son esas voces onde o suxeito lírico pensa quedar?

4. Que pode ser ese “cume”?

5. Unha expresión propia da fala popular é *dindelas*.

Oio algo alá mui lonxe e nada del sei decir,
e sin esperar espero para o ver si o vexo vir
Penso si polo arrodeo ou si non sabe o camín.
e sin esperar espero para ver o lonxe en min.

ACTIVIDADES

1. Pódese falar da presenza de aliteracións neste poema?

2. Pode ser a forma “mui” unha solución dialectal da fala de Noia?

3. A forma “camín” é propia do Courel, pode empregala María Mariño por algunha outra razón?

Nace en min un novo longo con mofo na raíz tecida.
Eu non sei donde agromou ou si ven dunha fontíña.

Abala, abala o seu mecer os aires que a min me viñan!

Cando zoan sin mal tempo
penso que o longo naceo do vello que o novo tiña.

ACTIVIDADES

1. Fíxate na metábase do adxectivo en substantivo que se dá en “un novo longo”. Que pode indicar este “novo longo”?
2. Repara e comenta a aparente contradición semántica que se dá no derradeiro verso.
3. Localiza os castelanismos no poema.

Tiven medo de vogar,
 tiven medo da auga crara.
 Anque fora cuns bos remos
 anque fora na mar calma,
 non vogaba!, non vogaba!

O medo xa non sei del.
 Xa secou aquel mar longo.
 E sin saber donde veu,
 si é doutro ou é meu,
 navego nun mar de fondo.

ACTIVIDADES

1. Fíxate no emprego do paralelismo nos catro primeiros versos do poema. O emprego deste tipo de recursos recorrentes, moi utilizados na literatura popular, contribúen a dotar o poema de musicalidade.
2. Busca o significado da palabra paráfrase. Fai unha paráfrase do poema.
3. Busca esta páxina: <http://www.ghastapista.com/uxia.php>. Atoparás información sobre o

disco de Uxía, *Danza das Areas* (2000), no que canta este poema de María Mariño.

4. Podes entrar tamén na páxina: <http://www.culturagalega.org/album/>; unha vez alí, procura o artigo sobre María Mariño e en toda a información podes procurar e escoitar este tema interpretado por Uxía.

Somos un ou somos dous, ou tantos como en nós temos?
 Cada un é o caber dun mundo que non sabemos
 si somos ou si el é o que ten e nós mecemos.

ACTIVIDADE

1. Coa lectura deste poema fai unha reflexión sobre a pluralidade do eu.

De Verba que comenza

1

Aquí che deixo, meu peito canso, aquí
 che deixo,
 aquí che deixo neste branco papel trillado, neste
 percuo das horas.
 ¿Quen eres -preguntaranche-, quen eres?
 Son a néboa que anda soía, son o sol
 que quenta as queixas, dos camiños
 son o farto,
 son o sono que rixe
 mundo que verte tempo,
 son o berro caladiño entre arranque-brío de sono morto.
 Das cousas que non se atopan

tamén son,
das ondas que soio van, van e van,
delas son,
de cando veñen e vein vindo
delas son. Son o ledito daquel sono –terra de sin pisadas,
soio remaxe das cousas-.
Papel branco,
trillado,
papel,
berra,
berra entre os fortes
desde onde as miñas verbas che magoan.

ACTIVIDADES

1. Repara na ruptura da sintaxe, nos encabalgamentos.
2. Que relación existe entre o papel e o eu lírico?
3. Comenta o derradeiro verso.
4. Realiza unha paráfrase do poema.
5. En cantas partes dividirías o poema? Razoa a resposta.
6. Pódese falar neste poema dunha identificación da escrita coa vida? É a escrita a permanencia no tempo?
7. Procura no poema a creación de palabras novas co artificio de unir dúas cun guiño.

8. Repara no estrañamento literario que produce a alteración da normalidade gramatical en: “Son o ledito daquel sono –terra de sin pisadas”.

4

Encéndeseme o peito, brúa en alma soia
–verba que comenza-.
Ti que sabes de onde viñen,
ti que sabes ben quen son,
ti que ves por onde ando.
Ouh, raxa o tempo ca túa hora, raxa as cousas,
ti xa morta, viva ou non sei, ti...
Pro, quen eres ti?
Si non peneiras o farelo, si non dás
formento á masa,
si non coce xa o teu forno,
que pan sacará o teu grau ben mundo?
Ti, hoxe miña, soio hoxe, mañán xa
non,
mañán serás nebra nubra como outra.
Hoxe dime,
dime das cousas, dime si o meu de ti alento
é alento ou bruma,
dime si respiro ou afogo,
dime daquela hora miña –día noso-.

Ouh Natureza pequeniña e longa, hoxe
ténhote na man, cinguidiña ós meus dedos de
terra,
puño xusto da miña forza,
soio latido.

ACTIVIDADES

1. Repara na relación da poeta coa palabra (Verba que comeza). Quen fala no poema?
2. Fíxate no léxico relacionado co pan.
3. Que simboliza o pan no poema?

4. Pódese dicir que estamos asistindo ao nacemento da palabra?
5. Localiza todas as desviacións lingüísticas da norma.
6. Fíxate no estrañamento que nos produce a alteración sintáctica no verso: “Dime das cousas, dime si o meu de ti alento”. Nós diríamos: “O meu alento de ti”.

14

Calma, amiga, calma que tamén eu espero.
 No me empuxes.
 No me mandes falar o que non dis.
 Non mandes que de ti diga
 si hoxe non che conozo.
 No me empuxes
 si no me dás de a feito, no me empuxes que non ando.
 Non ando na túa liña
 trillada de sóo.
 Non ando entre pé descalzo -mascarada verba-.
 Non ando sin de ti forma -luz viva-. Non ando,
 non.

Escoitos todos, como ditades!
 Como vedes as cousas dinde a vosa sabia meda!
 Como teñides!
 Teñidos de formas,
 teñidos de rumbos, de camiños soios e de
 pausa,
 teñidos de verbas, verbas duras sin
 moles,
 verbas brandas,
 verbas que se atopan como eran,
 verbas que enxugan mundo entre homes,
 que enxugan terra, terra mollada de
 són,
 que enxugan nebra,
 aquela de trono limpo,
 enxugan peito,
 peito frío, amofado en alma
 morta.
 Forza, empuxa de ti e fala.

ACTIVIDADES

1. Quen cres que pode ser a “amiga” do poema a quen se refire?
2. Comenta o verso 4: “No me mandes falar o que non dis”.
3. Fíxate en todos os adxectivos que acompañan a palabra “verba”.
4. No texto hai dúas partes claramente estruturadas, a que cres que se debe esta diferenciación?
5. Repara no emprego distorsionado da sintaxe en: “Non ando sin de ti forma -luz viva-. Non ando”.

15

Quen manda na hora de hoxe?
 Quen manda?
 Quen manda que non antende?
 Vou buscando,
 busco mañá e no atopo, busco día
 e non vexo.
 Todo cala afeito.
 Non atopo a pausa tarde nin sei do seu
 barullo.
 Quen me fala non o entendo.
 Señor,
 dime quen me levou?
 Quen me levou que me volva,
 que me volva enteira de
 Ti.
 Herbillas de prados frescos,
 terras,
 mares, mareas e cumes,
 riachos de entre canellos, buscade de vós
 o meu, meu soio.

Xa vexo!

Vou vendo.

Vexo día ca súa salve.

Atopei mañá -miña hora-.

Vai medindo o tempo as prantas.

Xa me din en verba aberta!

Xa me escoitan!

Xa en rendixa da noite se atui!

Xa son!

A cabeza oca sabía do seu.

Os ollos -farola do primeiro barco que aprendeu a [andar-,

eran quedos, non espentenexaban

quedos e alumeados.

A boca non tiña dentes, escondíxo soio de lingua
que non falaba nin estaba queda.

Os brazos, peladiños de óso, movíanse como
[caracol sin casa.

O peito soio era luz

luz que en raio decía:

“Deus das augas embarrancou aquí!”

Fuxín deixando todo naquel brillante.

Un aí! Levou conta del.

De lonxe viu rubir o mar, rubía, rubía hasta bicar o
ceo.

Á súa chegada os peixiños todos flotaban a flor de [auga

e quedos agardaban o que eu
non sei.

ACTIVIDADES

1. Fíxate nas diferentes partes do día ás que se van facendo referencias.
2. Repara na diferenza anímica da primeira parte do poema e na segunda, que comeza a partir do verso: “Xa vexo!”
3. Fíxate na relación do suxeito lírico coa natureza.
4. Comenta o verso: “Van medindo o tempo as prantas”.
5. Este é un dos poemas nos que a poeta fala co “Señor”, que é o que lle está dicindo?

20

Era a migalla dun home o que facía andar o mar.
Dáballe ás augas voo,
voo que brincaba en ondas.

As pernas de argazo rubían as penas
recén paridas de cunchas
de vermello e
toxo limpo.

As mans -peixe aparexado- facían parir as augas.

ACTIVIDADES

1. Localiza todo o léxico marítimo.
2. De quen se está falando no poema? Fíxate no primeiro verso.
3. En que se detén para describir o home?
4. En cantas partes se pode dividir o poema?
5. Que agardaban os peixiños?
6. Fai un resumo do poema.

21

Crucei o mar da Marola e faloume no seu son,
 faloume aberto en voz sonora
 e ritmo forte.

As gueivotas non paraban, revoloteaban mariñeiras.
 Picaban as augas dos sal
 vermello e argazo en rolo.

Estaba soia, soia comigo e ca proa
 dun barco pesqueiro que nela zoaba
 mentres decía en comestas verbas:

“Fun, son e serei castigo dunha onda
 arrolada na pena que chamou Marola”.
 Ninguén lle oíeu, mais un vento furón soupo de si
 i enredándose en min quebrou seu nome.

Escurécese o mar, a Marola sinte frío,
 envólvense as ondas na nebra,
 erguese peito fala:

Cando se soia me erguín crucei o mar
 da Marola. Eran as ondas enteiras, duras e longas,
 era a súa espuma loita. Non tiña medo do vento.
 Mar sin marea que trocara súa ronda.

ACTIVIDADES

1. Localiza a marola.
2. Que significará o dito popular: “Quen pasou a marola, pasou a mar toda”?
3. Procura unha cantiga popular na que se faga referencia á marola.
4. Quen fala no poema?

5. Neste poema volve aparecer o peito. Relacionándoo con outros poemas que xa liches, podes indicar que pode simbolizar o peito?

6. Pódese falar neste poema dun mar interior que a poeta desexa identificar coa idea da dificultade da navegación nesa zona?

7. Pasou a poeta a marola? Fíxate no verso final.

28

Está caendo a folla i en min nace primaveira,
 Quen entenderá este mar vello?
 Como digo onte sendo hoxe?
 Como farto a miña verba do nacer que xa pasou!
 Como reino nas migallas onde medrei un bon día!
 Como piso forte sendo branda?
 Como digo si si o non está escoltando?
 Quen entenderá este mar vello?
 Medro, medro e non sei onde parar.

Presa xa e ceguiña no cume
 lévame,
 lévame ó chan a verba.

Queda hoxe o chan soio
 muxindo a pegada do tempo.
 Mesturadas terras peneiran, peneiran fariña,
 fariña que non fai masa.
 Rebélanse as ondas ós mares,
 os ríos afogan a pradeira seca,
 os camiños non se atopan.
 Quen entenderá este mar vello?
 É outono i en min nace primaveira.
 Quen o entenderá?



Fotografía: Milucho Romero

ACTIVIDADES

1. Fíxate na contradición entre o mundo exterior, outono, simbolizado nun primeiro momento pola caída da folla, e o mundo interior da poeta, onde “nace a primavera”. Pódese pensar nun melloramento físico ante a enfermidade? Pódese pensar nunha aceptación da enfermidade? Pode ser a primavera a morte liberadora da dor?
2. Vólvemos atopar a contraposición entre “o chan” e “o cume”. Que espazos representan?
3. Que simboliza o “mar vello”?
4. Volve xurdir o verbo “medrar”, que leva implícitas moitas significacións. Que evoca neste poema?
5. Como describe a transformación do espazo no outono na derradeira estrofa?
6. Analiza os recursos recorrentes ao longo do poema. Que idea axudan a intensificar?

29

Mocedá diviño tesouro!
Non polos anos poucos, non.
Eu conocín anos poucos sin ese mensaxe vello,
conocín xuventudes envellecidas de loita,
envellecidas de inquedanzas e nostalxia.

Ouh morniño da nai, cas súas paredes, subiar do
[irmán, silencio do pai!
Como zoa o vento, como zoa chamándome probe!
Como rinchan as vigas chamándome probe!
Como bailan os cristales nas ventanas inseguras
[chamándome probe!

Como minten!
Como van mentindo!
Como dormen na riqueza eterna segura dos meus
[cálculos adolescentes!

Por que esquecerei pazos e torres entre a cinsa da
[lareira?
Por que me arredarei dos mozos pola quenturiña
[da nai?
Pra que sirve unha casa nova si lle faltan as paredes?
Xuventú, diviño tesouro. Si, si inda che arrola a
[quentura da vella cantiga primeira.
Si non... Ouh xuventú
como te aporveitas da forza miña feita loita!
Xuventú, sustanza carcomida! Ouh!

ACTIVIDADES

1. O primeiro verso recolle o tamén primeiro verso da “Canción de otoño en primavera”, do poeta nicaraguano Ruben Darío. Que significados pode transmitir este verso? Fíxate como a poeta contesta nos versos seguintes.
2. Pode existir unha identificación entre nai e casa segura?
3. Repara na oposición entre “subiar do irmán” e o “silencio do pai”.

4. Como transmite a poeta as súas orixes? Fíxate nos recursos reiterativos.
5. Mostra a voz lírica arrepentimento ou nostalgia pola mocidade?
6. Comenta o verso final: "Xuventú, sustanza carcomida".

30

Quen me dera, amigos, que miña nai me dera hoxe
[unha tunda.

Hoxe por neve trocada,
hoxe no humor derradeira,
que non oio meu latido,
que a escuridá me zoa,
quero pedir e non podo,
non falo,
chegan a min e non sei.

Ouh, quen me dera que miña nai me dera hoxe
[unha tunda!

Logo a súa man sanguentada a pousara
no meu peito
e cinguidiño a el miña alma,
miña alma hoxe fría.

Tirada entre mesturada terra estou,
quero, quero e non podo erguerme,
aplástame a chuvia,
lévame o vento,
quéimanme,
carbón de min queren facer,
como a chama non fai brasa.

Quen me dera que miña nai me dera hoxe unha
[tunda!
Ouh!

ACTIVIDADES

1. Como expresa no poema a saudade pola ausencia da nai? Por que evoca a nai neste momento?

2. Como logra transmitirnos o seu estado físico na primeira estrofa? Repara na perda da fala.
3. Na terceira estrofa vemos como o suxeito lírico está dominado pola natureza, ela "tirada". Que quere indicar no verso: "Como a chama non fai brasa".
4. Como podes ver, a nai está presente en varios poemas da autora que xa fuches lendo. Elabora unha redacción sobre a presenza da nai na obra poética de María Mariño.



Fotografía: Milucho Romero

32

Había que chegar, había que chegar pra ser.
Había que deixar o que nacera,
o que iba medrando.
Había que deixalo.
Había que deixar a cume,
cume de quenturas,
cume que vive baixo a ponte das loitas,
baixo remos que viven no olvido do ben,
baixo a cruz que nos desina o tempo,
baixo a terra que a presada nos vai decindo,
nos di:

"Había que chegar".

De cando en cando miña cume fala soia,
volve ó seu e logra del,
logra resposta do vecín-peito enfermo,
peito que se espacia recio pra aquel outro que non
ten cura,

peito feito dela que chega a nós,
peito que volve a cume ó seu,
súa infancia tecedeira,
súa primeira mirada que veu luz,
seu mañán en onte xa feito,
seu día craro:
toda verdade das cousas.
Anos poucos. Ouh!

ACTIVIDADES

1. Este é un dos poemas da poeta onde a presenza da enfermidade se manifesta claramente na expresión “vecín-peito enfermo”. Repara no verso: “Peito que se espaia recio pra aquel que non ten cura”.
2. Volve a poeta evocar a infancia “tecedeira”, unha época que tiña futuro por diante, tempo para tecer, “Seu mañán en onte xa feito”.
3. No poema están presentes moitos símbolos que xa nos son familiares e que a poeta vai recollendo como: o cume, a ponte, os remos, a cruz. Simbolizan o paso do tempo, a loita e a aceptación dun destino ao que “había que chegar”.
4. Repara nos recursos repetitivos anafóricos e paralelísticos que contribúen a manifestar a obsesión que vive no interior do peito da poeta.

33

Cantos alentos pra unha fosa-Deus!
Cantas pontes para un arco!
Canto!
Canta auga, canta terra,
canto don!
Si entre eles eu nacín,
si entre eles me hei marchar,
si deles non hei saber,
ouh
quitalle as sombras ó sol ti, latido amigo,
quitaille ríos, regueiros e fontes á auga,
quitaille á terra,
quitaille o don que entre nós morre sin saber del,
quitaille seu noso abono,
afogade cos mares o tempo aquel que foi
noso.
Que o vento diga, que o vento diga do seu.
Non foi esto o que ela dixo.
Prendeume a terra nas súas galas dun día pouco,
cando eu iba nacendo
prendeume.

Sin saber pra onde ir nin a donde agarrarme,
de todo núa, cando dela de a feito non sabía
agarreime ó vestido da fe.
Hoxe co vestido vello xa,
voume,
voume indo.
Do camiño non me di.
As galas daquel bon día de terra volven de novo a
[min
certas, verdadeiras:
e diante con elas camiño a paso limpo.

Con este poema, remata *Verba que comenza*.
Remata a viaxe de María Mariño.

BIOGRAFÍA CRONOLÓXICA DE MARÍA MARIÑO

Letras Galegas
María Mariño Carou
2007

1900-1918	María Mariño	Contexto histórico e das mulleres	Referencias literarias
	1907. Nace María Mariño Carou o 8 de xuño. Fillla de Filomena Carou Lado (costureira) e de Xosé Mariño Pais (zapateiro). Viven no número 8 da rúa Cega de Noia. Ten tres irmáns maiores: María de la Concepción, (1898), Emilio (1901) e Cándido (1902), e unha que nacerá despois, Asunción (1908). María Mariño e as súas irmás traballarán desde moi novas como costureiras. 1910. María era coñecida como “María a costureira”, e tamén como “María a fiscal”, parece ser que pola ocupación que tivera o pai como fiscal de paz de Noia. Casan no pazo das Torres de Goiáns Consuelo Carou, tía de María Mariño empregada no pazo, e Vicente Martínez Martínez, home de confianza do propietario. Testemuñas lembran a María Mariño como unha moza reservada, misteriosa, que gozaba coa natureza e tiña unha gran vontade de superación.	1901. Morte da raíña Victoria de Inglaterra e emperatriz da India. 1881-1902. En España, rexencia de María Cristina de Habsburgo. Reinado de Alfonso XIII (1902-1931) Noia ten unha poboación de tres mil habitantes. A vida da vila xira arredor da pesca, do comercio e da artesanía. Galicia vive a odisea da emigración transatlántica. Entre 1901 e 1910, saen de Galicia 400.064 persoas. Auxe da industria conserveira en Galicia que se fornece de man de obra feminina. 1907. Estrea do Himno Galego, no Teatro Tacón da Habana. Movemento agrarista (Solidaridad Gallega). As mulleres participan activamente nas mobilizacións agrarias e sindicais. Manuela González morre na folga xeral de maio de 1901, da Coruña. 1910. Manifestación en Noia contra a subida dos impostos. Gran represión por parte da Garda Civil. Morte dunha moza de dezaseis anos e dun mariñeiro. 1916. Nos sucesos de Nebra (Porto do Son) morren, entre outras mulleres, Francisca Carou, Ramona Suárez e Rosa Naveira. Nacen as Irmandades da Fala. I GUERRA MUNDIAL (1914-1918) 1917. Fortes manifestacións das obreiras do téxtil en Rusia dan lugar aos primeiros gromos da Revolución Rusa.	1902. Nace Maruxa Mallo en Viveiro. Dolores Fernández e Primitiva Ageitos forman parte das compañías teatrais de Noia. 1903. Marie Curie, Premio Nobel de Física. 1904-1905. Carmen López-Cortón, membro da Institución Libre de Enseñanza. 1905. Bertha von Suttner, Premio Nobel da Paz. 1907. A futura Mary Isaura insálase en Compostela co firme propósito de ser cantante de ópera, malia que a profesión de artista non estaba ben considerada socialmente. Homenaxe a Concepción Arenal na Coruña. Emilia Pardo Bazán estaba presente. Primeira Conferencia da Internacional Socialista de Mulleres (Stuttgart, Alemaña). 1909. Selma Lagerlöf, Premio Nobel de Literatura 1909. <i>Insurrección das 20.000</i>, Nova York. Melloras laborais na industria téxtil. 1910. En España, a muller consegue o dereito de matrícula na universidade sen a obriga do permiso paterno. 1911. Marie Curie, Premio Nobel de Química. Primeira celebración do Día Internacional da Muller. 1913. Elisa e M.^a del Carmen Fernández de la Vega, primeiras alumnas da carreira de Medicina da USC. 1914. Reivindicación da paz no Día Internacional da Muller (Rosa Luxemburgo e Alexandra Kollontai). Folga de fame de Mary Richardson, feminista

1900-1918 8161-0061	María Mariño	Contexto histórico	Historia das mulleres
		Revolución Rusa. Historia das mulleres	inglesa. Foi obrigada a alimentarse pola forza. Nace Hildegart Rodríguez Carballeira. 1915. María Barbeito é directora da Escola da Garda da Coruña. Asasinato de Rosa Luxemburgo en Berlín. 1916. <i>De la guerra. Crónicas de Polonia y de Rusia</i>, de Sofía Casanova, correspondente da RAG que escribe sobre a I Guerra Mundial. 1917. <i>De la revolución en 1917</i>, de Sofía Casanova.

1900-1918 8161-0061	Referencias literarias
	Renovación do discurso literario polas Irmandades da Fala. A Xeración Nós e Os Novecentistas. 1900. Filomena Dato Muruais, presidenta dos Xogos Florais de Lugo. 1906. Fundación da Real Academia Galega. Emilia Pardo Bazán estivo implicada na súa xénese. Nos seus primeiros momentos, contaba con numerosas académicas correspondentes: Filomena Dato, Carmen Beceiro de Pato, Sofía Casanova, Emilia Calé, Sarah Lorenzana, Clara Corral Aller, Rita Corral Aller, Elisa Lestache de Caramelo, Ramona de la Peña y Salvador, Mercedes Vieito, Hipólita Muiño, Fanny Garrido, Carolina Micaelis de Vasconcelos, Mercedes Tella e María Vinyal. 1913. <i>Sorrisas e Bágoas</i>, de Francisca Herrera Garrido (poesía). 1915. <i>Almas de muller... volallas na luz!</i>, de Francisca Herrera Garrido (poesía). 1916. Fúndanse As Irmandades da Fala, na Coruña. Sae o voceiro das Irmandades da Fala, <i>A Nosa Terra</i>. 1917. Homenaxe a Rosalía en Compostela, inauguración do monumento da Ferradura. Este acto pode simbolizar o inicio da mistificación e beatificación que o poder dominante procurou para a figura de Rosalía de Castro, santa e resignada, enfermiza e romántica. Tardaríanse anos en revitalizar a muller renovadora e revolucionaria que escribía á marxe.

1918-1936	María Mariño	Contexto histórico	Historia das mulleres
	1918. A epidemia da gripe española produce gran mortalidade en Noia. 1919. Concha, a irmá de María, casa cun mariño vasco e marcha a vivir a Biscaia. 1926. A familia Mariño Carou trasládase a Escarabote (Boiro). O matrimonio formado por Consuelo Carou, tía de María e Vicente Martínez, herda o pazo de Goiáns, o que supón un abeiro ante as dificultades económicas que atravesara a familia. Na biblioteca do pazo, María Mariño accede ás primeiras lecturas, tal como testemuña o seu curmán, C. Martínez Carou. Agrafoxo (2007. 40).	Reinado de Alfonso XIII (1902-1931) 1906. Atentado frustrado contra Afonso XIII. 1909. Semana Tráxica de Barcelona. Execución de Francisco Ferrer Guardia, defensor da Escola Moderna. 1918. 70 veciños da zona vella de Noia morren infectados pola gripe española. O número de mortos en todo o mundo no ano 1919 estímase en 50 millóns. Asemblea Nacionalista de Lugo. 1921. Constitúese a Federación de Sociedades Gallegas, en Bos Aires. 1922. Sucesos de Sobredo (Tui), nos que unha das vítimas é Cándida Rodríguez. Fundación na Habana do Comité Revolucionario Arredista Galego. Nace a Irmandade Nazonalista Galega. 1922-1926. Diario <i>Galicia</i>. Ditadura de Primo de Rivera (1923-1930) 1923. Fundación da Confederación Regional Galaica, da CNT. Fundación do Seminario de Estudos Galegos no Pazo de Ortoño. 1924-1960. Diario <i>El Pueblo Gallego</i>. 1929. Fundación da ORGA. 1931. Fúndase o Partido Galeguista en Pontevedra. II República (1931-1936)	Incremento da emigración feminina (Maruxa Villanueva, Maruxa Boga, Carmen Cornes, María Muñoz...). 1918. A Asemblea Nacionalista de Lugo reconece a igualdade da muller. 1921. Morre Emilia Pardo Bazán. 1922. Nacen Mariví Villaverde e María Casares. 1928. Olimpia Valencia abre un consultorio xinecolóxico na rúa Príncipe de Vigo. Acadará un gran prestixio. Sigrid Undset, Premio Nobel de Literatura. 1929. Virginia Woolf escribe <i>A room of one's own</i>. <i>Una mujer moderna ante el problema eugenésico</i>, de Hildegart Rodríguez. 1930. <i>Limitación de la prole</i>, de Hildegart Rodríguez. 1931. Jane Addams, Nobel da Paz. Clara Campoamor, Victoria Kent, Margarita Nelken, Matilde de la Torre, Veneranda García Blanco, María Lejárraga, Julia Álvarez Resano e Dolores Ibarruri, parlamentarias durante os gobernos da II República. <i>El problema sexual tratado por una mujer española</i>, de Hildegart Rodríguez. <i>Profilaxis anticoncepcional. Paternidad voluntaria</i>, de Hildegart Rodríguez. 1932. Josefa Iglesias Vilarelle publica <i>Método de lectura</i>, primeiro en galego. <i>¿Se equivocó Marx?</i>, de Hildegart Rodríguez. 1933. Primeiras eleccións xerais en España con participación feminina.

	María Mariño	Contexto histórico	Historia das mulleres
1918-1936		Establécense dereitos como o sufraxio universal, a igualdade de homes e mulleres na familia, o matrimonio civil e o divorcio. 1934. Revolución de Asturias. 1936. Estatuto de autonomía de Galicia.	<i>Historia de la prostitución</i>, de Hildegart Rodríguez. Aurora Rodríguez mata a súa filla Hildegart. 1935. Irène Joliot-Curie, Premio Nobel de Química. 1936. María Miramontes, Genoveva Casal e Placeres Castellanos, entre outras, traballan a prol do estatuto de autonomía. Federica Montseny é a primeira muller ministra dun goberno en España. 1938. As pintoras M.^a Dolores Díaz Baliño e M.^a Carmen Corredoira ingresan na RAG de Belas Artes. 1939. Julia Minguíñón comeza a pintar Escola de Doloritas.

	Referencias literarias
1918-1936	1919. <i>Flores do noso paxareco</i>, de Francisca Herrera Garrido (poesía). Conservatorio Nazonal de Arte Galega. 1920. <i>Néveda</i>, de Francisca Herrera Garrido (narrativa). Primeiro número da revista <i>Nós</i>. 1921. Publícase <i>A muller galega</i>, de Francisca Herrera. Nace a editorial Céltiga. 1922. <i>A y-alma da Míngos</i>, de Francisca Herrera Garrido (narrativa). Manifesto Máis Alá! 1923. Sofía Casanova, primeira correspondente de guerra galega proposta para o Premio Nobel de Literatura. 1924. Nace a editorial Lar. 1925. <i>Martes d'antroido e A neta da naipeira</i>, de Francisca Herrera Garrido (narrativa). 1926. Morre Filomena Dato Muruais na Coruña. Nesta cidade, dedícaselle unha homenaxe na que participa María Barbeito. 1936. Primeira Asociación de Escritores de Galicia.

1936-1950	María Mariño	Contexto histórico	Historia das mulleres
	1936. Os primeiros días do Golpe de Estado, María Mariño emigra a Berango, Euskadi. Trasládase á casa da súa irmá, Concha. Axuda nas tarefas do fogar e cose polas casas. Memoria das terribles experiencias da guerra é a obra <i>Los años pobres. Memorias de guerra y posguerra</i> (inérita ao prelo desta cronoloxía). 1938. Regresa a Escarabote. Abre un parvulario e coñece a Roberto Pose Carballido, mestre da escola. 1939. Casa na igrexa de Santiago de Lampón (Boiro) con Roberto. Falsifica a súa verdadeira idade. 1943. O matrimonio marcha a Arzúa polo destino de Roberto. María axúdalle coas clases. 1945. Novo destino de Roberto (Elantxobe). 1946. Regreso de Euskadi, pasa o verán nas minas de San Fins de Lousame coa súa nai e co seu irmán Emilio. Parto do seu fillo Roberto, que morre ao mes e medio de nacer. É mestra na escola de Fruime (Lousame) desde 1916 Antonia de la Torre, gran pedagoga, que posúe unha boa biblioteca. Destino de Roberto en Romeor do Courel. Morre Filomena Carou Lado, nai da poeta, en Romeor do Courel. É soterrada en Esperante.	1936. Apróbase o Estatuto de autonomía de Galicia. GUERRA CIVIL (1936-1939) 1936. Dolores Ibárruri convoca a unidade das forzas republicanas e de esquerdas fronte ás tropas fascistas, coa frase: "Antes morir de pie que vivir de rodillas". As tropas franquistas inician crúas ofensivas contra Euskadi. En Berango, ten lugar unha das contendas máis violentas. Nacen en Madrid as Milicias Gallegas. Acondiciónanse os edificios da Illa de San Simón, como "colonia penitenciaria", un campo de concentración que funcionou ata 1943. 1937. Cerco de Bilbao. A Lexión Cóndor de Hitler destrúe Guernika. Nace en Barcelona <i>Nova Galicia. Boletín de escritores antifascistas</i>. Congreso Internacional de Escritores Antifascistas en Valencia. Participan M.^a Teresa León, Carmen Muñoz e Anna Seghers. O balance oficial de mortos da Guerra Civil foi de medio millón. A esa cifra hai que engadirlle a das vítimas da represión. Inicio da guerrilla. II GUERRA MUNDIAL (1939-1945) 1940. Creación do BDST (Batallones Disciplinarios de Soldados Trabajadores), presos políticos que realizaron,	1936-1939. Suprímense os dereitos acadados polas mulleres durante a II República. 1936. Asasinan a Juana Capdevielle. O seu corpo aparece no monte da Gándara, nas proximidades de Rábade. Outras mulleres son asasinadas (Mercedes Romero), condenadas ao cárcere (Urania Mella, Elvira Bao), sometidas ao escarnio público (Carmen Lage, Sebastiana Villar Gascón) ou desprovistas dos seus bens e traballos (Ana M.^a Alvájar, María Barbeito). Algunhas exiliadas galegas foron Mariví Villaverde, María Casares, Xira Alonso, M.^a Araújo, Ascensión Concheiro, María Miramontes... 1939. Fusilamento o 5 de agosto das Trece Rosas. Uníronse á guerrilla, entre outras, Joaquina Dorado Pita, Clementina Gallego, Enriqueta Otero... Na resistencia contra os nazis participaron, entre outras galegas, Placeres Castellanos, Mercedes Núñez, Paquita Colomer. 1943. É executada a estudante Sophie Scholl, activista antinazi do movemento A Rosa Branca. 1945. Gabriela Mistral, Premio Nobel de Literatura. Liberación do campo de concentración nazi de Ravensbrück, onde se atopaba Mercedes Núñez. 1946. Emily Greene Balch, Premio Nobel da Paz. 1947. Gerty Cori. Premio Nobel de Medicina. 1948. É asasinada nunha emboscada a enlace da guerrilla,

	María Mariño	Contexto histórico	Historia das mulleres
1936-1950	1947. Morre Emilio, o irmán no lugar das Casas Baratas das minas de San Fins. María sofre unha fonda depresión e, por consello médico, van vivir a Parada do Courel, na casa escola, onde Roberto exerce a súa profesión.	entre outras obras, o aeroporto de Lavacolla. 56.125.274 vítimas de morte entre civís e militares na II Guerra Mundial. 1941. Fundación de Astao. 1943. Fundación de Fenosa. 1944. Constitución do Consello de Galicia no exilio. 1945. Remata a febre do volframio, mineral necesario para o armamento dos nazis.	Manuela Sánchez, ao enfrontarse á Garda Civil para salvar os fuxidos que tiña na súa casa en Cesuras. Será lembrada en poemas de Lorenzo Varela e Rafael Alberti. 1949. Simone de Beauvoir publica <i>Le Deuxième Sexe</i>.

	Referencias literarias
1936-1950	Imposibilidade de continuar a produción cultural en Galicia. A literatura galega e a defensa de Galicia sobreviven no exilio. Creación dunha infraestrutura cultural no exilio. Editoriais (Citania, Ed. Nova), publicacións periódicas, emisións radiofónicas e revistas (<i>Galeuzca</i>, <i>Galicia Emigrante</i>, <i>Vieiros...</i>). 1941. Maruxa Villanueva leva ao teatro <i>Os vellos non deben de namorase</i>, de Castelao. 1943. <i>Queixas</i>, de Áurea Lorenzo Abeijón (poesía, publicada en Bos Aires). 1945. A RAG elixe membro numerario a Francisca Herrera Garrido, primeira muller que acada esa distinción. Morreu sen ter formalizada a súa entrada. 1947. Primeiras emisións en galego da BBC. 1949. Nacen as editoriais Monterrey (Vigo) e Bibliófilos Gallegos (Santiago). 1949-1950. Suplemento cultural dos sábados do diario de Compostela <i>La Noche</i>.

	María Mariño	Contexto histórico	Historia das mulleres
1936-1950	En Parada do Courel coñece a Uxío Novoneyra. 1957. Empeza o seu traballo literario. 1960. Otero Pedrayo escribe o limiar para <i>Palabra no tempo</i>. 1961. Raimundo García Borobó publica “María Mariño. Invención de Novoneyra”. 1963. Publicación de <i>Palabra no tempo</i> (ed. Celta). A súa obra foi incluída na Xeración do 36. Ánxel Fole publica o artigo “Grave silencio enchido”. 1964. Arcadio López Casanova publica <i>A palabra alcendida, de María Mariño</i>. L. Trabazo publica <i>María Mariño. Voz de la nueva poesía gallega</i>. J. Traperro Pardo publica <i>Palabra no tempo</i>. F. Umbral publica. <i>Palabra no tempo, de María Mariño</i>. 1965. Méndez Ferrín publica <i>A poesía de María Mariño, I. Un idioma novo</i>. Méndez Ferrín publica <i>A poesía de María Mariño, 2. Un idioma novo</i>. Ánxel Fole publica <i>Grata visita</i>. 1966. María Mariño escribe febrilmente os poemas de <i>Verba que comenza</i>. Novoneyra cítala nun poema de <i>Elegía el Caurel y otros poemas</i>. Carmen Blanco dá a coñecer a “Elexía previa a María Mariño”, de Uxío Novoneyra.	1955. España ingresa na ONU. 1956. I Congreso da Emigración Galega en Bos Aires. 1958. Nace o Grupo Brais Pinto en Madrid. 1958. Instalación de Celulosas de Pontevedra. 1963. Fundación do PSG. 1964. Fundación da UPG. 1965. Mobilizacións contra o encoro de Castrelo de Miño. Comezou coa “Rebelión dos fouciños” das mulleres. 1968. Mobilización estudantil en Compostela. 1968. Constitución do PCG. 1972. Grandes folgas en Vigo e Ferrol. Morren o 10 de marzo nunha manifestación en Ferrol Amador Rei Rodríguez e Daniel Niebla García. 1972. Carta de Brest. 1972. Pacto pola liberdade. 1973. Morre en atentado de ETA Carrero Blanco. 1974-1977. Concepción Cid Limia fala galego na emisión <i>De Ribadeo a Tui</i>, de Radio Pirenaica. 1974. Xunta Democrática en Galicia. 1.º fascículo da <i>Gran Enciclopedia Gallega</i>. 1975. Mobilizacións a prol da amnistía. Morre Franco. Juan Carlos é proclamado rei de España.	1954. Isabel Gómez é unha importante xogadora de baloncesto (1954-1976). Máxima encestadora durante 15 ligas. 1955. Marina de la Peña Novas ingresa en Radio Nacional da Coruña. Foi unha das locutoras máis populares durante 30 anos. Presentou, entre outros programas, “Desfile de Estrellas”. 1958. Morre Sofía Casnova en Poznan (Polonia). 1962. Magdalena Díaz dirixe a Agrupación Noyesa Tespis. 1963. Maria Goeppert-Mayer, Nobel de Física. Betty Fridman publica <i>The feminine mystique</i>. 1964. Dorothy Crowfoot Hodgkin, Nobel de Química. 1966. Nelly Sachs, Nobel de Literatura. 1968. Movemento Democrático da Muller Galega. Nanda del Castillo bate oito marcas rexionais nos campionatos de España de natación. A atleta Josefina Delgado establece nos anos 70 dezaseis marcas. 1970. Morre Janice Joplin. 1971. Derradeira exposición de pinturas de Concha Vázquez, no Hostal dos Reis Católicos. 1975. Federación de Organizaciones Feministas. Ano Internacional da Muller. Anos 70. Emerxencia do movemento feminista no contexto internacional. 1973. En EE UU promúlgase a regulación xurídica do dereito ao aborto.

	María Mariño	Contexto histórico	Historia das mulleres
1936-1950	1967. Morre María Mariño o 19 de maio na casa-escola de Parada do Courel. Uxío Novoneyra publica “Apología póstuma, María Mariño Carou ha muerto”. 1970. Victoria Armesto publica o artigo “Maruja”. Miguel González Garcés publica o artigo “La poesía de María Mariño”.		1976-1985. Decenio das Nacións Unidas para as Mulleres.

	Referencias literarias
1936-1950	1950-1975. Recuperación da literatura galega. 1950. Morte de Francisca Herrera Garrido. Fúndase a editorial Galaxia. 1951. Emisión dos primeiros programas de radio en galego, <i>Sempre en Galicia</i>, en Montevideo. 1952. <i>O paxaro na boca</i>, de Luz Pozo Garza (poesía). Pura Vázquez publica <i>Íntimas</i>. Colección Xistral de Poesía. 1955. Publicación de <i>Maturidade</i>, de Pura Vázquez (poesía). 1956. <i>Cantigas do vento</i>, de María do Carme Kruckenberg (poesía). Publícase <i>Do Sulco</i>, de Xohana Torres (poesía). 1962. <i>Canaval de ouro</i>, de María do Carme Kruckenberg. 1963. Celebración do primeiro Día das Letras Galegas, dedicado a Rosalía. 1965. <i>A Orella no buraco</i>, de M.^a Xosé Queizán (narrativa). <i>A outra banda do Íber</i>, de Xohana Torres (teatro). <i>A saudade y otros poemas</i>, de Pura Vázquez. Fundación da Asociación Cultural O Facho. Nacemento das Edicións do Castro. Revista <i>Grial</i>.

Referencias literarias

1936-1950

1967. Fundación das Asociación Cultural Auriense e Amigos da Cultura.
1968. *Bergantiñá*, de Dora Vázquez (poesía).
Un hotel de primavera sobre o río, de Xohana Torres (teatro).
Polo mar van as sardiñas, de Xohana Torres (literatura infantil).
1969. *Un poema cada mes*, de Dora Vázquez (poesía).
1970. *Irmá* (edición bilingüe), de Dora Vázquez (poesía).
Parolar cun eu, cun intre, cun inseuto, de Margarita Ledo (poesía).
Adiós, María, de Xohana Torres (narrativa).
1971. *O desacougo*, de Pura Vázquez (poesía).
1972. *Alalás*, de Helena Villar Janeiro (poesía).
Tres cadros de teatro galego, de Dora Vázquez (teatro).
1973. *O corvo érguese cedo*, de Margarita Ledo Andián (poesía).
Mar adiante, de María Victoria Moreno (narrativa).
1974. *Monicreques*, de Dora e Pura Vázquez (teatro).

	María Mariño	Contexto histórico	Historia das mulleres
1950-1975	1974. Podemos ler no libro de Uxío Novoneyra <i>Os eidos</i> 2, a dedicatoria “A María Mariño Carou para sempre no Courel”. 1976. Aparecen versos de María Mariño na escolma de poesía, <i>Poesía Gallega de Posguerra 1936-1975</i>, Miguel González Garcés. 1979. Podemos ler en <i>Poemas caligráficos</i> de Uxío Novoneyra o texto “Vietnan Canto”, no que se convoca a María Mariño. 1982. A Asociación de Escritores en Lingua Galega dedícalle a Semana das Letras Galegas a María Mariño. Artigos sobre María Mariño nun especial para as letras galegas, de <i>A Nosa Terra</i>. “María Mariño, a gran descoñecida”, n.º 189-190. Entre eles, está o artigo de Uxío Novoneyra que a ía caracterizar en moitos aspectos. “María Mariño Carou, noíesa do Courel. Dinamiteira da fala”. En <i>Dorna</i> sae unha separata sobre María Mariño, “Apoloxía de María Mariño Carou”. 1983. Homenaxe a María Mariño, “María Mariño Carou”, en <i>Carabela de Xiada</i>. A Asociación Cultural Catavento organiza unha homenaxe e coloca unha placa na casa natal de María Mariño. Xoel Gómez fai unha reportaxe sobre o acto da Asociación Cultural Catavento, para <i>La Voz de Galicia</i>, 24-X-1983. 1984. Acto de desagravio á figura de María Mariño, Asociación Cultural Catavento, Noia.	1976. Disólvense as Cortes franquistas e apróbase a Lei de reforma política. Constitución do Consello de Forzas Políticas Galegas e da Táboa Democrática. Nace a revista <i>Teima</i>. 1977. Ocupación das Encrobas. Eleccións xerais democráticas Goberno de UCD. Non formaban parte del mulleres. Reaparece en Galicia o semanario <i>A Nosa Terra</i>. Margarita Ledo é a súa directora. Nace a Escola Dramática Galega. Nace a revista <i>Encrucillada</i>. 1978. Constitución española. 1980. Constitución da Mesa de Forzas Políticas Galegas (BNPG e PSG). Estatuto de autonomía de Galicia. Mobilización contra o Decreto de bilingüismo. 1981. Intento de golpe de Estado de Tejero. Restáurase o dereito ao divorcio. Primeiras eleccións ao Parlamento galego. Gaña AP. Constitución de Esquerda Galega. 1982. O PSOE gaña as eleccións xerais españolas con maioría absoluta. 1983. Apróbase a Lei de normalización lingüística.	1976. Creación da Asociación Galega da Muller (AGM). Betty Williams e Mairead Corrigan reciben o Nobel da Paz. Fúndase a revista <i>Vindicación Feminista</i>. 1977. Rosalyn Yalow obtén o Nobel de Medicina. Creación da Asociación Democrática da Muller Galega. 1978. Creación de Feministas Independentes Galegas (FIGA). Creación da Asamblea Feminista de Lugo. 1980. Primeira Mostra Individual de Maruxa Mallo, en Compostela. 1980. A ceramista Elena Colmeiro elabora o mural do aeroporto de Santiago de Compostela. 1981. O primeiro Parlamento galego conta con 3 deputadas. 1982. Maruxa Mallo, Medalla de Ouro do Ministerio de Cultura. Sae a revista <i>A Saia</i>. Alva Myrdal, Nobel da Paz. A partir de 1982, conmemoracións mundiais en contra da violencia contra as mulleres. 1983. Primeiro número da revista feminista <i>Andaina</i>. Fúndanse os grupos de mulleres da universidade (GMU). Créase o Instituto da Muller, adscrito ao Ministerio de Cultura. Barbara McClintock, Nobel de Medicina. Regúlase a Lei do aborto, limitado a determinados supostos; desde entón, colectivos feministas reclaman a súa ampliación. 1986. Olga Gallego Domínguez ingresa na RAG. Morre en Vigo Mercedes Núñez. 1987. Fúndase Mulheres Nacionalistas Galegas. Morre Marguerite Yourcenar.

Referencias literarias

1950-1975

1975. Consolidación da literatura galega escrita por mulleres.
1975. *Campo e mar aberto*, de Dora Vázquez (literatura infantil).
Os ríolos neneiros, de Pura e Dora Vázquez (literatura infantil).
Os novísimos da poesía galega, de María Victoria Moreno (antoloxía poética, onde se inclúen poemas de Margarita Ledo).
1976. *Últimas palabras/Verbas derradeiras*, de Luz Pozo Garza (edición bilingüe) (poesía).
Publícase *A sombra ergueita*, de María do Carme Kruckemberg (poesía).
1977. *A muller en Galicia*, de María Xosé Queizán (ensaio).
Cravo Fondo, de Helena Villar Janeiro (poesía).
1978. *Dúas novelas galegas*, de Pura e Dora Vázquez (narrativa).
1980. *Recuperemos as mans*, de María Xosé Queizán (ensaio).
Entre Lusco e Fusco, de Pilar Pallarés (poesía).
Estacións ao mar, de Xohana Torres (poesía).
Nace Edicións Xerais de Galicia.
1981. *A muller galega no ensino. A muller e a cultura*, de María Xosé Queizán (ensaio).
Concerto de outono, de Luz Pozo Garza.
Nace a editorial Sotelo Blanco.
Fúndase a revista *Dorna*.
1982. *Prensa e galeguismo*, de Margarita Ledo (ensaio).
1983. *Mamá-Fe*, de Margarita Ledo (narrativa).
Sae a revista dedicada á poesía escrita por mulleres, *Festa da Palabra Silenciada*.
1984. *Sétima soidade*, de Pilar Pallarés (poesía).
Amantía, de María Xosé Queizán (narrativa).
De amor e desamor I, Antoloxía de poetas entre os que se inclúe Pilar Pallarés.
1985. *Viaxe ao país dos contos e da poesía*, de Dora Vázquez (literatura infantil).
De amor e desamor II, antoloxía de poetas entre os que se inclúe Pilar Pallarés.
O día que choveu de noite, de Helena Villar Janeiro (literatura infantil).
Rosalía no espello, de Helena Villar Janeiro (poesía).
Nace a editorial Ir Indo.

	María Mariño	Contexto histórico	Historia das mulleres
1976-2006	1984. Cesar Antonio Molina publica <i>Antología de la Poesía Gallega Contemporánea</i> (Ediciones Júcar). María Mariño é a única muller antologada. Méndez Ferrín publica <i>De Pondal a Novoneyra</i>, e sitúa no discurso poético galego a María Mariño. 1985. En <i>Os eidos. Libro do Courel</i> de Uxío Novoneyra podemos ler o poema que vai converter para sempre os ollos da poeta nos ollos da cor do ucedo. 1988. Carmen Blanco publica “A figura literaria de María Mariño Carou”, en <i>Boletín Galego da Literatura</i>, n.º 2. 1990. O Concello de Noia publica o libro homenaxe, <i>Verba que comenza</i>. Nel atópase o poema de Avilés de Taramancos, “O veleiro María Mariño naufraga nos montes do Caurel”. Publicanse os relatos-canto, “5 poemas inéditos de María Mariño”, en <i>A Trabe de Ouro</i> 2. <i>A Nosa Terra</i> reedita o artigo de 1982, “María Mariño, noíesa do Caurel. Dinamiteira da fala” (n.º 448). 1991. Carmen Blanco publica o libro <i>Literatura Galega de Muller</i>, que contén un capítulo enteiro dedicado a María Mariño. 1994. Edicións Xerais edita a obra completa de María Mariño, preparada e introducida por Victoria Sanjurjo.	1984. RTVG inicia a súa programación. Referendo da OTAN en España. 1986. O PSOE gaña as eleccións xerais. Entrada de España na U. E. Mobilizacións agrarias. 1987. Moción de censura e Goberno tripartito en Galicia. 1988. Créase o Consello da Cultura Galega. 1989. O PP gaña as eleccións á Xunta de Galicia. Nas eleccións xerais, o PSOE gaña, pero perde a maioría absoluta. Caída do muro de Berlín e dos réximes comunistas en Europa central e oriental. Créase o Instituto Galego de Artes Escénicas. Créanse as universidades da Coruña e Vigo. 1990. Guerra do Golfo. Manifestación agraria en Santiago de Compostela. Disolución da URSS. Fúndase Edicións Positivas. 1991. Tratado de Maastrich. 1992. Marea negra nas Rías Altas polo <i>Egean Sea</i>. 1993. O PP gaña as eleccións autonómicas e xerais. 1994. Créase o CRPIH. Fúndase a CIG. Manifestacións conta a cota do leite. Folga xeral. Seguimento masivo en Galicia. 1996. O PP gaña as eleccións xerais españolas.	1985. Fúndase Alecrín. 1986. Rita Levi-Montalcini obtén o Nobel de Medicina. 1987. Exposición da obra de Elena Fernández Gago, na Coruña. 1988. Pilar Vázquez Cuesta, catedrática de Lingua e Literatura Portuguesas, da Universidade de Santiago. Gertrude B. Elion obtén o Nobel de Medicina. 1991. Nadine Gordimer obtén o Nobel de Literatura. Aung San Suu Kyi, Nobel da Paz. 1992. Maruxa Mallo, Medalla de Ouro da Xunta de Galicia. Exposición monográfica da obra pictórica de Victoria Fuente Alonso. Mary Cruz Mato Iglesias é coordinadora Institucional do CSIC en Galicia (1992-2002). Rigoberta Menchú obtén o Nobel da Paz. 1993. Inauguración do Centro Galego de Arte Contemporánea, cunha mostra antolóxica de Maruxa Mallo. Créase o Instituto Universitario de Estudos sobre la Mujer en Madrid. Toni Morrison obtén o Nobel de Literatura. 1995. Morre Maruxa Mallo en Madrid. Christiane Nüsslein-Volhard obtén o Nobel de Medicina. 1996. Luz Pozo Garza ingresa na RAG. Morre en París a actriz María Casares. Wisława Szymborska, Nobel de Literatura.

	María Mariño	Contexto histórico	Historia das mulleres
1976-2006	1995. No <i>Diccionario da literatura galega. I. Autores</i> (Dolores Vilavedra, dir.), voz dedicada a María Mariño. 1997. <i>A Festa da Palabra Silenciada</i> dedica parte do número 13 a María Mariño. 1998. Manuel María publica “Breve lembranza de María Mariño Carou”, en <i>Casa da Gramática</i>, 1. Libro de conversas de Novoneyra con Emilio Araújo, titulado <i>Dos sonhos teimosos</i>, Novoneyra volve falar da obra e da figura de María Mariño.	Nace o portal galego <i>Vieiros</i>. A RAG publica o <i>Mapa Sociolingüístico de Galicia</i> (1994-1996). Nace a revista <i>Enclave</i>. 1997. O PP revalida a súa maioría absoluta nas eleccións galegas. Nace a revista <i>Tempos Novos</i>.	A nai Teresa obtén o Nobel da Paz. Concédenlle a María Casares a Medalla Castelao da Xunta de Galicia. Morre sen poder recollela. 1997. Jody Williams obtén o Nobel da Paz. Inmaculada Paz Andrade ingresa na Academia de Ciencias Matemáticas, Físico-Químicas e Naturais.

	Referencias literarias
1976-2006	1986. <i>Trasalba ou violeta e o militar morto</i>, de Margarita Ledo (narrativa). <i>Cantigas para un tempo esquecido</i>, de M.^a do Carme Kruckenberg (poesía). <i>O segredo da Pedra Figueira</i>, María Xosé Queizán (narrativa xuvenil). <i>Leonardo e os fontaneiros</i>, de María Victoria Moreno (literatura infantil). <i>A festa no faiado</i>, de María Victoria Moreno (literatura infantil). <i>Códice Calixtino</i>, de Luz Pozo Garza (poesía). <i>Denuncia do equilibrio</i>, de Xela Arias (poesía). 1987. Francisca Helena Garrido é a figura homenaxeada pola RAG en 1987 no Día das Letras Galegas. <i>Palabra de Mar</i>, de Ana Romaní (poesía). <i>Viaxe á illa redonda</i>, de Helena Villar Janeiro (literatura infantil). 1988. Luísa Castro publica <i>Baleas e Baleas</i> (poesía). <i>A semellanza</i>, de María Xosé Queizán (narrativa). <i>O rei de nada</i>, de Sabela Álvarez (literatura infantil). Nace a Editorial Toxosoutos. 1989. <i>Evidencias</i>, de María Xosé Queizán (ensaio). <i>Antígona</i>, a forza do sangue de María Xosé Queizán (teatro). <i>Anagnórise</i>, de María Victoria Moreno (literatura infantil). <i>O cataventos</i>, de María Victoria Moreno (literatura infantil). <i>Patapau</i>, de Helena Villar Janeiro (literatura infantil). <i>Pericles e a balea</i>, de Xohana Torres (literatura infantil). <i>Concerto para un home só</i>, de Luísa Villalta (teatro).

Referencias literarias

1976-2006

- Festa da palabra* (An Anthology of Contemporary Galician Women Poets), por Kathleen N. March.
1990. *Tigres coma cabalos*, de Xela Arias (poesía).
Porta blindada, de Margarita Ledo (narrativa).
O Representante, de Luísa Villalta (teatro).
Nace A Nosa Terra Edicións.
1991. *Viaxe a Terra Santa* de Exeria (crónica de viaxes).
Literatura galega de muller, de Carmen Blanco (ensaio).
Rosas na sombra (A poesía de Luís Pimentel), de Pilar Pallarés (ensaio).
Antoloxía (poesía galega) 1952-1971, de Pura Vázquez.
Metáfora da metáfora, de María Xosé Queizán (poesía).
Uranía, de Chus Pato (poesía).
Música reservada, de Luísa Villalta (poesía).
Fafarraios, de Gloria Sánchez (literatura infantil).
O paseo das esfínxes, de Luísa Villalta (teatro).
O galego e as leis. Aproximación sociolingüística, de M.^a do Pilar García Negro (ensaio).
Fundación de Edicións Laiovento.
Fundación de Espiral Maior (1991).
1992. *Palabra de muller*, coordinada por Camiño Noia Antoloxía poética.
Escritoras galegas, de Carmen Blanco (ensaio).
O don Hamlet de Cunqueiro. Unha ecuación teatral, de Luísa Villalta (ensaio).
Tempo de ría, de Xohana Torres (poesía).
Tras as portas do rostro, de Marica Campo (poesía).
Prometo a flor de loto, de Luz Pozo Garza (poesía).
A xeito de antoloxía (edición bilingüe), de Dora Vázquez (poesía).
Verbas na hedra do vento, de Pura Vázquez (poesía).
Alegoría do ensoño ferido, de M.^a do Carme Kruckenberg (poesía).
Silencio, ensaiamos, de Luísa Villalta (narrativa).
1994. *Libros de mulleres*, de Carmen Blanco (ensaio).
Elevar as pálpebras, de Yolanda Castaño (poesía).
Se digo Ourense, de Pura Vázquez (poesía).
Desmemoriado río, de Pura Vázquez (poesía).
A carón de min (Nova Antoloxía Poética), de Pura Vázquez (poesía).
Fóra de min, de María Xosé Queizán (poesía).
Das últimas mareas, de Ana Romaní (poesía).
Heloísa, de Chus Pato (poesía).
Flor de tan mal xardín, de Isolda Santiago (poesía).
Pé mais eu, de Gloria Sánchez (literatura infantil).
303 Adiviñas, de Gloria Sánchez (literatura infantil).

	María Mariño	Contexto histórico	Historia das mulleres
1976-2006	2004. Xerardo Agrafoxo publica <i>María Mariño, unha noiosa esquecida</i>, froito da IV Semana da Historia de Noia. Homenaxe a Avilés de Taramancos, en <i>Casa da Gramática</i>, a revista que nace no Instituto Virxe do Mar de Noia. “María Mariño. 97 aniversario do seu nacemento”. Estas foron as I Xornadas de Homenaxe á Poeta. 2005. II Xornadas en Noia de Homenaxe á Poeta en xuño. Publícase <i>Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza I</i>, en Boiro. 2006. III Xornadas organizadas en Noia ao redor da poeta. Inauguración da rúa María Mariño en Noia. A RAG acorda dedicarlle a María Mariño o Día das Letras Galegas de 2007. Xerais reedita <i>María Mariño. Obra completa</i> de V. Sanjurjo Fernández. A <i>Festa da Palabra Silenciada</i> dedícalle un número especial a María Mariño. 2007. Conmemoración do Día das Letras Galegas dedicado a María Mariño. É a terceira muller homenaxeada pola RAG. Xerardo Agrafoxo publica a esperada <i>Biografía de María Mariño</i> (Editorial Galaxia). Manuel Forcadela elabora o documental. <i>María Mariño. A flor das raparigas en sombra</i>.	2001. Nova maioría absoluta do PP en Galicia. 2002. Desastre ecolóxico na costa de Galicia polo naufraxio do <i>Prestige</i>. Mobilización cidadá en contra da xestión da catástrofe. Nace a plataforma Nunca Máis. Folga xeral con seguimento masivo. 2003. Guerra de Iraq. Mobilizacións en contra da guerra e críticas ao Goberno polo apoio á intervención. 2004. Atentado do 11 de marzo en Madrid. O PSOE gaña as eleccións xerais españolas. 2005. Goberno de coalición PSOE-BNG na Xunta de Galicia.	1997. Vitoria Armesto recibe a Medalla Castelao. 2000. Creación da Cátedra Caixanova de Estudos Feministas. Mercedes Peón publica o seu primeiro disco, <i>Isué</i>. Mostra antolóxica da obra de M.^a Antonia Dans Boado. 2001. Eva Lloréns ilustra <i>Pedinche a Lus Prestada</i>, de Marica Campo. Xohana Torres ingresa na RAG. 2003. Shirin Ebadi obtén o Nobel da Paz. 2004. Creación dunha Sección de Filosofía e Pensamento, na que se inclúe unha Comisión Técnica de Xénero, no Consello da Cultura Galega. Primeiro goberno paritario no Estado. Por primeira vez, hai unha vicepresidenta do Goberno. Wangari Maathai obtén o Nobel da Paz. Linda B. Buck obtén o Nobel de Medicina. Elfriede Jelinek, Nobel de Literatura. 2005. Goberno paritario na Xunta. O Parlamento galego está presidido por unha muller. Creación na Xunta de Galicia dunha Vicepresidencia de Igualdade. Apróbase a Carta das Mulleres. 2006. Debut do dúo Sete Saias co álbum <i>Capítulo 0</i>. Morre Betty Friedan, precursora do movemento feminista.

	María Mariño	Contexto histórico	Historia das mulleres
1976-2006	Carmen Blanco publica <i>María Mariño. Vida e obra</i> (Edicións Xerais). Patricia Arias publica <i>Antoloxía poética de María Mariño</i> (Editorial Galaxia). M.^a do Pilar García Negro publica <i>María Mariño no ronsel das escritoras galegas</i> (Editorial Laivento). Entrada dedicada a María Mariño no <i>Dicionario de Mulleres Galegas</i>, publicado por Aurora Marco (Promocións Culturais Galegas).		2007. O Consello de Ministros aproba a Lei orgánica para a igualdade efectiva entre mulleres e homes. Rosa Cedrón publica o seu primeiro disco en solitario, <i>Entre dous mares</i>, con letras dela mesma e, entre outros, de Yolanda Castaño.

	Referencias literarias
1976-2006	1995. <i>O contradiscurso das mulleres</i>, de Carmen Blanco (ensaio). <i>Escrita da certeza. Por un feminismo optimista</i>, de María Xosé Queizán (ensaio). <i>Nais, damas, prostitutas e feirantes</i>, de Carmen Blanco (ensaio). <i>Mulleres e independencia</i>, de Carmen Blanco (ensaio). <i>Orballa en tempo lento</i>, de Pura Vázquez (poesía). <i>Poesía de Pura Vázquez</i> (inclúe poemas en galego e en español), de Pura Vázquez (poesía). <i>Fascinio</i>, de Chus Pato (poesía). <i>Ruído</i>, de Luísa Villalta (poesía). <i>Rota ao interior do ollo</i>, de Luísa Villalta (poesía). <i>Pornografía</i>, de Lupe Gómez (poesía). <i>O solpor da cupletista</i>, de María Xosé Queizán (narrativa). 1996. <i>Darío a diario</i>, de Xela Arias (poesía). <i>Livro das devoracións</i>, de Pilar Pallarés (poesía). <i>Humidosas</i>, de Emma Couceiro (poesía). <i>Pel de ameixa</i>, de Marta da Costa (poesía). <i>Nínive</i>, de Chus Pato (poesía). <i>Alta Casa</i>, de Helena de Carlos (poesía). <i>A Ponte das Poldras</i>, de Chus Pato (poesía). <i>Diálogos con Rosalía</i>, de Luz Pozo Garza (poesía). <i>Vida Secreta de Rosalía</i>, de Luz Pozo Garza (poesía). <i>A malpocadiña. Memorias</i>, de Dora Vázquez (narrativa). <i>Os Aldán foron a América</i>, de Pura Vázquez (narrativa). <i>Confusión e morte de María Balteira</i>, de Marica Campo (narrativa).

Referencias literarias

1976-2006

- Ondas do mar de Vigo. Erotismo e conciencia mítica nas cantigas de amigo*, de Luz Pozo Garza (ensaio).
I Encontro de Poetas Peninsulares e das Illas. Celebrado en Vigo. Organizado por FIGA.
1997. *Vivimos no ciclo das erofanías*, de Yolanda Castaño (poesía).
Madeixas debandando, de Dora Vázquez (poesía).
Meditación á beira da noite. Verán de 1927, de M.^a do Carme Kruckemberg (poesía).
A primeira visión, de María Lado (poesía).
Nós nós, de Olga Novo (poesía).
Amizade con Mowgli, de Cristal Méndez Queizán.
Sete casas, sete bruxas e un ovo, de Gloria Sánchez (literatura infantil).
Teoría de xogos, de Luísa Villalta (narrativa).
O prognóstico da lúa, de Marga do Val (narrativa).
O neotrobadorismo, de Teresa López (ensaio).
1998. *As entrañas horas*, de Emma Couceiro (poesía).
Delicia, de Yolanda Castaño (poesía).
Setembro, de Marta da Costa (poesía).
Arden, de Ana Romaní (poesía).
O estadio do espello, de María do Cebreiro (poesía).
Rendóme no tempo, de Medos Romero (poesía).
Berce das estampas, de Isolda Santiago (poesía).
Misoxinia e racismo na poesía de Pondal, de María Xosé Queizán (ensaio).
Manual para unha pequena meiga, de Gloria Sánchez (literatura infantil).
Nace a Editorial Kalandraka.
1999. *Paisaxes do baleiro*, de Eva Veiga (poesía).
Poemas sen resposta, de M.^a do Carme Kruckemberg (poesía).
Yazz Espido, de M.^a do Carme Kruckemberg (poesía).
Album de fotos, de Helena Villar Janeiro (poesía).
Nas hedras da clepsidra, de Helena Villar Janeiro (poesía).
A teta sobre o sol, de Olga Novo (poesía).
1999, de Helena de Carlos (poesía).
Ámome en por min, de Medos Romero (poesía).
Diario bautismal dunha anarquista morta, de Emma Pedreira (poesía).
Os teus dedos na miña braga con regra, de Lupe Gómez (poesía).
Terra matria dos sonhos. Memoria, de Pura Vázquez (narrativa).
Teatro feroz, de Gloria Sánchez (literatura infantil).
A casa de vidro do Señor Clin, de Gloria Sánchez (literatura infantil).
A brétema, de María Victoria Moreno (literatura infantil).
Historia da literatura galega, de Dolores Vilavedra (ensaio).
O outro lado da música, a poesía, de Luísa Villalta (ensaio).
Sempre en galego, de M.^a do Pilar García Negro (ensaio).
As certezaas de Ofelia, de Luísa Villalta (teatro).
- 2000 *Pedinche a luz prestada*, de Marica Campo (poesía).
Edénica, de Yolanda Castaño (poesía).
Obra poética case completa, de M.^a do Carme Kruckemberg (poesía).
Magnalia, de Olga Novo (poesía).
M-Talá, de Chus Pato (poesía).
O peso da derrota, de Medos Romero (poesía).
Grimorio, de Emma Pedreira (poesía).
Poesía Fea, de Lupe Gómez (poesía).
Cascas de noz, de Beatriz da Costa (narrativa).

Referencias literarias

1976-2006

Ten o seu punto a fresca rosa, de María Xosé Queizán (narrativa).
Dubido se matei a Lena, de Medos Romero (narrativa).
O home do impermeable amarelo, de Gloria Sánchez (literatura infantil).
Sementeira de ronseis. Cinco poetas da vangarda, de Teresa López (ensaio).
Dereitos lingüísticos e poder político, de M.^a do Pilar García Negro (ensaio).

2003 *Intempériome*, de Xela Arias.
Morte, de Xela Arias.

2004 *Morte* de Luísa Villalta
En Concreto, de Luísa Villalta (poesía) (publicación póstuma).

2005 *Morte* de María Victoria Moreno.
O libro das columnas, de Luísa Villalta (columnas publicadas no xornal *A Nosa Terra*).

BIBLIOGRAFÍA

Letras Galegas
maria marino carou
2007

OBRA DE MARÍA MARIÑO CAROU

Mariño Carou, M. (1963): *Palabra no tempo*. Lugo: Ediciones Celta.

Mariño Carou, M. (1990): *Verba que comeza*. Noia: Concello de Noia.

——— (1994): *María Mariño. Obra completa*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia. Edición de V. Sanjurjo Fernández.

——— (2006): *María Mariño. Obra completa*. Vigo: Xerais. Edición de V. Sanjurjo Fernández.

BIBLIOGRAFÍA SOBRE MARÍA MARIÑO

Agrafoxo, X. (2004): “María Mariño: unha noiesa esquecida”, IV Semana da Historia de Noia. Homenaxe a Avilés de Taramancos. Noia: Casa da Gramática, pp. 27-37.

Agrafoxo, X. (2006): *Biografía de María Mariño*. Vigo: Galaxia.

Anónimo (1982): “María Mariño, a gran descoñecida”, *A Nosa Terra*, n.º 189-190.

Anónimo (1983): “María Mariño Carou”, *Carabela de Xiada*, n.º 1. Pp. 3-4.

Arias, P. (2007): *Antoloxía poética de María Mariño*. Vigo: Galaxia.

Armesto, V. (1970): “O espello na man. Maruja”, *La Voz de Galicia*. 24-X-70.

Blanco, C. (1989): “A figura literaria de María Mariño Carou”, *Boletín galego de literatura* 2. Pp. 41-57.

——— (1991): “María Mariño”, *Literatura galega de muller*. Vigo: Xerais, pp. 233-274.

——— (2006): *Sexo e lugar*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

——— (2007): *María Mariño. Vida e obra*. Vigo: Xerais.

Borobó (García Domínguez, R.) (1961): “María Mariño. Invención de Novoneyra”, *La Noche*. 16-III-1961

Carballo Calero, R. (1981): *Historia da literatura galega*. Vigo: Editorial Galaxia, 6.ª edición.

Fernández del Riego, F. (1984): *Historia da literatura galega*. Vigo: Editorial Galaxia.

Fole, A. (1963): “Grave silencio enchido”, *Hoja del Lunes*. 30-XII-63.

Fonte, R. (1974): “Mariño Carou, María”, *GEG*. Gijón: Silverio Cañada editor.

Forcadela, M. (2007): *A flor das raparigas en sombra* (documental).

García Negro, M.ª P. (2007): *María Mariño noonsel das escritoras galegas*. Santiago de Compostela: Editorial Laiovento.

González Garcés, M. (1970): “La poesía de María Mariño”, *La Voz de Galicia*. 16-VIII-1970.

——— (1976): *Poesía gallega de posguerra 1936-1975*. O Castro: Edicións do Castro.

López Casanova, A. (1964): “A palabra alcendida de María Mariño”, *Grial*, n.º 3.

- Manuel María (1998): "Breve lembranza de María Mariño Carou", *Casa da Gramática*, 1.
- Marco López, A. (2007): *Dicionario de mulleres galegas. Das orixes ata 1975*. Secretaría Xeral de Igualdade-Promocións Culturais Galegas.
- Méndez Ferrín, X. L. (1965): "A poesía de María Mariño, I. Un idioma novo", *La Noche*. 25-II-1965.
- (1965): "A poesía de María Mariño, 2. Un idioma novo", *La Noche*. 2-III-1965.
- (1984): "De Pondal a Novoneyra". Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Molina, C. A. (1984): *Antología de la poesía gallega contemporánea*. Barcelona: Ediciones Júcar.
- Novoneyra, U. (1967): "Apología póstuma, María Mariño Carou ha muerto", *La Voz de Galicia*. 11-VI-1967.
- (1979): *Poemas caligráficos*. Madrid: Brais Pinto.
- (1982): "Aploxía de María Mariño Carou", *Dorna*, separata 3.
- (1982): "María Mariño Carou, noiesa do Caurel. Dinamiteira da fala", *A Nosa Terra*. Pp. 189-190.
- (1985): *Os eidos. Libro do Courel*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- (1990): "Inéditos de María Mariño", *A Trabe de Ouro*, 2. Pp. 295-302.
- (1990): *Os Eidos*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- (1998): *Dos soños teimosos* (conversa con Emilio Araújo). Santiago de Compostela: Ed. Noitarenga.
- Otero Pedrayo, R. (1963): "Prólogo", *Palabra no Tempo*. Lugo: Ediciones Celta, pp. 7-10.
- Romaní, A. (2005): "María Mariño. Lucas e sombras e Noia", *Barbantia. Anuario de estudos do Barbanza*, 1. Boiro: Asociación Cultural Barbantia, pp. 175-179.
- Sanjurjo, V. (2006): "Introdución", *María Mariño. Obra completa*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, pp. 7-56.
- Tarrío Varela, A. (1980): *Literatura Gallega*. Madrid: Editorial Taurus.
- Trabazo, L. (1964): "María Mariño: voz de la nueva poesía gallega", *La Voz de Galicia*. 24-I-1964.
- Trapero Pardo, J. (1964): "Palabra no tempo", *El Progreso*. 2-II-1964.
- Umbral, F. (1963-1964): "Palabra no tempo de María Mariño", *Revista de Poesía Española*. Madrid.
- Vázquez Vázquez, P. (2005): "María Mariño, a rede no vacío", en *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, 1. Boiro: Asociación Cultural Barbantia, pp. 181-191.
- Vilavedra, D. (coord.) (2004): *Diccionario da literatura galega. I Autores*. Vigo: Galaxia.
- Villar, Miro (1990): "María Mariño, noiesa do Courel. Dinamiteira da fala", *A Nosa Terra*. 11-X-1990.
- VV.AA. (1997): *Festa da Palabra Silenciada*, 13 (Especial María Mariño e I Encontro de Poetas Peninsulares e das Illas).
- VV.AA. (2006): *Festa da Palabra Silenciada*, 21 (Monográfico María Mariño).
- VV.AA. (1999-): *Enciclopedia galega universal: EGU*. Vigo: Ir Indo, vol. 11.

ACTIVIDADES XERAIS

Letras Galegas
Maria Marino Carou
2007

ACTIVIDADES

A continuación, ofrecemos unha serie de ideas para traballar nos diferentes departamentos, relacionadas coa muller na historia, a muller na escrita e a literatura galega.

Se te fixas na cronoloxía precedente, as referencias literarias rematan practicamente no ano 2000. Despois, só se dan indicacións que fan referencia á morte de escritoras para indicar o remate obrigado do seu ciclo formativo. Os demais datos podes procuralos ti, consultando os catálogos das diferentes editoriais. Deste xeito, invitámoste a que fagas un estudo da proporción de obras de escritores e escritoras en cada ano.

De seguido, outras actividades.

DEPARTAMENTO DE LATÍN E GREGO. AULAS DE LATÍN, GREGO E CULTURA CLÁSICA

En 1991 (Edicións Xerais), publicouse en galego a tradución de *Itinerarium* ou *Pergrinatio ad loca sancta* de Exeria. O libro titulouse *Exeria viaxe a Terra Santa*, o responsable da tradución, da introdución e das notas foi X. Eduardo López Pereira. Propoñemos:

Realizar unha investigación sobre a identidade de Exeria e contestar a seguinte pregunta: é Exeria a primeira escritora galega?

Elaborar unha relación de escritoras da cultura clásica e procurar a súa presenza na literatura galega (en citas de poemas, por exemplo). É interesante buscar na rede información sobre a poeta Safo. Procura, a través da entrada <http://centros.edu.xunta.es/portal/index.php>, informa-

ción de traballos realizados que fan referencia a esta escritora en diferentes centros de ensino, por exemplo do CPI San Sadurniño (San Sadurniño), do IES Xulián Magariños (Negreira).

Procura en *Con pólvora e magnolias*, de Méndez Ferrín, o poema que comeza: "Erguede, dixo Safo".

Na novela *Amantia*, de María Xosé Queizán, Exeria aparece como personaxe. Podedes buscar información sobre a novela e lela na aula.

Sería interesante procurar poemas da literatura clásica con temática da natureza e da paisaxe, por exemplo de Virxilio, e relacionalos cos poemas de María Mariño.

Podedes afondar no tema da presenza de Penélope na literatura galega. Consultade este artigo:

NOGUEIRA PÉREZ, M. X.: "De vangardas e Penélopes. A intertextualidade na poesía galega dos noventa", *Madrygal* (Madrid) 9: 93-102.

DEPARTAMENTOS DE XEOGRAFÍA E HISTORIA. DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

Facédelle unha pequena homenaxe a Isolina Muíños Bua, unha pedagoga moi preocupada pola xeografía que, en 1914, en Pontevedra, publicou *Atlas de geografía general y regional para ejercicios prácticos en las escuelas*, que constaba de 11 láminas con mapas mudos para seren cubertos polo alumnado. Procurade un mapa mudo de Galicia e situade nel os lugares que teñen relación coa vida de María Mariño.

Na aula, podedes preparar un mural sobre a presenza da man de obra feminina nas fábricas de conservas e outras industrias auxiliares, como fábricas de envasado, etc. Podes consultar o número 18 da *Festa da Palabra* (2003).

Investigade sobre a importancia que tivo nas primeiras décadas do século XX a industria turística vinculada cos baños de praia.

Recomendamos a lectura do libro *Tres tempos e a esperanza*, de Mariví Villaverde (Edicións A Nosa Terra, 2002), obra autobiográfica na que, nunha primeira parte, a autora evoca a súa infancia feliz na praia Compostela, de Vilagarcía.

Buscade información sobre as mámoas e petróglifos catalogados no Courel e na comarca da Barbanza.

DEPARTAMENTO DE CIENCIAS NATURAIS

Procurade información sobre as minas de volframio e localizádeas nun mapa. Quen controlaba economicamente as minas?

Busca información sobre a explotación de xacementos de caolín en Galicia. Pódeslle dedicar un apartado á Real Fábrica de Sargadelos.

Procura información sobre a explotación mineira do ferro. Localiza as minas de Fontebarrosa, de Bouzallo de San Miguel, da Cova da Tinta, da Cova do Avión, Cova das Choias no Courel. Fíxate na importancia da toponimia. Procura topónimos relacionados con esta actividade.

DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA

Facede un estudo das características dialectais do galego da vosa zona.

Atopades algunha característica común co bloque e área lingüística á que pertence a fala de Noia? E coa do Courel?

Reparade na antoloxía de textos que vos ofrecemos de María Mariño e procurade nos seus poemas as desviacións da norma: dialectalismos, vulgarismos, arcaísmos e hipergaleguismos.

Buscade información sobre as palabras que descoñezades engadindo sinónimos.

Utilizando a cronoloxía, facede unha reflexión sobre a incorporación da muller á escrita a partir dos anos oitenta. Que factores sociais influíron neste feito?

Procurade obras femininas que pertencen a todos os xéneros literarios. De que temáticas fundamentais se ocupou o ensaio escrito por mulleres?

Recolle información nos xornais sobre María Mariño e, sobre todo, na Semana das Letras Galegas.

Quen cres que axudou realmente a valorizar a obra de María Mariño? Fíxate nos traballos desenvolvidos por escritores como Novoneyra, Méndez Ferrín e Manuel María, nas achegas feitas desde o feminismo e nas asociacións e persoas de Noia.

Propoñémosvos os seguintes temas para unha mesa redonda:

María Mariño no ronsel das escritoras galegas. Rosalía en María Mariño. María Mariño na escrita actual.

Influencia da personalidade e da obra de Uxío Novoneyra en María Mariño. A poética de María Mariño desde Novoneyra.

A morte presentida na poesía galega: María Mariño, Eusebio Lorenzo e Lois Pereiro.

Lembrade que sempre se pode consultar a páxina da Biblioteca Virtual Galega: <http://bvg.udc.es/index.jsp>.

Analizade os libros de texto e facede un estudo da presenza da muller nestes.

DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA ESPAÑOLA

Organizade unha pequena exposición sobre mulleres escritoras nadas en Galicia. Distribuíde a información outorgándolle un cartel a cada escritora. Sería interesante que figurasen os seguintes datos: fotografía, breve currículo persoal, obras principais e algún pequeno texto dalgunha obra.

Propoñémosche algúns nomes: Manuela María Cambrón de La Peña, Emilia Calé, Eduarda Feijoo de Mendoza, Fanny Garrido, Emilia Pardo Bazán, Sofía Casanova, Sarah Lorenzana (pseudónimo: Margarita del campo), Margarita Astray Reguera, Carmen Beceiro, Margarita Losada, Helena Quiroga, Concha Castroviejo, Julia Uceda, Camen Pallares, Blanca Andreu, Luísa Castro.

Podedes consultar as seguintes fontes:

- MARCO, A (1993): "As precursoras", *La Voz de Galicia*.
- MARCO, A (2007): *Diccionario de Mulleres Galegas*, Secretaría Xeral de Igualdade, Promocións Culturais Galegas.

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

Imaxinade a María Mariño vivindo no Courel desde 1948 ata 1967 e, coa axuda do profesorado de música, contestade as seguintes preguntas:

Que música se podía escoitar pola radio?

Que compositores galegos coñecería María Mariño?

Que compositoras galegas viviron na época de María Mariño?

Que intérpretes musicais galegas viviron na súa época?

Onde se podía escoitar música en Galicia dos anos corenta aos anos cincuenta?

Cando se comezou a aprender música na escola?

Procura un poema de María Mariño que che gustaría que se cantase. Explica a razón da escolla.

Que letras de cancións galegas coñeces escritas por mulleres?

Fai unha redacción sobre a presenza da muller na música galega.

Podías indicar o nome de traballos discográficos de:

Mercedes Peón
Susana Seivane
Uxía
Marfull
Carme Dios
Estíbaliz Espinosa
Nordestinas
Rosa Cedrón
A Quenlla
Fuxan os ventos
Jarotas de Ribeira

Na música rap que se produce actualmente en Galicia, atopas diferenzas no uso da lingua segundo o xénero das persoas que integran os grupos? Un exemplo que pode axudarche son os grupos Jarotas de Ribeira e Dios ke te Krew. Analiza a lingua dun e doutro grupo.

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

Exercicio de cómputo silábico. Recitade poemas de María Mariño e analizade estatisticamente os versos que escolle.

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

Preparade unha aula especial. Procurade poemas de María Mariño e traballade facendo debuxos sobre eles.

Coa axuda do profesorado, buscade información sobre pintoras galegas de todos os tempos.

Tratade de contestar as seguintes preguntas:

Que pintora galega ilustrou a *Revista de Occidente*?

Que pintora galega ilustrou o poemario de Chus Pato, *Fascíneo*?

Que escritora e que fotógrafa colaboraron xuntas nun libro que leva por título *Papagaio*?

Indica con que materiais traballan as seguintes escultoras:

Teresa Gómez
 Mercedes Cabada
 Helena Colmeiro
 Márgara Hernández Smet
 Cuqui Piñeiro

Que pintoras galegas, por vivir no mesmo tempo, poderían coñecer a María Mariño?

-Novos poemas que dialoguen coa poesía da autora de Noia.

Sobre a época de María Mariño (1900-1970)

A muller escritora na literatura española.
 A muller escritora na literatura portuguesa.
 A muller escritora na literatura francesa.
 A muller escritora na literatura inglesa.
 A muller escritora noutras literaturas.
 A muller na política.
 A muller na ciencia.

Sobre carteis colocade as fotografías, o nome, as obras.

Utilizando os catálogos das editoriais, procurade información:

-Sobre a literatura universal traducida ao galego escrita por mulleres.

-Sobre a literatura universal traducida ao galego por mulleres.

Desde o Departamento de Orientación, preparade unha mesa redonda sobre a evolución da educación en España en relación coa educación das mulleres.

ACTIVIDADES CONXUNTAS

Organizade no voso centro unha exposición co seguinte material:

-Debuxos sobre a obra de María Mariño.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística